Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da atención ás solicitudes aprobadas no Concello de Cee referidas á mellora e á ampliación de servizos no Hospital Virxe da Xunqueira

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60614 (11/POC-011052)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre as peticións do Centro de Atención a Persoas con Discapacidade da Coruña en relación coa dotación de persoal e co benestar das persoas residentes, así como sobre as previsións da Xunta no referido aos ingresos neste tipo de centros de persoas con patoloxías psiquiátricas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60619 (11/POC-011053)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e 2 máis

Sobre a demanda asistencial rexistrada no PAC da rúa Pizarro, en Vigo, durante este verán e as medidas que prevé poñer en marcha a Xunta de Galicia para afrontar no futuro estes incrementos da carga de traballo

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60623 (11/POC-011054)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a actividade e o orzamento de Redemar, as accións e os proxectos que se están a desenvolver no seu marco e aqueles susceptibles de propoñerse ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 60627 (11/POC-011055)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis



Sobre a denegación do acceso dos tripulantes da frota galega de palangre de superficie a exencións fiscais recollidas na Lei 35/2006, do IRPF, e as medidas que tomou ou pensa tomar o Goberno galego para conseguir a súa aplicación

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 60632 (11/POC-011056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre o funcionamento da empresa adxudicataria responsable da actividade e do mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galicia e o control exercido pola Xunta de Galicia do cumprimento dos contratos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 60638 (11/POC-011057)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón e 2 máis

Sobre os novos parques eólicos que se están a autorizar e cales teñen como punto de acceso e conexión os nós de transición xusta das Pontes e Meirama

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 60650 (11/POC-011058)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración que fai a Xunta de Galicia das necesidades de atención pediátrica no concello de Valga e as súas previsións neste aspecto, así como respecto da vinculación entre o mantemento de servizos básicos e a fixación de poboación no rural

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 60656 (11/POC-011059)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as valoracións que fai a Xunta de Galicia respecto do informe do Tribunal de Contas Europeo sobre a enerxía renovable mariña e da posibilidade de que se reformule a súa implantación atendendo aos factores socioeconómicos e ambientais

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 60662 (11/POC-011060)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo e Castro Rey, Paloma

Sobre os informes que manexa o Goberno galego da situación da poboación de morcegos en Galicia, como especie que cumpre importantes funcións ecolóxicas, e o impacto dos parques eólicos na súa conservación

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 60671 (11/POC-011061)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



González Iglesias, Carmela e 2 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego e as accións que puxo ou vai poñer en marcha ante o anuncio dunha regulación de emprego en Nueva Pescanova e as posibles consecuencias da venda da empresa

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

2. Elección e composición do Parlamento, réxime e goberno interior, organización e funcionamento

2.4. Organización e funcionamento do Parlamento

2.4.3. Convocatorias

Sesión plenaria (día 9 de outubro de 2023, ás 10.00 horas)

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 9 de outubro de 2023, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 3 de outubro de 2023, a orde do día da sesión é a seguinte:

Punto único. Debate anual sobre política xeral: Comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para informar e debater respecto da situación política da Comunidade Autónoma de Galicia (doc. núm. 59922, 11/DEBA-000002)

Santiago de Compostela, 3 de outubro de 2023

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación da pregunta para a resposta oral en comisión núm. 47412, 11/POC-008852 (BOPG 443, do 27.01.2023), reconvertida en pregunta para a resposta por escrito núm. 47412, 11/PRE-019092 (BOPG 533, do 28.07.2023)

Advertido un erro material no extracto do contido da pregunta para resposta oral en comisión núm. 47412, publicada no BOPG núm. 443, do 27.01.2023, que foi reconvertida en pregunta para a resposta por escrito núm. 47412, 11/PRE-019092, publicada a reconvención no BOPG núm. 533, do 28.07.2023, procédese á súa corrección nos seguintes termos:



No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 443, do 27 de xaneiro de 2023, na páx. 172481

Onde di:

«- 47412 (11/POC-008852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e outros

Sobre a necesidade de dotar o concello da Estrada dun centro de día»

Debe dicir:

«- 47412 (11/POC-008852)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e outros

Sobre a introdución de cláusulas de igualdade na normativa galega para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento o 13 de marzo de 2019»

No *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 533, do 28 de xullo de 2023, na páx.202701

Onde di:

«- 47412 (11/PRE-019092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e outros

Sobre a necesidade de dotar o concello da Estrada dun centro de día»

Debe dicir:

«- 47412 (11/PRE-019092)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e outros

Sobre a introdución de cláusulas de igualdade na normativa galega para dar cumprimento ao acordo adoptado polo Parlamento o 13 de marzo de 2019»

Santiago de Compostela, 2 de outubro de 2023

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Case a metade das familias galegas chega con dificultades a fin de mes e, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, esa porcentaxe de familias está en aumento e tendo que tomar a decisión de reducir os seus gastos, incluso de alimentación, por un incremento dos prezos que é superior en Galicia fronte á media do Estado.

O goberno da Xunta debe garantir que a cidadanía galega poida adquirir unha axeitada cesta de consumo, porque unha mala ou insuficiente alimentación repercute no benestar e na calidade de vida das persoas.

Tras trece anos de encarecemento consecutivo dos alimentos, os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o ano 2022 reflicten que o consumo per cápita en alimentos reduciuse nun 9 % en Galicia, con caídas preocupantes en hortalizas, froita e produtos do mar: no 2022, en media, cada galego comprou 50 quilos menos de comida que no ano anterior, pero pagou case o mesmo debido á suba dos prezos.

Coa situación actual, estímase que a inflación dos alimentos custa 1,2 millóns ao día ás familias galegas neste 2023, de xeito que o gasto en alimentación dos galegos e das galegas sube un 10 % pese a consumir menos. No último



ano e medio, o prezo dos alimentos en Galicia acumulou un alza do 21 %. O incremento dos prezos de produtos como azucre (nun 48.7 %), aceite (nun 33 %), carne de porco (13 %) ou leite (12 %) reflicte a intensidade da situación que afecta ao consumo das familias.

O Goberno galego debe axudar a fortalecer o poder adquisitivo das familias, loitar contra o risco de exclusión e garantir que todas as familias galegas poidan ter acceso a un axeitado consumo de alimentos. Non obstante, a Xunta de Galicia retirou a tarxeta básica e non tomou medidas relevantes axeitadas ás circunstancias existentes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Realizar un estudo detallado sobre a evolución da cesta do consumo das familias galegas, con especial atención ao consumo en alimentación, analizando o risco de exclusión das familias e os efectos para nenos e nenas.
- Desenvolver un programa de axuda ao consumo das familias galegas, que incorpore a recuperación da tarxeta básica e se complemente con outras medidas que aporten solucións ás familias en circunstancias vulnerables.
- Ampliar as prazas de comedores escolares nos centros nos que sexa necesario e establecer a gratuidade dos comedores.
- Desenvolver unha política económica que fomente o emprego de calidade e mellore as rendas percibidas polos fogares galegos.
- Adoptar medidas que alivien ás familias de gastos existentes, tal e como volver ao sistema de libros de texto gratuítos e establecer as primeiras matrículas gratuítas nas universidades públicas galegas.



- Mellorar as rendas de inserción do IMV e da RISGA en Galicia.
- Incrementar o complemento autonómico das pensións non contributivas.

Santiago de Compostela, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2023 12:36:19

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2023 12:36:30

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2023 12:36:41



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A enquisa de poboación activa (EPA) do mes de xullo de 2023 pon de manifesto que o 31.7 % dos traballadores/as das administracións públicas en Galicia, unhas 61.400 persoas, ten un contrato temporal.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público perfilou unha senda de procesos de estabilización de prazas que tivo que seguirse despois no eido autonómico coa Lei autonómica 5/2022, de 21 de decembro.

Dado que a lei estatal fixa que as administracións públicas deben reducir a súa temporalidade co obxectivo de situarse nunha taxa máxima do 8% ao inicio de 2025, o goberno da Xunta debe actuar de xeito eficiente para dar solución á problemática de tantos traballadores e traballadoras que levan anos na administración pública sufrindo a falla de estabilidade.

Sobre todo porque, no caso de Galicia, a porcentaxe de traballadores con contrato temporal na administración pública é a mesma de hai un ano, un 31.7%, pero son 700 persoas a maiores as que se atopan nesta situación de falla de estabilidade. Mentres tanto, en España o índice ten caído dende o 32.4



ao 31.1% e máis de 21.000 persoas saíron do apartado dos contratos temporais.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a elaborar un informe no prazo de 20 días no que se recollan e detallen:

- O estado de situación da temporalidade do emprego público vinculado á Xunta de Galicia e as perspectivas de evolución.
- O estado de situación das convocatorias e procesos de estabilización de prazas derivados da Lei 5/2022 de 21 de decembro de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia, que seguiu á Lei estatal 20/2021, de 28 de decembro.

Santiago de Compostela, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2023 12:44:24

Paloma Castro Rey na data 22/09/2023 12:44:33

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2023 12:44:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2023 12:44:51





A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Begoña Freire Vázquez, José Manuel Balseiro Orol, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Belén Salido Maroño, José Luis Ferro Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O urbanismo responsable debe ser unha tarefa de todos e, en consecuencia, todas as administracións deben apostar por impulsar un urbanismo ordenado e sostible en todo o territorio galego.

Neste sentido, cómpre lembrar que nos últimos anos a Xunta acometeu a renovación de todo o marco normativo, comezando coa aprobación en 2016 da Lei do Solo de Galicia. Unha norma que naceu co obxectivo de dotar de seguridade xurídica ao ordenamento urbanístico da comunidade autónoma e para que todos os concellos dispuxesen dun instrumento que ordene o seu termo municipal.

Para conseguir dito obxectivo, a Lei do Solo inclúe o desenvolvemento de novos instrumentos de planeamento, como, por exemplo, o Plan Básico Autonómico, que foi aprobado en 2018, e os Plans Básicos Municipais (PBM).

Máis concretamente, os PBM son documentos de planificación urbanística básica que están destinados a municipios de menos de 5.000 habitantes que non contan con planeamento xeral. Este instrumento permite aos concellos ofrecer unha capacidade de acollida residencial e económica acorde co desenvolvemento básico dunha certa actividade urbanística.

Actualmente, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, está tramitando un total de 20 Plans Básicos Municipais (PBM), mentres que outros 4 contan con aprobación definitiva.

Dáse a circunstancia de que a gran maioría desta vintena de concellos están situados na Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS), organismo estatal que debe emitir informe sectorial no marco da tramitación deste instrumento de planeamento.





Con todo, e no marco de dita tramitación, o Goberno galego ten indicado que está atopando numerosos inconvenientes con respecto a estes informes do organismo de conca, que están sendo emitidos con atraso e fóra de prazo.

Ou que, por outra banda, ditos informes inclúen criterios restritivos que impiden o seu cumprimento por parte de pequenos concellos, que se caracterizan por contar con poucos recursos e por ter deficiencias nas súas redes de abastecemento e saneamento.

Unha situación que, na práctica, está paralizano e atrasando a aprobación destes instrumentos de planeamento e, polo tanto, prexudicando a estes concellos de menos de 5.000 habitantes que están pendentes de ordenación urbanística.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a esixir ao Goberno de España que garanta que os informes sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño-Sil relativos aos Plans Básicos Municipais sexan emitidos en prazo e inclúan criterios que teñan en conta a realidade das redes de abastecemento e saneamento destes concellos de menos de 5.000 habitantes”.

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 22/09/2023 13:24:17

Freire Vázquez, María Begoña na data 22/09/2023 13:24:32

José Manuel Balseiro Orol na data 22/09/2023 13:24:45

Carmen María Pomar Tojo na data 22/09/2023 13:25:01

Ramón Carballo Páez na data 22/09/2023 13:25:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2023 13:29:42
Nº Rexistro: 60385
Data envío: 22/09/2023 13:29:42.463

María Belén Salido Maroño na data 22/09/2023 13:25:32

José Luis Ferro Iglesias na data 22/09/2023 13:25:45

Rubén Lorenzo Gómez na data 22/09/2023 13:26:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados, **Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez** (deputado-portavoz) e **Eduardo Ojea Árias**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

Dende o principio desta lexislatura levamos trasladando a este Parlamento as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada competencia da Xunta de Galicia: retrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos, faltas de puntualidade....

Cada vez que interpelamos ao Goberno galego sobre o mal funcionamento do transporte interurbano da súa competencia sempre recibimos a mesma contestación que se trata de problemas puntuais. Pero a realidade que é moi teimuda desminte estas afirmacións da Xunta de Galicia, xa que as queixas sobre o mal funcionamento sobre o autobús interurbano son constantes ao largo destes últimos anos e ao longo e ancho do territorio galego, polo tanto, non se trata de problemas puntuais no seu funcionamento senón xa de problemas estruturais.

Na provincia de Lugo xa foron numerosas as queixas sobre a falla de respostas ás necesidades de mobilidade dos veciños e veciñas, sobre todo no que ten que ver coa comunicación do rural coa capital da provincia.



Esta semana coñeciamos as denuncias de veciños da Pobra de San Xiao en Láncara que esixían ao Goberno galego máis liñas de autobús para os rapaces que estudan en Lugo.

A situación non é nova, como advirten os familiares, pero empeorou co comezo do curso escolar. A liña de autobús que sae ás 7 da maná de Monforte de Lemos con destino Lugo é empregada por moitos rapaces de Láncara, O Páramo, Sarria ou O Corgo, para ir a cursar os seus estudos de bacharelato ou FP á capital da provincia. Teñen que se desprazaren diariamente na liña de Monbús, xa que é a única liña de transporte que os leva ata a cidade de Lugo. Este autobús que sae de Monforte de Lemos ás 7 da mañá chega ás 7:48 á Pobra de San Xiao en Láncara xa sen prazas para recoller a todos as persoas usuarias, a maioría estudantes, que se atopan na parada. Chegaron a quedar nesta parada ata 10 estudantes nestas últimas semanas, tal e como teñen advertido os propios familiares. Os estudantes que non conseguen pillar praza neste autobús vense abocados, ou ben, a coller o seguinte que é o das 9:00 da mañá e chegar tarde as súas clases, ou ben, que os seus familiares fagan quendas, se é posible por horarios de traballo, para levalos en vehículos particulares.

Os familiares destes nenos e nenas que se quedan en terra xa en Láncara, porque cómpre recordar que este autobús aínda deixa tirados a máis usuarios e usuarias por falta de prazas, xa que ata chegar a Lugo dende A Pobra de San Xiao esta liña de autobús aínda debería de recoller pasaxeiros noutras 8 paradas, non só estudantes, senón veciños e veciñas, entre os que se atopan xente de idade avanzada.

Estes familiares queren que a Xunta de Galicia os escoite, que lles dea unha solución a este problema que se está a dar e que entenden que pasa porque a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade reforce o servizo de autobús das 7



da mañá e isto pasa porque se estableza, cando menos, unha liña máis de autobús entre Monforte de Lemos e Lugo nese horario.

Ante esta situación, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a reforzar o servizo de autobús entre Monforte de Lemos e Lugo, establecendo, cando menos, unha liña máis no servizo das 7:00 da mañá.

Parlamento de Galicia, 22 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2023 13:27:54

Eduardo Ojea Arias na data 22/09/2023 13:28:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2023 13:28:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas **Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Cereixedo no concello de Cervantes conta cunha igrexa de magnífica presenza pola súa estrutura e tamaño, datada con anterioridade ao s. XV. A primeira impresión que suscita ten que ver coa falta de grandes núcleos habitados no seu entorno inmediato que dean explicación ó seu tamaño, xa que só tería sentido se un amplo número de persoas se beneficiaran de acudir aos oficios neste centro. Ben é verdade que nalgúns fontes se recolle a posibilidade de que tivera sido un Mosteiro ou referente para algún próximo, pero tamén é certo que ata hai pouco tempo atendía aos 21 lugares cos que conta a parroquia, quedando agora para atender algúns menos.

A igrexa conta cun teito de lousa que parece verse en bo estado, podemos observar unha torre de planta cadrada á que se accede dende o exterior, o templo é de planta rectangular e 3 capelas no seu lateral dereito, facendo a última de sacristía, éntrase por baixo dun vestíbulo con pía de auga bendita á esquerda e unha cruz de madeira á dereita, e pasando por baixo da tribuna da Igrexa accédese á nave principal.

O teito desta nave e das capelas é abovedado e cuberto de argamasa, o que lle permite ser abovedado. Mostra pinturas murais por todo el nun evidente e grave estado de deterioro. O mesmo podemos dicir dos dous retábulos laterais con sendas figuras de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristo e un santo, e o retábulo central está tamén en dubidoso estado, coa falta de varias figuras que contribúen a subliñar unha imaxe de abandono.

As capelas laterais están no contexto xeral da Igrexa, contando a primeira con imaxes e frescos, sendo a segunda usada de almacén de madeira de retablos deteriorados ou similar.

Ao redor desta capela está o adro con cemiterio na entrada, habendo exento outro cemiterio de factura máis moderna, e así mesmo tamén na marxe esquerda da cancela de entrada está a que fora casa reitoral nun estado ruinoso neste momento e chea de maleza.

No entorno tódolos anos se realiza unha romaría tradicional de gran éxito xa que o lugar é privilexiado con verdes prados e un río a carón.

Os entendidos falan de retablos renacentistas e barrocos que xunto con outras consideración nos fan ver que contamos cun patrimonio cultural e relixioso de gran valor, que está sen o coidado requirido e que precisaría atención inmediata e urxente para frear o deterioro e acadar o seu máximo esplendor para logo ser declarado Ben de Interese Cultural como parece que sería o adecuado, máxime cando a veciñanza está implicada nesta reivindicación

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta a:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

1. Dotar de medios materiais e humanos de xeito inmediato para a recuperación e restauración integral da Igrexa de Santiago de Cereixido no Concello de Cervantes.
2. Promover que se acondicione o entorno de acordo coa restauración da Igrexa.
3. Restaurar integralmente a casa reitoral está formando parte do cerre do adro.
4. Promover este templo como ben de interese cultural.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 09:31:39

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2023 09:31:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2023 09:32:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Noa Presas Bergantiños**, **Montserrat Prado Cores**, **Olalla Rodil Fernández** e do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, relativas á atención pediátrica no Carballiño e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a atención sanitaria da poboación infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención primaria en xeral e pediátrica en particular están a vivir un momento preocupante en Galiza como consecuencia da falta de planificación e de investimento económico por parte do goberno galego.

Durante os últimos anos o Partido Popular investiu máis de 1.200 millóns de euros menos neste servizo, e de contarmos o impacto da inflación hoxe tería 300 millóns de euros menos do que no ano 2009. Así, Galiza é a penúltima comunidade do Estado canto a investimento en atención primaria (11.8% fronte ao 14.2%) e a sexta pola cola en gasto por habitante e cuarta pola cola en gasto de persoal sanitario. Así mesmo, aínda que as asociacións profesionais estiman que nos próximos anos se xubilarán arredor de 80 pediatras, o goberno segue sen planificar o seu relevo, afondando na precariedade da asistencia pediátrica.

Unha das poboacións que vén sufrindo esta situación é a do Carballiño, que acumula problemas de cobertura da pediatría ademais de continuar necesitando o reforzo de xinecoloxía ou das matronas. Así as cousas, ata o momento estaban a contar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cunha praza e media de especialista que, ante unha xubilación, se ve reducida sen que o goberno galego faga público como vai manter e garantir o servizos para unha localidade de máis de 14.000 habitantes.

Pais e nais da zona denunciaron a finais de setembro dificultades para obter cita e suspensións do servizo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar as medidas urxentes necesarias para garantir a cobertura de todas as prazas de pediatría do Carballiño así como a planificar a cobertura do servizo en horario de tarde e urxencias e o reforzo de xinecoloxía e do servizo de matronas.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputada do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Viceportavoz do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2023 11:50:10

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2023 11:50:22

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 11:50:32

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2023 11:50:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa do deputado **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro** e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez** e **Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre o acondicionamento e habitabilidade das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2007 o Instituto Galego de Vivenda e Solo promoveu a construción de 52 vivendas no barrio de Covadonga, en Ourense, así como a urbanización do espazo. Tras varios modificados no proxecto inicial, a construción das vivendas rematou 5 anos despois do prazo inicialmente previsto, procedéndose á sinatura dos primeiros contratos de alugueiro no mes de febreiro de 2016.

Apenas uns anos despois da ocupación das vivendas o estado do inmovible evidenciaba importantes deficiencias derivadas tanto construtivas, como pola ausencia de actuacións de mantemento e conservación por parte da Xunta de Galiza.

O interior do inmovible presentaba óxidos e humidades, corredores encharcados, rochos e vivendas nas que entraba directamente a auga da choiva, cables á vista, e placas de cableado eléctrico nas que entra o auga, e mesmo servizos comúns que en ningún momento entraron a funcionar e sen que exista previsión de que o fagan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

As demandas realizadas directamente pola veciñanza, como as presentadas polo BNG atoparon sempre a mesma resposta “ todas as comunicación sobre posibles incidencias puntuais no interior das vivendas ou en zonas común foron atendidas, realizando as obras necesarias” (p.e. respostas Xunta de Galiza 5/5/22 ou 6/2/23). Manifestación da Xunta de Galiza en aberta contradición coa realidade, pois os veciños e veciñas das vivendas de promoción pública da r/ Manuel Lago de Ourense seguían padecendo os mesmos problemas derivados tanto de eivas na construción do inmoible, como da falla de mantemento.

Por fin no 2023 a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, licita a contratación de obras para a reparación de mantemento da promoción de 52 vivendas de promoción pública na r/ Manuel Lago núm. 1-3 de Ourense.

As obras contratadas, actualmente en proceso de execución e limitadas “á reparación de mantemento”, non solucionan a orixe dos problemas que atinxen á edificación, pois non inclúen traballos para a eliminación de filtracións e humidades, nin tampouco a cobertura dos patios interiores polos que entra directamente a choiva. A configuración do tellado – ou a súa ausencia -provoca que a auga da choiva caía nas persoas que agardan polo ascensor, que entre polas portas da vivendas, ou cando é intensa filtre nos garaxes e nos rochos, danando o seu contido.

Xa que logo as obras que se están a executar, logo de moitos requirimentos e reclamacións por parte da veciñanza, non son máis que unha medida “cosmética” e de mantemento, pero que non van solucionar a causa principal dos problemas que condicionan a habitabilidade dun inmoible, de recente construción e que a pesares -ou como consecuencia – dos diversos modificados de proxecto, ten importantes carencias estruturais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza á realización na promoción de 52 VPP situadas na r/ Manuel Lago 1-3 de Ourense, das obras de reforma necesarias para impedir filtracións, humidades e a caída da auga da choiva en zonas comúns, así como a posta en marcha dos servizos comúns anunciados no seu día.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 12:20:59

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2023 12:21:03

Alexandra Fernández Gómez na data 25/09/2023 12:21:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2023 12:21:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmen Aira Díaz, Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Torés, Concello de As Nogais na comarca dos Ancares na montaña lucense, a súa poboación infantil está a sufrir as consecuencias directas da falta de sensibilidade das administracións a respecto do transporte das nenas e nenos do lugar ao seu centro de ensino.

Durante máis de medio século mantívose unha liña de transporte escolar para as crianzas que ían ao colexio a Becerreá. Posteriormente estableceuse outra liña ata as Nogais polo que as familias podían escoller a cal dos colexios enviar ás súas fillas e fillos. Esta cuestión tiña todo o sentido xa que as 3 localidades Becerreá-Nogais e Torés conforman un triángulo, no que as 2 primeiras están na base a unha distancia aprox de 8km entre elas, mentres que Torés se encontra no seu vértice está equidistante a ambas localidades con 14 km de distancia a cada unha.

Hai xa 20 anos que as nenas e nenos ían maioritariamente a escola de Becerreá, hai agora mesmo 7 rapazas e rapaces, 5 dos cales acoden a Becerreá obrigatoriamente xa que cursan secundaria, mentres os 2 restantes podería escoller.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai 2 anos que reestruturaron o transporte, quitando a parada do centro de Torés, retirándoa uns centos de metros ata xusto o límite dos 2 concellos e deixándoa nunha curva extremadamente perigosa.

Consultados polos pais co servizo de mobilidade da Xunta en Lugo non lles resolveron absolutamente nada, xa que a solución que lles indicaron que solicitaran logo foilles denegada pero si se lles explicou que as arcas públicas non podía costear o gasto que supuñan estes 5 km diarios de transporte entre concellos, polo que tiñan que ser as familias as que se fixeran cargo deste gasto.

O resultado de todo isto foi que as familias e as crianzas levan dende o ano 2021 co transporte oficial que deixou a Xunta e modo que as criaturas terían que coller o bus no centro de Torés, facer os 14km ata As Nogais por unha estrada de montaña, estreita e flanqueada por precipicios en todo o seu percorrido, perigosa e máis no inverno, nas Nogais farían trasbordo para chegar pola N-VI a Becerreá, que como xa dixemos son uns 8km.

A outra alternativa que a única protectora para estas crianzas é que pais e nais se organicen como poidan para levar ás súas crianzas ata a parada de no último lugar de Becerreá lindante con Torés, isto fai que as súas fillas e fillos fagan somentes 14km por boa estrada, non teñan que transbordar e por suposto costean eles o custe de levalos.

Estas decisións que foron tomadas dende o espírito contrario á defensa do rural e ao coidado da poboación que nel habita comezando polas crianzas, son insensíbeis e deben modificarse de xeito inmediato, porque unha vez máis suliñan que o goberno da xunta considera o rural como un problema e non como unha oportunidade, por isto din que estes 2,5 km son un gasto público que non van a asumir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta a:

1. Poñer ao lugar de Torés en igualdade de condicións que outras localidades a efectos do transporte público
2. Reconsiderar a reestruturación das paradas dos buses escolares para volver ao punto do que se partiu, é dicir, a recoller ás criaturas no centro do lugar.
3. Suprimir a parada marcada uns centros de metros antes de Torés que pon en perigo ás crianzas do lugar.
4. Eliminar a obrigatoriedade de que as rapazas pola estrada das Nogais a non ser que escollan ese Centro Escolar para estudar.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Cristina Fernández Davila

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 12:52:14

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2023 12:52:23

Paulo Ríos Santomé na data 25/09/2023 12:52:31

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2023 12:52:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputado **Carmen Aira Díaz, Paulo Ríos Santomé e Cristina Fernández Davila**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai xa anos no rural da provincia de Lugo e de norte a Sur a poboación infantil e as súas familias veñen sufrindo problemas constantes porque o transporte escolar non está deseñado para cubrir as necesidades das e dos escolares.

Déronse todo tipo de casos nos que fomos facendo iniciativas que nalgún caso axudaron a resolver os problemas pero noutros foron infructuosas ou ben foron xurdindo problemáticas a posteriori.

A tónica xeral é que se fan deseños que resultan ríxidos, inamovíbeis e que en moitas ocasións poñen en serio perigo ás crianzas e noutras simplemente déixanos desprotexidos.

Cando as familias se dirixen á Xunta de Galiza a resposta maioritariamente denota a máis absoluta insensibilidade, resultando ás veces pintoresca e incluso posiblemente motivada por intereses, dos que por suposto descoñecemos a causa.

Déronse casos tan variados que sería difícil unificalos, porque van dende facer esperar ás crianzas 45 min despois de rematar o comedor ata facelos camiñar cara atrás para recoller o bus para logo volvelos levar por diante da súa casa, isto está a suceder a





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta altura, pasando por expoñelos camiñando á beira de estradas estreitas no pleno inverno, aínda sendo pequerrechas.

A ordenación das rutas e paradas de bus na Provincia de Lugo ben merece atención especial, máxime cando o transporte integrado non funciona como tal tendo unha frecuentación mínima ou residual e que non ten a mesma incidencia sobre unha persoa adulta o alonxamento dunha parada que para unha crianza.

No 99% dos casos as modificacións non terían custe algún e no 1% restante sería mínimo.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 4ª:

“O Parlamento galego insta o goberno da Xunta a:

1. Facer un estudo serio que permita saber se cada unha das rutas de transporte escolar deseñadas responden ás necesidades das crianzas e das súas familia.
2. En base a isto deseñar novas rutas e paradas de calidade en base a:
 1. Utilización dunha perspectiva de protección integral e coidado ás crianzas e cunha coherencia facilmente explicable e entendible.
 2. Establecemento, como principio, dunhas rutas que sexan aceptadas polas familias para que así poidan ser un puntal para a conciliación da vida familiar e laboral mentres incrementan a súa frecuentación.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Facer enquisas periódicas para ver o grao de satisfacción que teñen as usuarias e usuarios deste transporte e as súas familias.
4. Usar o criterio de flexibilidade para poder modificalas periodicamente segundo necesidades.”

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: Carmen Aira Díaz

Cristina Fernández Davila

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Olalla Rodil Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 13:24:50

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2023 13:24:54

Paulo Ríos Santomé na data 25/09/2023 13:25:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2023 13:25:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputada **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, sobre o incumprimento do Plan lexislativo da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 11 de xaneiro de 2021 coñeceu un “Informe sobre as previsións de elaboración de proxectos lexislativos da Xunta para 2021”, elaborado pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia.

Este informe non é accesíbel no portal de transparencia, mais o dossier informativo da citada xuntanza do Consello da Xunta di que “A Xunta impulsará a aprobación de 10 leis dun contido fundamentalmente regulador e novidoso en diferentes sectores”.

Transcorridos dous anos e nove meses, até seis leis incluídas no citado informe aínda están pendentes de aprobación, ben polo Consello da Xunta ou ben polo Parlamento. É o caso das normas referidas á arquitectura, artesanía, estatística, aprendizaxe ao longo da vida adulta, calidade alimentaria e de prevención de adiccións en menores.

O Consello da Xunta do 22 de setembro de 2022 tivo coñecemento doutro informe referido ao desenvolvemento do plan Lexislativo 2020-2024, documento que tampouco figura no portal de transparencia da Xunta. O dossier informativo sobre a xuntanza do Consello sinalaba: “A Xunta aprobará 8 novas leis antes de rematar o ano e prevé contar con outras 13 ao longo de 2023”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Transcorrido un ano desde este anuncio, a maior parte das leis anunciadas aínda non foron aprobadas como proxectos polo Consello da Xunta. Nalgúns casos aínda non comezou o proceso de tramitación. Unha parte están en trámites previos desde fai máis de 2 anos. E outras están en trámite parlamentario.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento insta a Xunta a:

1. Presentar un informe diante do Parlamento sobre o desenvolvemento do plan lexislativo 2020-2024 e as prioridades en canto á aprobación de leis no presente mandato.
2. Enviar ao Parlamento o “Informe sobre as previsións de proxectos lexislativos da Xunta para 2021” e o “O Plan Lexislativo 2020-2024”.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2023 16:24:43

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2023 16:24:56

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 16:25:05



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado, **Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 6ª**.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica *offshore*, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, Deputación e Concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación formulada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluíndo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o *know how* neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.



O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Arguerey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun *hub* de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica *offshore*, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto *hub*.

O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo expresidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de Transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018€), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.

O 4 de xaneiro deste ano, o Concello Pleno do concello de Ferrol, por instancia do seu alcalde, acordan unha declaración institucional en defensa da instalación en Ferrol do polo I+D en enerxías renovables, mariñas e



almacenamento que se vai crear no marco do Fondo de Transición Xusta anunciado o 21 de decembro polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico

O pasado 8 de marzo o Grupo Socialista trouxo unha proposición non de lei que foi votada favorablemente por unanimidade deste Parlamento, sen que seis meses despois se teña feito nada.

Polo tanto, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar inmediatamente a posta en marcha do polo de emprendemento de I+D en enerxías renovables e almacenamento en Ferrol, tal e como se tiña comprometido o expresidente Feijóo.

Parlamento de Galicia, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 26/09/2023 10:26:57

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/09/2023 10:27:17

Martín Seco García na data 26/09/2023 10:27:29

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/09/2023 10:27:45



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Carmen Rodríguez Dacosta, Gonzalo Caballero Miguez, Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A multinacional galega “Nueva Pescanova” o pasado 6 de setembro do presente ano informaba ao comité de empresa e delegados sindicais, a súa vontade de iniciar un ERE que xustifica por causas organizativas e económicas que afectará a área de Chapela.

A empresa anotaba que o seu obxectivo era adaptarse a un entorno global e asegurar a sustentabilidade da empresa a longo prazo, aínda que non recoñecía nese intre a cifra exacta de empregos afectados.

A decisión tomada pola empresa de iniciar un ERE realízase en plena negociación da empresa para vender a compañía á canadense Cooke.

Pola contra o comité de empresa facía un chamamento á retirada do ERE e a busca de solucións alternativas, avanzando nunha negociación fóra de toda situación hostil, unha negociación de boa fe, interna, sen facer dano á marca e sen poñer en xogo os retos que esta compañía ten nun futuro próximo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2023 12:31:53
Nº Rexistro: 60514
Data envío: 26/09/2023 12:31:53.452

O comité de empresa e o Grupo Parlamentario Socialista, entende que a Xunta de Galicia debe implicarse neste proceso dada a importancia deste empresa de referencia en Galicia e en defensa dos postos de traballo.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que, a maior brevidade, se reúna cos representantes do persoal da empresa Nueva Pescanova do centro de traballo de Chapela co fin de amosarlles o seu apoio e implicarse en accións que eviten a perda dos postos de traballo dunha das empresas referentes na nosa Comunidade Autónoma.

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2023 12:20:39

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/09/2023 12:20:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220526

@PSdeG



CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2023 12:31:53
Nº Rexistro: 60514
Data envío: 26/09/2023 12:31:53.452

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/09/2023 12:21:00

Paloma Castro Rey na data 26/09/2023 12:21:10

Noelia Otero Lago na data 26/09/2023 12:21:21

Julio Torrado Quintela na data 26/09/2023 12:21:29

Marina Ortega Otero na data 26/09/2023 12:21:46

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/09/2023 12:21:57

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220527

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa da deputada **Montserrat Prado Cores** e dos deputados **Luis Bará Torres** e **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 1ª**, relativa ás medidas a tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega setembro e de novo como nos últimos catro anos vaise celebrar na Illa da Toxa, no concello de O Grove o denominado “V Foro La Toja” entre o 28 e o 30 de setembro.

Ano tras anos asistimos ao insulto, a falta de respecto ao pobo galego e á nosa lingua por parte da oligarquía económica, financeira e política.

Un evento no que participa o máis granado da oligarquía: entre outros o presidente da Xunta de Galiza, ex-presidentes do Goberno español, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas como o presidente de ABANCA ou o CEO de IBERDROLA.

Baixo a beatífica imaxe dun “foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias” o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro, fóra das institucións democráticas.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan.

Poder responsábel do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

Queremos denunciar o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional; para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro o fin do roubo xeralizado ao que están sometendo á poboación, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais compartindo mesa con eles.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que reconece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, así como que “estas denominacións son as legais a todos os efectos”.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa lingua participen e apoiem economicamente eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 1ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a:

1.-Dirixirse aos organizadores do Foro, ao Gran Hotel e aos responsábeis das rotulacións e monolitos existentes na Illa, esixindo o respecto pola toponimia oficial de Galiza e polo tanto procedan á corrección do topónimo deturpado e substituílo polo de ” A Toxa” xa que é o topónimo correcto e legal.

2.- Realizar as actuacións precisas para que a Fundación “La Toja”, declare de interese galego, adapte o seu nome á legalidade vixente en materia lingüística en Galiza.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- Deixar de apoiar este foro creado para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo e que anula o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.”

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2023 17:55:02

Daniel Castro García na data 26/09/2023 17:55:05

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2023 17:55:14



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Martín Seco García** e **Carmen Rodríguez Dacosta**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 7ª**.

No mes de outubro deste 2023 comezará a abonarse en España o anticipo das axudas da Política Agraria Común (PAC), que este ano poderá alcanzar ata o 70 % do total co fin de dotar de maior liquidez aos agricultores e gandeiros. Segundo os datos do Ministerio de Agricultura vanse repartir 4.875 millóns de euros baixo o novo sistema que terá en conta os chamados ecorrexímes.

Esta é unha das grandes novidades, as prácticas sostíbles voluntarias polas que agricultores e gandeiros poden recibir un pago e os datos indican que a nivel estatal tivo unha boa acollida, xa que o 75 % dos agricultores e gandeiros españois solicitaron acollerse a estas prácticas, unha proporción que é maior se falamos de superficie, cun 87 % do total da declarada nesa solicitude única presentada que é superior ao planificado no plan estratéxico.

Nos datos públicos figura que no conxunto do Estado acolleuse a estas prácticas medio ambientais o 87 % da superficie declarada, cunha caída do 3,95 % das explotacións solicitantes que vén xustificado polo peche de granxas pero mantendo a superficie declarada, No caso de Galicia esta cifra descende ata o 62 %, o que supón que dunha superficie de 468.827 hectáreas existente na solicitude única, só 291.968 hectáreas estarán amparadas polos ecorrexímes.



Este dato sitúa á comunidade galega como a terceira que menos porcentaxe de superficie amparada polas axudas destinará a estas prácticas ecolóxicas, só por detrás das Illas Baleares e a Región de Murcia, estando moi lonxe de comunidades como Aragón ou Castela e León, onde a terra que se beneficiará desas prácticas supera o 90 %.

Hai que destacar tamén que outras comunidades da cornixa cantábrica, que teñen unhas características moi similares a Galicia, presentan uns datos moito mellores, un 88 % da superficie acollida á PAC en territorios como Asturias, Cantabria e o País Vasco.

A Consellería do Medio Rural di que avoga por unha implantación progresiva e «con sentidiño» dos requirimentos ambientais, xa que esta sustentabilidade ten unha tripla vertente, ambiental, social e económica e afirman que os *ecorregímenes* non son favorables nin están pensados para o modelo de pequenas explotacións profesionais de carácter familiar, que son as que predominan en Galicia, algo que choca frontalmente co sucedido no resto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica.

A realidade é que as explotacións galegas deixarán de percibir debido ao déficit de información e aos problemas rexistrados na tramitación deste primeiro período de aplicación dos *ecorregímenes* da PAC uns 5 millóns de euros. Unhas contas realizadas por Unións Agrarias, que considera que case un 20 % da superficie agraria que se podería ter beneficiado destes fondos non o fará polas dificultades rexistradas ao non ter contado con servizos de asesoramento especializados á hora de realizar unha tramitación que, cos novos requirimentos, se ten volto significativamente máis complicada.

Os datos da organización agraria din que cunha boa xestión, Galicia debería ter roldado o 80 % da superficie e que o 85,4 % dos perceptores que realizaron a tramitación da PAC a través dos servizos que ofrece esta organización se



acolleron aos ecorreximes. Esta cifra dada por Unións Agrarias evidencia os problemas á hora de afrontar ese trámite cos que se atoparon outros agricultores e gandeiros que non contaron cun asesoramento técnico especializado axeitado, o que supón unha importante oportunidade perdida e que terá graves consecuencias económicas para o sector produtor.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a reforzar o asesoramento técnico especializado axeitado para a tramitación da PAC entre os perceptores e as entidades bancarias tramitadoras.

Parlamento de Galicia, 26 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/09/2023 18:42:56

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2023 18:43:12

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 26/09/2023 18:43:25





Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputado, **Raquel Arias Rodríguez, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Noelia Pérez López, Encarna Amigo Díaz, Rosalía López Sánchez e Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Exposición de motivos

Galicia é unha referencia na atención sociosanitaria ás persoas maiores, de feito, o Goberno galego segue a reforzar os fondos para garantir a promoción da autonomía das persoas de máis idade e atender a súa posible situación de dependencia. No ano en curso a Consellería de Política Social e Xuventude acada o maior orzamento da súa historia, o dobre de fondos que os destinados a esta área no 2009.

Na actualidade, a Xunta de Galicia inviste tres veces máis que o Goberno central en prestacións de dependencia, achegando o 70% fronte ao 30 % estatal. Nese senso, en relación coa mellora dos servizos públicos, resulta indispensable o cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei 39/2006, de 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

A pesares do aumento da aportación estatal dos últimos exercicios, esta dista moito de cumprir as previsións establecidas na lexislación vixente, coas dificultades que tal infrafinanciación supón para o conxunto da cidadanía. De feito, se o Goberno de España aportase o mesmo que Galicia, non existiría lista de agarda en dependencia.

Esta reivindicación é unha demanda recorrente no Goberno galego e tamén do Parlamento de Galicia que a día de hoxe segue a incumprirse.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España do cumprimento do cofinanciamento do 50% da Lei de Dependencia para que a participación da Xunta de Galicia e do Goberno central sexa equitativa”.





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 13:49:46
Nº Rexistro: 60563
Data envío: 27/09/2023 13:49:46.969

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

José Alberto Pazos Couñago na data 27/09/2023 13:44:59

Raquel Arias Rodríguez na data 27/09/2023 13:45:18

María Corina Porro Martínez na data 27/09/2023 13:45:30

Noelia Pérez López na data 27/09/2023 13:45:49

María Encarnación Amigo Díaz na data 27/09/2023 13:46:02

López Sánchez, Rosalía na data 27/09/2023 13:46:17

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 27/09/2023 13:46:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa súa deputada e do seu deputado **Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A transformación dixital do sector turístico é unha oportunidade para o conxunto de Galicia, coa que se podería avanzar en ofrecer ás persoas viaxeiras hiperconectadas do século XXI experiencias óptimas durante todo o ciclo dunha viaxe, impulsar o desenvolvemento de propostas turísticas competitivas e innovadoras e identificar o destino polo desenvolvemento da cadea de valor turística desde a sustentabilidade social e ambiental da actividade (aliñamento coa Axenda 2030 e cos Obxectivos Desenvolvemento Sustentable (ODS) e cos grandes fitos da Organización Mundial do Turismo).

Dende o grupo parlamentario socialista propoñemos un modelo de crecemento turístico para os próximos anos baseado nos seguintes principios:

- Crecemento socioeconómico, para o que hai que traballar a favor da competitividade e rendibilidade do sector, apostando pola calidade e acelerando o proceso de transformación dixital.
- Preservación dos valores naturais e culturais, partindo de que a conservación do noso extenso patrimonio cultural e natural é un obxectivo prioritario.



- Beneficio social, para conseguir unha distribución dos beneficios do sector, e afrontar retos como o despoboamento do rural.
- Participación, estruturando mecanismos de goberno participativo entre a Xunta de Galicia e as demais administracións competentes a todos os niveis.
- A adaptación permanente, dado que non só se trata de buscar a calidade e a mellora, senón tamén de posibilitar que o sector teña capacidade de resposta ao novo entorno de constantes cambios

O turismo que queremos para Galicia dende o partido socialista ten capacidade para convivir coa súa contorna dun xeito respectuoso e simbiótico, onde a sustentabilidade non só é unha aposta política e empresarial, senón que debe constituír o principal atractivo para as e os viaxeiros. No turismo ao que avanzamos, a sustentabilidade non só será un elemento de atracción para o cliente, senón tamén un condición necesaria á hora de escoller un destino.

Debemos traballar conxuntamente co tecido empresarial a importancia de medir os procesos de innovación realizados nos seus establecementos e actividades turísticas.

Coa recuperación postpandemia, o noso país inicia un novo ciclo histórico que abre as portas para abordar cuestións complexas pero esenciais como a regulación da oferta de pisos e vivendas de uso turístico.

A Xunta de Galicia debe promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen.



A Administración autonómica ten que traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.

A maiores, o Goberno galego debe crear produtos e experiencias turísticas integrais, competitivas e para todos os perfís, que combinen diferentes tipos de turismo, desde o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou cultural. E tamén, debería impulsar decididamente o turismo rural, en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención as actividades natureza e aventura.

Estas últimas medidas serán necesarias para non masificar de turistas algúns destinos porque se os e as turistas teñen máis opcións o turismo se redistribúe.

Temos que facer unha reflexión máis profunda sobre as vivendas de uso turístico e sobre todo dialogar e contar cos concellos, con todos e cada un deles, para iso tería que crearse unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas onde estea presente a Administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

- Promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen.



- Traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.
- Crear unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas onde estea presente a administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico.
- Crear produtos e experiencias turísticas integrais, competitivas e para todos os perfís, que combinen diferentes tipos de turismo, desde o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou cultural.
- Impulsar decididamente o turismo rural, en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención as actividades natureza e aventura.

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/09/2023 13:42:42

Martín Seco García na data 27/09/2023 13:42:50





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 13:57:27
Nº Rexistro: 60569
Data envío: 27/09/2023 13:57:27.922

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2023 13:43:00

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220541

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cobertura da continxencia por xubilación que afectaba aos profesionais da Avogacía e de Procura realizábase desde o ano 1948 a través da Mutualidade da Avogacía e de Procuraduría.

De feito, ata o ano 1995 a incorporación á Mutualidade era obrigatoria para poder desenvolver a actividade profesional, estándolles vedada a incorporación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social, o que supuña un agravio respecto doutros profesionais posto que moitas das enfermidades e desventuras que poden acontecer na vida, quedaban sen cobertura ou obrigaban aos mesmos a contratar servizos diferentes para non atoparse nunha situación de indefensión.

A partir do ano 1995, abriuse a posibilidade de incorporarse ao RETA e a partir dese momento, a Mutualidade da Avogacía constituíuse ou no réxime alternativo ou no complementario da protección outorgada polo sistema público; un sistema que se baseaba á hora de determinar as prestacións aos seus beneficiarios no réxime de capitalización colectiva de solidariedade interxeracional.



No en tanto, o cesamento da incorporación obrigatoria á Mutualidade, para moitos colexiados sinalan que esta non foi unha opción real de cambio xa que, en caso de optar polo RETA, non se permitía o rescate das achegas realizadas á Mutualidade, nin sequera para destinalas ao RETA nin tampouco se computaba o tempo cotizado aos efectos do devengo da futura prestación de xubilación.

A situación de moitos mutualistas agrávase desde o ano 2005, no que se cambia o método de capitalización colectiva polo da capitalización individual e cun tratamento fiscal no momento do seu abono semellante ao dun plan de pensións e non como un sistema de previsión.

Imponse unha serena reflexión entre as persoas responsables das Mutualidades e os propios Colexios Profesionais co Ministerio responsable nesa materia para que se poidan valorar os cambios necesarios ao obxecto de posibilitar pasarelas e vías polas que cada profesional poida elixir libremente e sen lastres, o réxime de cobertura que desexe.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia para que se dirixa ao Goberno do Estado a realizar as actuacións e modificacións necesarias, en relación cos profesionais da avogacía e procuraduría, que teñen contratado ou que o tiveron coas Mutualidades profesionais o sistema de protección social alternativo ao RETA para:

- a) Proceder a un estudo individualizado por cada mutualista, segundo a data de antigüidade, as cantidades depositadas e a súa elección de cara a futuro, de forma que se poidan atopar fórmulas equitativas e equilibradas, que garantindo a sustentabilidade do sistema de pensións,



asegure o dereito dos profesionais a elixir o seu sistema de cobertura, con recoñecemento da antigüidade que se corresponda coas cantidades depositadas e rescatadas, no seu caso.

- b) Impulsar a equiparación das achegas realizadas nas mutualidades como sistema alternativo ao RETA, co tratamento das cotizacións realizadas ao sistema de seguridade social.
- c) Impulsar a aprobación da Lei Orgánica do Dereito de Defensa onde se recollan as garantías necesarias para exercer estas profesións nas mellores condicións laborais e económicas.

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 15:54:48

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2023 15:55:06

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2023 15:55:15



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 23 de setembro de 2023 finalizou o contrato entre a empresa FCC e a Mancomidade Serra do Barbanza para a xestión da planta de compostaxe de Servia en Lousame.

Días despois ninguén ten claro si se vai producir a continuidade do servizo.

A mancomidade mostrou a súa intención de propoñer á empresa unha prórroga de dous anos ampliable a un máis, pero aos traballadores/as non lles convence esa solución xa que levan anos denunciando a situación na que se atopa esta planta e a necesidade de elaborar novos pregos e sacar a concurso a concesión.

Por outra banda, a maiores das condicións das persoas traballadoras, a planta atópase con outro grave problema que é a falla de capacidade do vertedoiro no que actualmente se depositan os residuos non reciclables.

En relación a isto, a empresa mantén que solicitou ao goberno da Xunta de Galicia a autorización para ampliar esta capacidade, pero aínda non obtivo resposta polo que ata o de agora non dispón dunha alternativa provisional e



verase obrigada a trasladar os refugallos a Sogama o que suporá un gran custo para os concellos da mancomunidade.

A maiores disto a planta de Lousame require de modificacións urxentes para cumprir coa nova normativa europea que implica o remate do modelo húmido-seco en beneficio do sistema de xestión de 5 fraccións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos insistindo dende o inicio desta lexislatura na necesidade de que o goberno da Xunta colabore no sostemento desta planta e máis agora unha vez rematada esta concesión.

E un dato obxectivo que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que o goberno da Xunta ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade co sistema de xestión residuos de Barbanza.

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore coa planta de Lousame na súa xestión e na súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a colaborar coa planta de Lousame para garantir a continuidade da mesma pasando a complementar de forma eficiente o sistema galego de xestión de residuos.

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 15:57:29

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2023 15:57:38

Patricia Otero Rodríguez na data 27/09/2023 15:57:50

Eduardo Ojea Arias na data 27/09/2023 15:58:03

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2023 15:58:12



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de setembro de 2023 o goberno da Xunta publicou os datos de execución orzamentaria do segundo trimestre do sinalado ano.

Das diferentes partidas orzamentarias cuxa execución non chega ao 50 % algúns datos resultan moi preocupantes, entre estes se atopan os índices que presentan as contas da Dirección Xeneral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático no programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos con unicamente un 11,2 % executado, que tería que ser destinado a implementar medidas de apoio aos Concellos para a mellora na xestión de residuos, o cumprimento da normativa e o fomento da economía circular, así como a mellorar o funcionamento da xestión de residuos en Galicia e en concreto da entidade semipública Sogama.

O desleixo da Xunta de Galicia neste eido vese claramente na baixa execución que presenta esta partida orzamentaria nos últimos anos, cuxas accións principalmente responden a fondos finalistas que proveñen do Estado ou Fondos Europeos.

Durante todos estes anos non se acadaron os obxectivos establecidos en materia de xestión de residuos colocando a Galicia na cola das diferentes



comunidades autónomas pero tras as últimas modificacións legais producidas no ano 2022 para traspoñer a Directiva Europea este cumprimento pasa de unha obriga futura a un deber inmediato de cumprimento baixo risco de sanción polo que é incomprensible a baixa execución orzamentaria rematado o terceiro trimestre do ano.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a incrementar a execución orzamentaria do orzamento 2023 en concreto do programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos destinando a mesma a implementar medidas de apoio aos Concellos para a mellora na xestión de residuos, o cumprimento da normativa e o fomento da economía circular, así como a mellorar o funcionamento da xestión de residuos en Galicia.

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60588
Data envío: 27/09/2023 16:17:01.295

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 16:03:17

Patricia Otero Rodríguez na data 27/09/2023 16:10:12

Eduardo Ojea Arias na data 27/09/2023 16:10:24

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2023 16:10:33

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220550

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa da súa deputada e do seu deputado **Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O próximo 4 de decembro de 2023, o Consejo General del Poder Judicial cumprirá cinco anos e máis de 1.800 días sen renovar, bloqueado como consecuencia da negativa do PP para alcanzar un acordo.

A pesar de que a renovación é un mandato constitucional, xa que a Constitución Española establece un período de vixencia de 5 anos improrrogables, o PP sempre bloquea a mesma cando se atopa na oposición:

- Fíxoo en 1995-1996 durante OITO MESES.
- Fíxoo en 2006-2008 durante DOUS ANOS.
- E faíno agora, con CASE CINCO ANOS de bloqueo.

Este bloqueo que estamos a sufrir afecta gravemente ao funcionamento Administración de Xustiza, impactando directamente na cidadanía xa que está a provocar que haxa vacantes sen renovar, demoras nos procesos xudiciais e unha maior carga de traballo para os xulgados.

O Tribunal Supremo áchase minguido en máis dun 30 % dos seus efectivos e isto fai que algunhas das súas salas atópanse “ao bordo do colapso”.



Dende o ano 2018, o PSOE tentou alcanzar un acordo co PP en numerosas ocasións. Ao longo destes case 5 anos, o PP, primeiro con Pablo Casado e agora, con Alberto Núñez Feijóo, puxeron innumerables escusas co único obxectivo de non renovar o CGPJ.

Os resultados acadados nas urnas o pasado mes de xullo polas diferentes forzas políticas representan a vontade da cidadanía española que ten que ser reflectida nesta nova renovación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexan responsables e respalden o cumprimento da Constitución instando dende o Parlamento de Galicia ao Goberno galego a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o CGPJ, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o Consejo General del Poder Judicial, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 16:41:45
Nº Rexistro: 60595
Data envío: 27/09/2023 16:41:45.341

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 16:33:20

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2023 16:33:28

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 27/09/2023 16:33:36

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220553

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada e dos seus deputados **Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate **en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia é unha das comunidades autónomas coa maior porcentaxe de persoas maiores do país. Na actualidade, o déficit de prazas de atención residencial fai que, a lista de espera para entrar nunha praza pública sexa de máis de dous anos para as persoas maiores e/ou con dependencia, e unha vez logran esa praza, en moitos casos se concretan en centros que están a máis de 100 quilómetros de distancia do seu lugar de orixe.

Para máis inri, a xestión do Goberno galego en canto ao modelo de atención residencial está a inverter a calidade de vida das persoas maiores que viven nas residencias. As denuncias da Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais apuntando a irresponsabilidade da Consellería de Política Social como causante do entorpecemento da xestión das inspeccións así como das filtracións das visitas da inspección a centros, xunto coas denuncias dos familiares de residentes, das traballadoras do sector e tamén do Movemento Galego pola Saúde Mental, en relación aos ingresos de pacientes menores de 65 anos con enfermidades mentais, fai que o sector involucone.



Un dos centros que leva tempo con problemáticas é o CAPD de A Coruña. En concreto en canto ao persoal e aos ingresos de persoas usuarias con trastornos de saúde mental que presentan problemas de conducta. Cuestión esta última, denunciada a través dos comunicados da Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais da Xunta e polo Movemento Galego pola Saúde Mental que vela polos dereitos das persoas con problemas de saúde mental.

En concreto, o persoal do CAPD de A Coruña é insuficiente, xa que segundo indica o persoal do CAPD, as ratios de persoal non están adaptadas á tipoloxía de usuarios e usuarias do centro. De feito indican que, incluso cando se convoca unha folga “o número de efectivos nomeados de servizos mínimos era superior aos efectivos presentes en moitas ocasións”. Solicitan un incremento de efectivos para poder adaptarse á carga laboral requirida e así poder aportar ás persoas usuarias unha atención de calidade.

O número de IT é significativo e derivado da elevada carga laboral inasumible polos efectivos actuais, de feito indican que son derivadas no só por problemas físicos, senón tamén polo desgaste emocional e psíquico que supón o traballo nestas condicións.

Ademais indican que, “nos últimos tempos, debido ás continuas agresións físicas e o estrés que supón chegar ao traballo sen saber se hoxe te van tirar, rabuñar ou darte un mal golpe que te leve ao hospital” en relación aos casos de alteración grave de conducta. Continúan en relación a esta problemática asegurando que “nos últimos tempos temos dous casos de trastorno de comportamento gravísimo que supoñen a agresión continua tanto ao persoal como ao resto de residentes que atópanse desatendidos no sentido de non poder traballar con eles aspectos como emocións, AVD, mantemento de habilidades, xogos, etc, debido á atención continua que requiren estes usuarios e usuarias”.



No mesmo comunicado, engaden outro agravio para o benestar das persoas usuarias, xa que dende a transformación en 2011 do CAEE Santiago Apóstol a CAPD A Coruña, a oferta deste servizo (talleres como cestería e barro, alfombra, ximnasia e psicomotricidade) viuse minorada coa amortización de varios postos de Mestre Taller.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social a que:

- Incremente a ratio de profesionais nos centros de atención residencial de Galicia e nomeadamente no CAPD A Coruña en canto ás demandas solicitadas dende o mesmo.
- Habilitar recursos específicos a través de centros multidisciplinares específicos exclusivamente para persoas usuarias con enfermidades mentais e/ou problemas de conducta con persoal debidamente formado para o tratamento e atención que precisan estes usuarios e usuarias.

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/09/2023 10:29:22
Nº Rexistro: 60612
Data envío: 28/09/2023 10:29:22.117

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 28/09/2023 10:18:53

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2023 10:19:10

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2023 10:19:27

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2023 10:19:37

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220557

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada **Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei en Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A calidade da sanidade pública galega é fundamental para o benestar da cidadanía. Na atención primaria galega existen diversas debilidades, como reflexa a existencia de listas de espera, e son moitos os puntos de atención continuada (PAC) que requiren de máis persoal en distintos concellos de Galicia.

Xustamente ante os problemas que existen na atención primaria, especialmente no verán, a cidadanía rediríxese aos PAC para acadar atención médica.

Neste verán, o PAC da rúa Pizarro na cidade de Vigo, que é o único dispositivo de urxencias extrahospitalaria para milleiros de cidadáns e cidadás, viuse desbordado ante a falla de persoal -chegaron a faltar dous médicos por quenda- e o aumento da poboación que adoita ter nos meses estivais.

O persoal deste PAC trasladou esta problemática, e é por isto que a dirección da área sanitaria de Vigo recibiu unha misiva por parte de facultativos do PAC denunciando a infradotación do servizo e reclamando unha axeitada planificación e dotación para o futuro, especificamente para evitar que o vindeiro verán se repita o que pasou neste.



Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que a Consellería de Sanidade dote de persoal sanitario suficiente ao PAC da rúa Pizarro en Vigo para garantir a continuidade e calidade asistencial, especialmente tendo en conta a infradotación efectiva de persoal médico que se experimentou este verán.

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2023 10:23:40

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2023 10:23:52

Marina Ortega Otero na data 28/09/2023 10:24:01

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2023 10:24:12





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre as demandas ao goberno español que permitan o acceso ao sistema de exencións fiscais á frota do palangre de superficie galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A exención do 50% do IRPF aos tripulantes de buques que pesquen túnidos ou especies afíns fóra das augas comunitarias, establecida na disposición adicional cuadraxésima primeira da Lei 35/2006, do IRPF, non se está a aplicar á frota de palangre de superficie galega.

É unha exención que foi establecida co obxecto de frear o traspaso de tripulantes a frotas distintas das do Estado español cunha menor presión fiscal e diante do agravio comparativo existente entre os tripulantes que, traballando no mesmo caladoiro, partindo do mesmo porto e tendo un salario bruto semellante, acaban cobrando cantidades moi diferentes após a aplicación de impostos por faenar baixo bandeira doutros Estados cunha fiscalidade máis ventaxosa.

A aplicación desa exención non se está a producir porque a Axencia Tributaria e o propio Goberno español afirman que está condicionada á súa compatibilidade co ordenamento comunitario, circunstancia que implica que a mesma debe aprobarse pola UE, considerando tamén pola Axencia Tributaria que este feito non se produciu.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia todo isto, segundo informacións recentes, parece que si está sendo efectiva para os tripulantes de froas doutras zonas do Estado, nomeadamente para as de Euskadi.

Consideramos que estas desgravacións están dirixidas a apoiar e a igualar economicamente ás persoas traballadoras e non directamente ás empresas, polo que non entrarían en colisión coas normas en materia de competencia da UE e, polo tanto, entendemos que non é necesaria a declaración formal de compatibilidade coa lexislación europea. E, no caso de que si o fose, o propio Goberno español podería tela solicitado para que as axudas puideran ser operativas na actualidade.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a demandar do Goberno do Estado que

- Aplique a disposición adicional cuadraxésima primeira da Lei do IRPF aos tripulantes da frota de palangre de superficie galega, asegurando unha igualdade de trato, neste punto, entre as distintas froas do Estado.

- De consideralo necesario, solicite diante das institucións europeas a compatibilidade da exención citada co ordenamento comunitario da UE.

- Que estableza e manteña interlocución co sector e organizacións de palangreiros galegos para analizar e buscar solución a un tema que afecta a centos de traballadores galegos.”





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 10:39:26

Daniel Castro García na data 28/09/2023 10:39:38

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 10:39:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, sobre as actuación a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante dos incumprimentos sistemáticos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, este Grupo Parlamentar denunciou no propio Parlamento Galego en numerosas ocasións os reiterados incumprimentos da empresa Babcock International, agora chamada Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellería do Mar.

Malia o recoñecemento deses incumprimentos por parte do Grupo Parlamentario Popular e malia incluso ao seu voto favorábel a algunha das nosas iniciativas ao respecto, continúanse a facer públicas novas denuncias por parte do propio persoal da empresa, nomeadamente do da base de Celeiro.

A mediados do mes de xuño e tamén neste mesmo mes de setembro soubemos que o helicóptero de Celeiro permaneceu inoperativo por un tempo moi superior ao permitido polas propias cláusulas do contrato de adxudicación, que, no seu artigo 2.6, *Tempo de resposta, inoperatividades e helicóptero de substitución*, deixa meridianamente claro o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.6.5 Dadas las características de este servicio, es primordial garantizar su continuidad. Así con el objeto de mantener el estado de máxima operatividad del servicio, en caso de que un helicóptero quedara fuera de servicio por cualquiera causa, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería otro helicóptero de características y prestaciones igual o superiores en el menor tiempo posible (plazo máximo de relevo de 48 horas desde la interrupción del servicio) sin cargo alguno para la consellería.

O persoal de Avincis vén de facer público que no mes de xuño a aeronave de Celeiro permaneceu inoperativa 5 días e, en setembro, dende o pasado día 13 aínda, a día de hoxe, continúa, despois de quince días, nas mesmas circunstancias.

Como xa temos manifestado moitas veces ao longo da actual lexislatura, é máis que evidente que:

- A empresa segue a incumprir gravemente o contrato unha e outra vez dende o mesmo ano, 2017, da súa adxudicación.
- A empresa segue a actuar con total impunidade, sen atender as cláusulas que lle son de obrigado cumprimento e sen corrixir no máis mínimo o seu xeito de proceder.
- A Xunta de Galiza segue permitindo o incumprimento das condicións establecidas no prego.
- A Xunta de Galiza segue sen esixir o cumprimento escrupuloso do contrato e responsabilidades polo modus operandi da empresa.
- Os galegos e galegas vimos de pagar 51 millóns de euros a Avincis nos últimos cinco anos por un servizo que non prestou, nin presta, nas debidas condicións e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que en moitos casos, como os recentemente feito públicos, directamente non presta.

Con todos estes antecedentes, e diante da inminente renovación da adxudicación do servizo por parte da Xunta de Galiza á mesma empresa, faise absolutamente inexcusábel e máis necesario ca nunca o cumprimento do contrato e de toda a normativa vixente por ambas as dúas partes.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento galego insta o Goberno da Xunta de Galiza a

. Esixir todas as responsabilidades que correspondan á empresa Avincis, de se comprobaren novos incumprimentos do contrato nos meses de xuño e setembro.

. Cumprir e facer cumprir exhaustivamente á adxudicataria todas e cada unha das obrigas establecidas no actual e no futuro contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros para a prestación do servizo de Salvamento Marítimo de Galiza.

. Iniciar as actuacións precisas para a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 10:50:02

Daniel Castro García na data 28/09/2023 10:50:11

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 10:50:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa do deputado **Luis Bará Torres** e das deputadas **Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 5ª**, sobre a deficiencia de atención pediátrica no concello de Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de saúde é un ben esencial que todas e todos debemos coidar. Non obstante, os recortes orzamentarios e de persoal que a Xunta de Galiza implementou nos últimos 14 anos deixaron ao descuberto moitas das situacións de precariedade na que os profesionais teñen que desenvolver o seu traballo, e que redundan nun empeoramento claro da atención sanitaria ás nosas veciñas e veciños.

Familias usuarias de pediatría denuncian que o SERGAS non está cubrindo na súa totalidade a baixa do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Baño (Valga) desde comezos de verán, co que o servizo de atención de pediatría pasou de ser realizado por un especialista a tempo completo (agora mesmo de baixa) a un a tempo parcial (dúas mañás á semana). Consecuencia desta falta de planificación por parte da Xunta de Galiza e a ausencia de alternativas, as familias ven reducido o número de horas na atención pediátrica en Valga.

Non se debe aceptar como algo normal que non se cubran as baixas no servizo de pediatría, xa que se trata dun servizo fundamental para a boa saúde infancia. Ademais, calquera recorte en materia de servizos nos concellos rurais e menos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poboados traballa na dirección do declive demográfico, da falta de expectativas e da concentración da poboación nos grandes centros urbanos.

Diante deste recorte da asistencia pediátrica, a corporación municipal de Valga aprobou de xeito unánime, o pasado 26 de setembro, unha moción presentada polo BNG na que se demanda á Xunta

- o restablecemento a tempo completo da consulta de pediatría no Centro de Saúde de Baño, cubrindo a baixa a tempo completo.

- que fortaleza o servizo público de saúde, coa contratación de máis persoal sanitario na atención primaria.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 5ª:

“O Parlamento insta a Xunta a cubrir a tempo completo a praza de pediatra do centro de saúde de Baño (Caldas).”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Viceportavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2023 13:49:32

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2023 13:49:41

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2023 13:49:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputados **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 8ª**, relativa á solicitude da retirada dos POEM aprobados polo Goberno do estado, en coherencia co informe do Tribunal de Contas europeo sobre enerxía renovábel mariña na UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de xullo, o Tribunal de Contas Europeo aprobaba en Luxemburgo o Informe Especial sobre Enerxía Renovábel Mariña na UE, no que examina se a Comisión Europea e os Estados membros promoveron o desenvolvemento sostíbel da enerxía renovábel mariña.

As súas Conclusións e Recomendacións din, resumidamente, que

. “As accións, tanto da CE como dos Estados membros, serviron de apoio a esta enerxía, mais aínda supón un reto garantir a súa sostibilidade social e medioambiental”.

. “A ordenación do espazo marítimo facilitou a asignación do espazo marítimo, mais non resolveu os conflitos derivados da súa explotación”.

. “As repercusións socioeconómicas do desenvolvemento das renovábeis mariñas non se estudaron con suficiente profundidade, e aínda teñen que recoñecerse numerosos aspectos medioambientais”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Informe fiscaliza, entre outros, o caso do Estado español e, en canto á pesca, advirte de que o despregue da eólica mariña implicará unha redución progresiva do acceso a zonas de pesca. E, no tocante ao emprego, recolle que “existe o risco de que se perdan postos de traballo no sector pesqueiro”, nun marco no que “hai poucos estudos sobre as implicacións socioeconómicas do desenvolvemento” desas tecnoloxías.

En moitos aspectos, o Informe corrobora en grande medida o que vén afirmando o sector pesqueiro galego ao longo dos últimos anos, nomeadamente dende a aprobación dos POEM. E tamén coincide con distintos puntos abordados no informe realizado polo Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña que serviu de apoio á impugnación do Real Decreto 150/2023, de aprobación dos POEM, posta en marcha recentemente pola Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños e xa admitida a trámite polo Tribunal Superior.

En ambos os dous casos evidénciase que os principios de cautela e precaución respecto da preservación dos ecosistemas mariños non se tiveron en conta ou que, por exemplo, non se analizaron os impactos ambientais, sociais e de sostibilidade que esixe a legalidade vixente.

Neste mesmo sentido, este Grupo Parlamentar solicitara tamén o apoio dos Grupos da Cámara galega a unha Proposición non de Lei debatida no Pleno do pasado 11 de abril. Nela, instabamos a que se demandase do Goberno español “a retirada dos POEM aprobados polo Consello de Ministros do 28 de febreiro”.

Precisamente, argumentabamos daquela que a aprobación dos POEM “levouse a cabo sen a información das consecuencias que a instalación de parques eólicos mariños pode ter sobre a biodiversidade e os ecosistemas mariños e sen ter en conta a afectación que supoñerán para o sector pesqueiro galego ...”. Lamentabelmente, o voto en contra





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos Grupos Parlamentares Popular e Socialista, impediron que a nosa proposta fose aprobada.

Hoxe, o Informe do Tribunal de Contas Europeo, avala unha revisión daquel posicionamento e dá aínda maior valor á petición unánime do sector pesqueiro galego sobre a retirada dos POEM.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a demandar do Goberno español:

- A retirada inmediata dos POEM aprobados polo Consello de Ministros do 28 de febreiro, en coherencia co exposto e recomendado polo Tribunal de Contas Europeo no seu Informe Especial do 5 de xullo, sobre Enerxía Renovábel Mariña na UE.

- Solicitar da Comisión Europea o respecto e cumprimento do contido no dito Informe, nomeadamente no referido á sostibilidade da enerxía renovábel mariña dende o punto de vista socioeconómico, medioambiental e da defensa do sector pesqueiro.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**
Daniel Castro García





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 15:38:49

Daniel Castro García na data 28/09/2023 15:38:58

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 15:39:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados **Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Ramón Fernández Alfonso e Paulo Ríos Santomé**, e das deputadas **Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Iria Carreira Pazos, Noa Presas Bergantiños e Mercedes Queixas Zas**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 2ª**, sobre deficiencias e saturación das liñas de tren do Eixo Atlántico e Ourense-A Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.Os servizos ferroviarios do Eixo Atlántico, AVANT e servizos de Media Distancia na Galiza comezaron o curso en setembro acumulando problemas de atrasos, incidencias, avarías, saturacións e falta de prazos.

As queixas das persoas usuarias do tren foron unha constante pola multiplicación de problemas para poder chegar a tempo aos seus traballos, estudos, citas médicas ou outro tipo de cuestións habituais na mobilidade diaria da poboación. En cuestión de semanas, puxéronse de manifesto todos os problemas que arrastra o ferrocarril galego.

Por un lado, a necesidade de aumentar as frecuencias no Eixo Atlántico ferroviario A Coruña- Vigo e na liña Ourense-Coruña, e tamén noutras conexións aínda moi deficientes como a liñas entre Lugo e A Coruña, Coruña-Ferrol, Ferrol-Ribadeo e os trens de media distancia en xeral, incluíndo a liña Vigo-Porto.

2. Na liña do Coruña-Vigo, o BNG leva anos demandando que RENFE incremente os servizos de tren á primeira hora da mañá, na franxa de mediodía e a última hora da noite. Por poñer un exemplo, resulta incomprensíbel que o primeiro tren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

MD entre A Coruña e Vigo saia ás 7h, e o seguinte ás 8h, ás 9h e ás 9:30h. O único tren que hai antes das 7h é ás 5:35h e é un “rexional”. Igual que na franxa do mediodía, ás 14h e 15 horas, e a mesma pauta pola tarde. Intervalos dunha hora en franxas horarias de máxima demanda. Existe un desaxuste entre a demanda e as necesidades dos usuarios e os servizos establecidos, que se evidenciou aínda máis coa posta en marcha dos bonos gratuítos e o gran aumento de persoas usuarias. Dáse pois unha realidade paradóxica: un importante aumento da demanda, que demostra o interese e a utilidade do tren como modo de mobilidade interurbana, e unha limitación evidente da oferta.

3. Na liña Ourense-Santiago-Coruña, o BNG leva anos demandando o aumento de frecuencias e a mellora das franxas horarias (por exemplo, o último tren que sae da Coruña cara Ourense faino antes das 8 da tarde), ademais dunha rebaixa dos prezos, que fóra da excepcionalidade dos bonos temporais, é ata un 60% máis caro que un traxecto similar na franxa atlántica. A maiores do problema de falta de prazas, especialmente os xoves e venres, engádese de que moitos dos servizos son compartidos coa liña Alvia e as prazas ofertadas como AVANT son limitadas. Así mesmo, moitos AVANT conectan con liñas que desde Ourense van á Meseta, o que fai que nos momentos de pico de demanda turística tamén sexan insuficientes as prazas.

4. A mala organización de horarios e frecuencias únese a dificultade para conseguir prazas, e xa non de un día para outra senón durante semanas e meses, sobre todo en horas punta. A masificación dalgunhas conexións entre cidades como Vigo-Santiago, ou Santiago-A Coruña, Santiago-Ourense, Lugo-A Coruña, e viceversa, son produto da falta de prazas e de trens, máxime coa operatividade dos bonos. Os atrasos sucédense así mesmo, cada vez máis habituais, con trens parados durante unha hora debido a incidencias, avarías ou outras cuestións pero que levaron a moitos usuarios á desesperación pola falta de información de Renfe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Galiza carece de tren de cercanías e ten unha parte dos seus traxectos en peores condicións que as que había nos anos 80 do século pasado debido a sucesivos recortes, de frecuencias e paradas, supresión de estacións, carencia de material rodante e de persoal, falta de mantemento e obsolescencia das infraestruturas.

Para paliar esta situación e mentres sigamos sen tren de proximidade, é básico mellorar os servizos do Eixo Atlántico, de Media Distancia e AVANT a fin de suplir esta carencia e facilitar o transporte público sustentábel á poboación.

Ainda que a Xunta carece dunha política ferroviaria propia, e mesmo renunciou a desenvolver as competencias que prevé o Estatuto, non pode permanecer de brazos cruzados diante da situación de colapso diario que se está a producir nas principais liñas de tren galegas. Debería cando menos prestar a esta cuestión a mesma atención que lle presta á liña do AVE e á chegada dos trens AVRIL.

Polo anteriormente exposto, o grupo parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 2ª:

“O Parlamento insta a Xunta a dirixirse ao goberno central para demandar:

1. Que adopte as medidas necesarias para evitar a sucesión de incidencias, avarías, atrasos, falta de prazas e de servizos e masificación do tren na Galiza (Eixo Atlántico, Media Distancia e AVANT)
2. Que estude un axuste dos horarios ás necesidades das persoas usuarias e que aumente as frecuencias ferroviarias das conexións mencionadas nas franxas da mañá, de mediodía e estender os servizos de última hora nas conexións do Eixo Atlántico, AVANT e Media Distancia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. Que incremente as prazas nas conexións ferroviarias con maior demanda a fin de dar resposta ás necesidades de mobilidade dos galegos e galegas.
4. Que informe das causas das numerosos incidencias e avarías producidas en conexións de tren como A Coruña-Ourense ou Santiago-A Coruña no mes de setembro, así como das medidas que prevé adoptar para evitalas no futuro.
5. Que aprobe a prórroga no ano 2024 do bono gratuíto e os descontos no tren AVANT
6. Que reciba as plataformas e organizacións de usuarios e usuarias de tren galego para escoitar as súas demandas.

Asemade, o Parlamento insta a Xunta a crear un departamento ou servizo de ferrocarril dentro do organigrama da dirección xeral de Mobilidade. Así como a impulsar unha política ferroviaria propia que desenvolva as competencias previstas no Estatuto.”

Santiago de Compostela, 24 de agosto de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Ramón Fernández Alfonso

Carmela González Iglesias

Iria Carreira Pazos

Noa Presas Bergantiños

Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Luis Bará Torres

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 28/09/2023 16:14:04

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2023 16:14:09

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2023 16:14:18

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2023 16:14:25

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 28/09/2023 16:14:39

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 16:14:46

Alexandra Fernández Gómez na data 28/09/2023 16:14:53

Paulo Ríos Santomé na data 28/09/2023 16:14:59

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2023 16:15:06



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e da súa deputada, **Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 2ª**.

O 11 de maio de 2023 o Congreso dos Deputados aprobou a ratificación do acordo de Londres do 4 de decembro de 1991 sobre a conservación das poboacións de morcegos en Europa (EUROBATS), co voto favorable de todas as formacións políticas menos VOX, que se abstivo. Outros 37 países europeos ratificaron ese acordo ao longo dos últimos 30 anos, sendo por tanto o noso país un dos últimos que quedaban por facelo, ademais de Rusia, Bielorrusia, Turquía e Grecia.

A importancia ecolóxica dos morcegos (quirópteros) é enorme como enormes son os servizos ecosistémicos que prestan estes mamíferos, ata o punto de que hai estudos que consideran que os morcegos insectívoros implican un aforro en insecticidas de 165 euros por hectárea cultivada, dado que poden inxerir o seu peso en insectos cada noite e funcionan como controladores naturais de moitas pragas.

Das máis de vinte especies de quirópteros identificadas en Galicia nove están no Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia, consideradas en situación vulnerable, pero ningunha delas ten plan de conservación como establece a lei, ademais de que o catálogo leva moito tempo sen actualizarse. Ademais, hai que ter en conta que as dúas fontes principais de identificación e catalogación de morcegos en Galicia para a elaboración do catálogo foron o "Inventario dos morcegos de Galicia" publicado en 1988 e o "Atlas de Vertebrados de Galicia" de 1995, nos que se citan dezaseis especies máis ou menos presentes no noso país, o que dá idea da deficiente –por desactualizada– consideración do nivel de risco que padecen as distintas especies, sobre todo considerando que no catálogo español case o 40 % das especies de mamíferos ameazadas son quirópteros. E das 8 obrigas concretas que recolle o acordo EUROBATS no seu artigo III, en Galicia incúmrense a gran maioría.

Por outra banda, un recente estudo científico liderado pola Estación Biolóxica de Doñana, centro de investigación do CSIC, coa participación das universidades de Lund (Suecia) e Sevilla advirte dun impacto "devastador" dos parques eólicos sobre os morcegos en Cádiz e, posiblemente, noutras áreas de España, despois de analizar os de mortalidade de morcegos recollidos entre



2005 y 2016 en parques eólicos da provincia andaluza, concluíndo que cada aeroxerador mata 41 morcegos cada ano, un impacto moi elevado tendo en conta, que a taxa de reprodución destes animais e moi baixa.

Por todo o antedito, faise preciso propoñer a adopción do seguinte acordo:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a que leve a cabo as actuacións necesarias para actualizar a información dispoñible sobre a situación das poboacións de quirópteros en Galicia, elabore e implemente os correspondentes plans de recuperación ou conservación das especies de quirópteros ameazadas e analice, en colaboración coas universidades galegas, o impacto da enerxía eólica sobre esas poboacións, adoptando as medidas de conservación necesarias.

Parlamento de Galicia, 27 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2023 16:18:05

Paloma Castro Rey na data 28/09/2023 16:18:23

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 28/09/2023 16:18:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa da deputada **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Ramón Fernández Alfonso** e **Daniel Pérez López**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 6ª**, sobre a perda de postos de traballo en “Nueva Pescanova”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nueva Pescanova, herdeira da crebada Pescanova e que na actualidade é propiedade de Abanca, iniciou a principios de setembro un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaría os servizos centrais situados nos Pescanova España, Novapesca Trading, Nueva Pescanova —as tres sociedades con sede en Chapela— e o centro de Pescanova España en Madrid . A empresa anunciou que o ERE, que se xustifica por causas económicas e organizativas, ía a afectar a case un centenar de persoas sen concretar a cifra nin as condicións de saída que ofrece ao persoal.

O pasado 26 de setembro constituíuse a mesa de negociación do ERE no que a empresa lle entregou a memoria explicativa ás persoas representantes do cadro de persoal e anunciou que son 82 os contratos de persoal técnico a extinguirse persoal técnico, e non afectaría ao persoal das liñas de produción.

O BNG xa mostrou a súa preocupación pola incerta situación de Nueva Pescanova este Parlamento o pasado mes de marzo ante o anuncio da intención de Abanca de desfacerse de parte da súa participación na empresa e baixar a súa participación por debaixo do 50%. Para isto iniciou un proceso de venda que pon en risco a permanencia da sede central na Galiza da que é a primeira pesqueira do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anuncio dun acordo de exclusividade para negociar a compra do 80% das accións co holding canadense Cooke, afianza o temor da perda do capital de Nueva Pescanova no noso País.

As contas do primeiro semestre do ano da entidade que deron como resultado unhas perdas de de 53,4 millóns de euros, incrementan a preocupación polo futuro dunha das empresas mías importantes da Galiza.

Estes resultados económicos, así como o ERE que e está a negociar na actualidade, pode ser o inicio da perda de postos de traballo co único obxectivo de reducir custos, sanear contas e mellorar o posicionamento para unha posterior venda.

Por todo isto, é necesario adoptar as medidas e contactos necesarios para impedir a perda de postos de traballo, asegurar a continuidade da actividade empresarial e industrial da factoría e a permanencia da sede e do capital da empresa na Galiza

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 6ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a tomar todas as medidas e contactos necesarios para impedir a perda de postos de traballo, asegurar a continuidade da actividade empresarial e industrial da factoría e a permanencia da sede e do capital de Nueva Pescanova na Galiza.”

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmela González Iglesias**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 16:32:51

Daniel Pérez López na data 28/09/2023 16:33:01

Ramón Fernández Alfonso na data 28/09/2023 16:33:14

Ana Pontón Mondelo na data 28/09/2023 16:33:24





Á Mesa do Parlamento

Carmen Pomar Tojo, José Manuel Balseiro Orol, Ramón Carballo Paez, José Luis Ferro Iglesias, Begoña Freire Vázquez, Rubén Lorenzo Gómez e Belén Salido Maroño deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 98 e 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta **para a súa resposta oral na comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**, polo trámite de **urxencia**

Xustificación da urxencia

A urxencia vén motivada pola necesidade de que o Goberno galego valore un proxecto de humanización que no seu deseño actual pode ter unha incidencia moi negativa nas estradas da contorna, entre elas, vías de titularidade autonómica.

O pasado 19 de setembro o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana anunciou a licitación das obras de humanización da estrada N-550 entre os puntos quilométricos 67+075 e 68+600, na travesía do Milladoiro, no concello de Ames.

A actuación, cun orzamento de 5 millóns de euros, financiarase a cargo do Programa de mellora das contornas urbanas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia dos fondos europeos Next Generation.

O obxectivo das obras é potenciar unha contorna urbana máis sostible, inclusiva e accesible pero non se contempla ningunha medida para canalizar o tráfico que actualmente soporta a travesía, como podería ser un túnel, unha variante, ou un enlace na AP-9 ao sur de Milladoiro.

Cómpre lembrar o que declaraba o daquela alcalde de Ames, José Miñones, en 2016: “a necesidade de construír unha variante no Milladoiro para quitar o tráfico, máis de 30.000 vehículos diariamente”, que, segundo dicía daquela, era unha demanda histórica. “Danos o mesmo o sistema para a variante: unha estrada exterior, un túnel,... o que queremos é que se faga un estudo en profundidade e se execute a solución resultante”. Neste sentido, o proxecto carece do sustento nin tan sequera dun mínimo estudo de mobilidade para unha zona de tanta intensidade de tráfico, unha cuestión que é necesario afrontar con profundidade e seriedade.

Así mesmo, aposta por desviar os vehículos pola variante das Galanas, sen ter en conta a necesidade imprescindible de reformar o acceso mediante unha nova glorieta, sen a cal a operatividade desta actuación vaise ver reducida de xeito substancial.





Tal e como está proxectada a humanización da travesía do Milladoiro vai reducir a circulación nesa vía, ao prever a supresión dun carril por sentido no trazado que cruza o casco urbano, o que provocará graves problemas de tráfico e terá un forte impacto noutras estradas da contorna, titularidade doutras administracións, dado que podería supoñer o desvío de máis de 20.000 vehículos diarios.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular presentamos a seguinte pregunta oral comisión:

- Como valora o Goberno galego o proxecto de humanización que ten previsto executar o Goberno central na travesía do Milladoiro, en Ames?

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Carmen María Pomar Tojo na data 29/09/2023 17:21:50

José Manuel Balseiro Orol na data 29/09/2023 17:22:04

Ramón Carballo Páez na data 29/09/2023 17:22:19

José Luis Ferro Iglesias na data 29/09/2023 17:22:35

Freire Vázquez, María Begoña na data 29/09/2023 17:23:01

Rubén Lorenzo Gómez na data 29/09/2023 17:23:10

María Belén Salido Maroño na data 29/09/2023 17:23:21



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O pasado venres 11 de agosto publicouse no Diario Oficial de Galicia a RESOLUCIÓN de 19 de xullo de 2023, da Xefatura Territorial de Pontevedra, pola que se adxudica a autorización de uso dos locais solicitados no procedemento con código PR701A, ao amparo da Orde de 31 de maio de 2023, pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública, en réxime de concorrencia, para a ocupación temporal, para usos sociais, culturais ou sanitarios, dos locais destinados a tal fin no edificio administrativo da Xunta de Galicia na rúa Benito Corbal de Pontevedra.

Sorprendentemente, o Ateneo de Pontevedra quedou sen unha sede na que desenvolver a súa actividade cultural.

Cabe ter en conta que o Ateneo de Pontevedra é unha asociación de carácter cultural sen ánimo de lucro que leva case 58 anos desenvolvendo a súa actividade co obxectivo de fomentar o pensamento, o debate e a promoción da cultura propia no ámbito autonómico e da lingua galega como canle simbólica da mesma, así como levando a cabo diferentes actividades culturais na cidade de Pontevedra e na súa contorna.

O Ateneo de Pontevedra mantén unha programación continuada de actividades ao longo de xeradas anuais que coinciden co curso escolar. Promove unha oferta cultural diversificada, atenta ás correntes que posúen unha significación notoria e



un vínculo co que acontece na actualidade, mais tamén cunha vocación de memoria sobre o pasado e a importancia dese pasado no acontecer actual.

A día de hoxe o Ateneo de Pontevedra ten 160 socios de cota e 500 adscritos que participan en maior ou menor medida das súas actividades.

Na propia definición da asociación, o 18 de novembro de 1965, xa se dicía: "O Ateneo quere ser de todos e para todos. Non discrimina, antes ben aspira a reunir á maior cantidade posible de contradicións. Quen di Ateneo di liberdade de discusión e independencia de criterio. Que ninguén se sinta coartado pola singularidade ou a desconformidade do seu propio pensamento. O Ateneo non é un redil, senón a casa dos homes e mulleres libres".

Isto fai aínda máis sorprendente que, en plena democracia no ano 2023, o goberno da Xunta de Galicia deixe fóra ao Ateneo, ao valorar factores como: a relevancia social, o número de beneficiarios, a antigüidade, o uso do idioma ou a defensa da igualdade. Valga só como referencia, que nese baremo, no apartado de Defensa da Igualdade a Fundación antiabortista Redmadre, obtén catro puntos de cinco posibles mentres que o Ateneo de Pontevedra obtén cero. O que fai que unha Fundación antiabortista acceda a local namentres unha asociación cultural, plural, diversa e de relevancia como é o Ateneo quede fora de toda posibilidade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos esta decisión que entendemos que atende máis a motivos políticos que técnicos e instamos ao goberno galego a que rectifique a mesma por entender que o Ateneo é un pilar esencial no mundo cultural pontevedrés desenvolvendo anualmente unha ampla actividade vinculada á cultura, á lingua e á promoción da igualdade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2023 09:57:13
Nº Rexistro: 60359
Data envío: 22/09/2023 09:57:13.572

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica este goberno a retirada dun local público a unha entidade de referencia como é o Ateneo de Pontevedra?
2. Vai este goberno rectificar na súa decisión ou, no seu caso, ceder outro espazo público a esta entidade?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 22/09/2023 09:51:11

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2023 09:51:23

Noelia Otero Lago na data 22/09/2023 09:51:37

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2023 09:51:50

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220588

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O turismo ten que ser un sector estratéxico nas políticas públicas do Goberno Galego. Vista a execución orzamentaria a 30 de xuño un 15 % no programa 761A Coordinación e promoción do turismo, é dicir dos 141 millóns presupostados só hai executados pola Xunta de Galicia 21 millóns, podemos comprobar que o turismo non é un sector estratéxico para o Goberno galego.

A Xunta de Galicia ten que levar a cabo as transformacións necesarias para fortalecer un sector que representa o 11 % do PIB e para xerar oportunidades de desenvolvemento no turismo. E para isto a Administración autonómica ten que executar o orzamento en turismo.

O turismo é o garante da cobertura das necesidades para milleiros de familias da nosa terra. Moitas persoas nesta comunidade dependen directamente do turismo para garantir a súa subsistencia e a das súas familias. O turismo é sinónimo de emprego.

Galicia atópase ante a tarefa colectiva de estruturar un modelo turístico que poida espallarse no terreo, que se desestacionalice, que sexa xerador de empregos dignos -estables, correctamente remunerados e con xornadas razoables- ser, en suma, fonte de riqueza, estabilidade e cohesión territorial e social. E isto só será posible coa execución orzamentaria por parte do Goberno galego.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego da execución do programa 761A de Coordinación e promoción do turismo dos orzamentos do ano 2023 a 30 xuño?
2. Considera adecuada a porcentaxe de execución do mencionado programa a 30 de xuño do ano 2023?
3. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia só executou a 30 de xuño o 15 % dos orzamentos de 2023 do programa 761A de Coordinación e promoción do turismo?

Santiago de Compostela, 21 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 21/09/2023 18:08:53

Martín Seco García na data 21/09/2023 18:09:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 6ª**.

A creación en Ferrol dun Centro Tecnolóxico que investigue sobre enerxías mariñas e enerxía eólica *offshore*, promovido polas administracións públicas (Goberno de España, Xunta de Galicia, deputación e concello) xunto ás empresas do sector naval e enerxético de Galicia foi unha reivindicación expresada polos membros do Foro Enerxético de Galicia en setembro de 2019 despois de realizar unha análise das posibles localizacións, concluíndo que Ferrol é o punto máis axeitado para esta infraestrutura debido a que xa existe unha infraestrutura como o edificio Centro de Investigación e Servizos da Cabana, que podería albergar inicialmente as actividades, sen precisar dun gasto elevado inmediato; que a comarca de Ferrolterra dispón dunha ampla liña de costa, polo que non se precisarían grandes desprazamentos para a reprodución das condicións reais de mareas, ondas, ventos e pola proximidade do Porto Exterior de Punta Langosteira, na Coruña; ademais de existir unha infraestrutura de investigación moi consolidada, como son as escolas de enxeñería de Esteiro, os graos universitarios e mestrados de enxeñería eléctrica, enxeñería industrial, enxeñería naval e enerxías renovables, que son referentes nacionais en docencia e a existencia dunha infraestrutura de referencia como o Canal de Experiencias Hidrodinámicas do Campus de Esteiro, así como o *know how* neste tipo de instalacións adquirido durante os últimos anos por parte das factorías de Navantia en Fene e Ferrol e a potente infraestrutura de empresas auxiliares, servizos de enxeñería e un sector empresarial centrado neste tipo de tecnoloxías.



O 22 de decembro de 2021 o alcalde de Ferrol, Ángel Mato, reuniuse coa directora xeral de Planificación Enerxética da Xunta de Galicia, Paula Uría, e coa directora da Axencia Galega de Innovación (GAIN), Patricia Arguerey, para presentarlle as conclusións do estudo promovido polo concello para a creación dun *hub* de eólica mariña na cidade; e na que se acordou traballar nunha folla de ruta en colaboración con empresas e elaborar un plan de incentivos e axudas, ademais de crear un centro de innovación e investigación no CIS da Cabana para avanzar en tecnoloxías relacionadas coa xeración eólica *offshore*, acordando aproveitar o impulso da eólica mariña en Ferrol para beneficio do sector industrial de Galicia; fixando unha nova reunión para xaneiro co fin de que a Xunta de Galicia presentase un documento coas liñas mestras do proxecto *hub*.

O 27 de xaneiro de 2022 na información aos medios que colga a Xunta sobre os acordos do Consello da Xunta de Galicia infórmase de que “este ano o Goberno galego prevé a posta en funcionamento dun polo de emprendemento no rural” no concello de Ferrol e nas declaracións feitas polo expresidente Feijóo despois da reunión do Goberno galego, avalaba este compromiso.

O 21 de decembro de 2022 a Comisión Europea aprobou o programa de Transición Xusta de España, que inclúe o Plan Territorial de Transición Xusta, coas tipoloxías de actuacións elixibles para executar os 868 millóns de euros (a Galicia correspóndenlle 111.380.018€), dos que o 96 % será xestionado polas comunidades autónomas. Entre os exemplos de actuacións que se van desenvolver en cada territorio acordado entre as distintas administracións, cítase como apoio á descarbonización da industria, entre outros, a creación dun polo de I+D en renovables mariñas e almacenamento.

O 4 de xaneiro deste ano, o Concello-Pleno do Concello de Ferrol, por instancia do seu alcalde, acordan unha declaración institucional en defensa da



instalación en Ferrol do polo I+D en enerxías renovables, mariñas e almacenamento que se vai crear no marco do Fondo de Transición Xusta anunciado o 21 de decembro polo Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cando vai poñer en marcha o Goberno galego o polo de I+D en enerxías renovables e almacenamento?

2ª) Ante as declaracións do Sr. conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, vai ser Ferrol o emprazamento para radicar este polo?

3ª) De non ser así, que emprazamento está barallando o Goberno galego e cales son as razóns que o xustifican?

Pazo do Parlamento, 22 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2023 12:43:03

María Leticia Gallego Sanromán na data 22/09/2023 12:43:17

Martín Seco García na data 22/09/2023 12:43:28



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Case a metade das familias galegas chega con dificultades a fin de mes e, segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, esa porcentaxe de familias está en aumento e tendo que tomar a decisión de reducir os seus gastos, incluso de alimentación, por un incremento dos prezos que é superior en Galicia fronte á media do Estado.

O goberno da Xunta debe garantir que a cidadanía galega poida adquirir unha axeitada cesta de consumo, porque unha mala ou insuficiente alimentación repercute no benestar e na calidade de vida das persoas.

Tras trece anos de encarecemento consecutivo dos alimentos, os datos do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación sobre o ano 2022 reflicten que o consumo per cápita en alimentos reduciuse nun 9 % en Galicia, con caídas preocupantes en hortalizas, froita e produtos do mar: no 2022, en media, cada galego comprou 50 quilos menos de comida que no ano anterior, pero pagou case o mesmo debido á suba dos prezos.

Coa situación actual, estímase que a inflación dos alimentos custa 1,2 millóns ao día ás familias galegas neste 2023, de xeito que o gasto en alimentación dos galegos e das galegas sube un 10 % pese a consumir menos. No último ano e medio, o prezo dos alimentos en Galicia acumulou un alza do 21 %. O incremento dos prezos de produtos como azucre (nun 48.7 %), aceite (nun 33



%), carne de porco (13 %) ou leite (12 %) reflicte a intensidade da situación que afecta ao consumo das familias.

O Goberno galego debe axudar a fortalecer o poder adquisitivo das familias, loitar contra o risco de exclusión e garantir que todas as familias galegas poidan ter acceso a un axeitado consumo de alimentos. Non obstante, a Xunta de Galicia retirou a tarxeta básica e non tomou medidas relevantes axeitadas ás circunstancias existentes.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas vai tomar o goberno da Xunta de Galicia para garantir que as familias galegas poidan acceder a unha axeitada cesta de consumo ante o incremento dos prezos dos alimentos?

Santiago de Compostela, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2023 12:37:52

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 22/09/2023 12:38:01



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A enquisa de poboación activa (EPA) do mes de xullo de 2023 pon de manifesto que o 31.7 % dos traballadores/as das administracións públicas en Galicia, unhas 61.400 persoas, ten un contrato temporal.

A Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público perfilou unha senda de procesos de estabilización de prazas que tivo que seguirse despois no eido autonómico coa Lei autonómica 5/2022, de 21 de decembro.

Dado que a lei estatal fixa que as administracións públicas deben reducir a súa temporalidade co obxectivo de situarse nunha taxa máxima do 8% ao inicio de 2025, o goberno da Xunta debe actuar de xeito eficiente para dar solución á problemática de tantos traballadores e traballadoras que levan anos na administración pública sufrindo a falla de estabilidade.

Sobre todo porque, no caso de Galicia, a porcentaxe de traballadores con contrato temporal na administración pública é a mesma de hai un ano, un 31.7%, pero son 700 persoas a maiores as que se atopan nesta situación de falla de estabilidade. Mentres tanto, en España o índice ten caído dende o 32.4 ao 31.1% e máis de 21.000 persoas saíron do apartado dos contratos temporais.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que previsión temporal manexa o Goberno galego para acadar o cumprimento da lei que obriga a manter a temporalidade por baixo do 8 % nas administracións públicas?

Santiago de Compostela, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 22/09/2023 12:46:02

Paloma Castro Rey na data 22/09/2023 12:46:12

Pablo Arangüena Fernández na data 22/09/2023 12:46:23



Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Otero Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez e Eduardo Ojea Árias, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** na **Comisión 2ª**.

Dende o principio desta lexislatura levamos trasladando a este Parlamento as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada competencia da Xunta de Galicia: retrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos, faltas de puntualidade....

Cada vez que interpelamos ao Goberno galego sobre o mal funcionamento do transporte interurbano da súa competencia sempre recibimos a mesma contestación que se trata de problemas puntuais. Pero a realidade que é moi teimuda desminte estas afirmacións da Xunta de Galicia, xa que as queixas sobre o mal funcionamento sobre o autobús interurbano son constantes ao largo destes últimos anos e ao longo e ancho do territorio galego, polo tanto, non se trata de problemas puntuais no seu funcionamento senón xa de problemas estruturais.

Na provincia de Lugo xa foron numerosas as queixas sobre a falla de respostas ás necesidades de mobilidade dos veciños e veciñas, sobre todo no que ten que ver coa comunicación do rural coa capital da provincia.



Esta semana coñeciamos as denuncias de veciños da Pobra de San Xiao en Láncara que esixían ao Goberno galego máis liñas de autobús para os rapaces que estudan en Lugo.

A situación non é nova, como advirten os familiares, pero empeorou co comezo do curso escolar. A liña de autobús que sae ás 7 da maná de Monforte de Lemos con destino Lugo é empregada por moitos rapaces de Láncara, O Páramo, Sarria ou O Corgo, para ir a cursar os seus estudos de bacharelato ou FP á capital da provincia. Teñen que se desprazaren diariamente na liña de Monbús, xa que é a única liña de transporte que os leva ata a cidade de Lugo. Este autobús que sae de Monforte de Lemos ás 7 da mañá chega ás 7:48 á Pobra de San Xiao en Láncara xa sen prazas para recoller a todos as persoas usuarias, a maioría estudantes, que se atopan na parada. Chegaron a quedar nesta parada ata 10 estudantes nestas últimas semanas, tal e como teñen advertido os propios familiares. Os estudantes que non conseguen pillar praza neste autobús vense abocados, ou ben, a coller o seguinte que é o das 9:00 da mañá e chegar tarde as súas clases, ou ben, que os seus familiares fagan quendas, se é posible por horarios de traballo, para levalos en vehículos particulares.

Os familiares destes nenos e nenas que se quedan en terra xa en Láncara, porque cómpre recordar que este autobús aínda deixa tirados a máis usuarios e usuarias por falta de prazas, xa que ata chegar a Lugo dende A Pobra de San Xiao esta liña de autobús aínda debería de recoller pasaxeiros noutras 8 paradas, non só estudantes, senón veciños e veciñas, entre os que se atopan xente de idade avanzada.

Estes familiares queren que a Xunta de Galicia os escoite, que lles dea unha solución a este problema que se está a dar e que entenden que pasa porque a Consellería de Infraestrutura e Mobilidade reforce o servizo de autobús das 7



da mañá e isto pasa porque se estableza, cando menos, unha liña máis de autobús entre Monforte de Lemos e Lugo nese horario.

Ante esta situación, a deputada e os deputados que asinan preguntan:

1. É coñecedora a Xunta de Galicia dos problemas que está a ocasionar a falla de prazas no autobús que fai o servizo das 7:00 da mañá entre Monforte de Lemos e Lugo?
2. Vai a Xunta de Galicia a reforzar este servizo das 7 da mañá, establecendo, cando menos, unha nova liña de autobús?
3. De ser o caso, cando ten previsto que poida estar operativo ese reforzo do servizo?

Parlamento de Galicia, 22 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2023 11:55:45

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2023 11:56:02





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2023 13:24:27
Nº Rexistro: 60380
Data envío: 22/09/2023 13:24:27.213

Eduardo Ojea Arias na data 22/09/2023 11:56:17

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220601

@PSdeG





A Mesa do Parlamento

Noelia Pérez López, Alberto Pazos Couñago, Corina Porro Martínez, Encarna Amigo Díaz, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Rosalía López Sánchez e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A última reforma laboral introducía unha serie de modificacións en diversos ámbitos do mercado laboral co principal obxectivo de reducir a precariedade e a temporalidade no emprego.

Introducíuse o carácter prioritario da contratación indefinida, creouse o denominado contrato fixo-discontinuo e desapareceron os chamados contratos de obra e servizo determinado, admitindo únicamente a realización de contratos de duración determinada baixo determinados supostos, para evitar así unha utilización abusiva desta figura e unha excesiva rotación de persoas traballadoras.

Año e medio despois da súa entrada en vigor son varios os factores que apuntan que estamos lonxe de cumprir eses obxectivos para os que foi aprobada.

Os últimos datos que coñecemos do mapa de contratacións parecen indicar que contrariamente ao que pretendía o Goberno do estado, non se está xerando máis emprego de calidade se non que o que está a pasar é que o emprego dispoñible divídese en contratos máis pequenos e repártese de forma diferente.





As estatísticas oficiais amosan que o tempo medio de duración dos contratos reduciuse con intensidade tras a aplicación da nova normativa laboral.

A finais de xullo , a duración media dos contratos suscritos en España era de 45 días (contabilizando tanto temporais como indefinidos), retrocedendo esa duración media nun 15% se a comparamos co mesmo periodo do ano 2021 e caendo a mínimos históricos.

Tamén os expertos empezan a alertar do auxe da precariedade laboral e sinalan como preocupante, a alta creación e destrución diaria de emprego que estaría indicando alta rotación, intermitencia ou discontinuidade no mercado de traballo, así como síntomas de perda de estabilidade cunha menor duración dos contratos a pesar de que agora teñen a etiqueta de indefinidos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai a Xunta de Galicia de como está a afectar a reforma laboral feita polo goberno do Estado ao mercado de traballo?

Santiago de Compostela, 22 de setembro de 2023





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2023 13:29:02
Nº Rexistro: 60383
Data envío: 22/09/2023 13:29:02.760

Asinado dixitalmente por:

Noelia Pérez López na data 22/09/2023 13:19:45

José Alberto Pazos Couñago na data 22/09/2023 13:20:09

María Corina Porro Martínez na data 22/09/2023 13:20:25

María Encarnación Amigo Díaz na data 22/09/2023 13:20:38

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 22/09/2023 13:20:53

López Sánchez, Rosalía na data 22/09/2023 13:21:08

Raquel Arias Rodríguez na data 22/09/2023 13:21:19

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Luis Manuel Álvarez Martínez, Patricia Otero Rodríguez, Noa Díaz Varela, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Federación Veciñal Lucense ven desenvolvendo dende fai anos un Programa de Igualdade e Loita Contra a Violencia de Xénero no Medio Rural en toda a provincial de Lugo.

Este programa, ademais do recoñecemento permanente da propia Xunta de Galicia, acredita na súa historia un moi relevante valor, tanto pola cantidade como por a calidade da accións desenvoltas.

Esas accións contribúen a desenvolver os obxectivos do programa, traballando aspectos de igualdade e loita contra a violencia de xénero no medio rural, así como defender, xestionar, fomentar, promover, fortalecer e apoiar os intereses das mulleres rurais e os seus familiares.

Que a propia Administración galega apostaba por este programa, e dicimos ben, apostaba, é que á esta federación se lle concedían anualmente axudas por 40.000 €, axudas que este ano, e segundo todos os indicios como consecuencia de instrucións políticas, non lle serán concedidas, o que pode supoñer un clarísimo caso de instrumentalización política das axudas públicas con nomes propios na provincial de Lugo.

As xustificacións dadas pola secretaria xeral de Igualdade, Sra. Vázquez Domínguez, resultan admitir unha ampla variedade de cualificativos, non



encontrándose entre eles os de coherentes nin verosímiles, pero si evidencian o intento de xustificar aquilo que carece doutra xustificación que non sexa un axuste de contas político que, lamentablemente, ten como grandes damnificadas as mulleres rurais da provincial de Lugo.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que o programa desenvolto pola Federación Veciñal Lucense ao que se fai referencia, cumpría adecuadamente os seus obxectivos?
2. Considera que a axuda anual de 40.000 € se adecuaba ás necesidades, obxectivos e resultados do programa?
3. Se a resposta ás anteriores preguntas é afirmativa, cal é o motivo polo que neste ano 2023 se decide, sen xustificación, deixar de subvencionar este programa?
4. Existe algún tipo de veto político sobre esta asociación que xustifique un recorte arbitrario de fondos públicos que, directamente, prexudica a centos de mulleres rurais da provincia de Lugo?

Santiago de Compostela, 22 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 22/09/2023 17:59:46





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 22/09/2023 18:05:07
Nº Rexistro: 60390
Data envío: 22/09/2023 18:05:07.661

Patricia Otero Rodríguez na data 22/09/2023 17:59:57

Noa Susana Díaz Varela na data 22/09/2023 18:00:09

Julio Torrado Quintela na data 22/09/2023 18:03:55

Marina Ortega Otero na data 22/09/2023 18:04:04

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220607

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Santiago de Cereixedo no concello de Cervantes conta cunha igrexa de magnífica presenza pola súa estrutura e tamaño, datada con anterioridade ao s. XV. A primeira impresión que suscita ten que ver coa falta de grandes núcleos habitados no seu entorno inmediato que dean explicación ó seu tamaño, xa que só tería sentido se un amplo número de persoas se beneficiaran de acudir aos oficios neste centro. Ben é verdade que nalgúns fontes se recolle a posibilidade de que tivera sido un Mosteiro ou referente para algún próximo, pero tamén é certo que ata hai pouco tempo atendía aos 21 lugares cos que conta a parroquia, quedando agora para atender algúns menos.

A igrexa conta cun teito de lousa que parece verse en bo estado, podemos observar unha torre de planta cadrada á que se accede dende o exterior, o templo é de planta rectangular e 3 capelas no seu lateral dereito, facendo a última de sacristía, éntrase por baixo dun vestíbulo con pía de auga bendita á esquerda e unha cruz de madeira á dereita, e pasando por baixo da tribuna da Igrexa accédese á nave principal.

O teito desta nave e das capelas é abovedado e cuberto de argamasa, o que lle permite ser abovedado. Mostra pinturas murais por todo el nun evidente e grave estado de deterioro. O mesmo podemos dicir dos dous retábulos laterais con sendas figuras de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristo e un santo, e o retábulo central está tamén en dubidoso estado, coa falta de varias figuras que contribúen a subliñar unha imaxe de abandono.

As capelas laterais están no contexto xeral da Igrexa, contando a primeira con imaxes e frescos, sendo a segunda usada de almacén de madeira de retablos deteriorados ou similar.

Ao redor desta capela está o adro con cemiterio na entrada, habendo exento outro cemiterio de factura máis moderna, e así mesmo tamén na marxe esquerda da cancela de entrada está a que fora casa reitoral nun estado ruinoso neste momento e chea de maleza.

No entorno tódolos anos se realiza unha romaría tradicional de gran éxito xa que o lugar é privilexiado con verdes prados e un río a carón.

Os entendidos falan de retablos renacentistas e barrocos que xunto con outras consideración nos fan ver que contamos cun patrimonio cultural e relixioso de gran valor, que está sen o coidado requirido e que precisaría atención inmediata e urxente para frear o deterioro e acadar o seu máximo esplendor para logo ser declarado Ben de Interese Cultural como parece que sería o adecuado, máxime cando a veciñanza está implicada nesta reivindicación

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

-Vai a Xunta atender as peticións de restauración integral e mantemento posterior da Igrexa de Santiago de Cereixedo que xa lle manifestou a poboación do lugar?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Coñecen o valor patrimonial e cultural da Igrexa de Santiago de Cereixedo?

-Consideran que a súa recuperación e coidado serían positivas para esta parroquia de Cervantes?

-Contemplan arranxar tamén a casa reitoral?

-O arranxo desta Igrexa é unha promesa incumprida por parte da Consellería de Educación, Cultura e Universidades?

Santiago de Compostela, , 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Mercedes Queixas Zas

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 09:35:10

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2023 09:35:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 25/09/2023 09:35:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Montserrat Prado Cores e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativas á atención pediátrica no Carballiño e ás actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galiza para garantir a atención sanitaria da poboación infantil.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación da atención primaria en xeral e pediátrica en particular están a vivir un momento preocupante en Galiza como consecuencia da falta de planificación e de investimento económico por parte do goberno galego.

Durante os últimos anos o Partido Popular investiu máis de 1.200 millóns de euros menos neste servizo, e de contarmos o impacto da inflación hoxe tería 300 millóns de euros menos do que no ano 2009. Así, Galiza é a penúltima comunidade do Estado canto a investimento en atención primaria (11.8% fronte ao 14.2%) e a sexta pola cola en gasto por habitante e cuarta pola cola en gasto de persoal sanitario. Así mesmo, aínda que as asociacións profesionais estiman que nos próximos anos se xubilarán arredor de 80 pediatras, o goberno segue sen planificar o seu relevo, afondando na precariedade da asistencia pediátrica.

Unha das poboacións que vén sufrindo esta situación é a do Carballiño, que acumula problemas de cobertura da pediatría ademais de continuar necesitando o reforzo de xinecoloxía ou das matronas. Así as cousas, ata o momento estaban a contar





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cunha praza e media de especialista que, ante unha xubilación, se ve reducida sen que o goberno galego faga público como vai manter e garantir o servizos para unha localidade de máis de 14.000 habitantes.

Pais e nais da zona denunciaron a finais de setembro dificultades para obter cita e suspensións do servizo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Que medidas prevé o goberno galego para blindar o servizo pediátrico no Carballiño ante a xubilación dunha das profesionais?

. Cales son as razóns de que o Goberno non procure estender o servizo ao horario de tarde?

. E de que unha poboación tan importante non teña urxencias pediátricas?

. Que xubilacións de pediatras prevé nas comarcas de Ourense nos próximos 5 anos?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Montserrat Prado Cores

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2023 11:55:24

María Montserrat Prado Cores na data 25/09/2023 11:55:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 11:55:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre o acondicionamento e habitabilidade das vivendas de promoción pública no barrio de Covadonga en Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2007 o Instituto Galego de Vivenda e Solo promoveu a construción de 52 vivendas no barrio de Covadonga, en Ourense, así como a urbanización do espazo. Tras varios modificados no proxecto inicial, a construción das vivendas rematou 5 anos despois do prazo inicialmente previsto, procedéndose á sinatura dos primeiros contratos de alugueiro no mes de febreiro de 2016.

Apenas uns anos despois da ocupación das vivendas o estado do inmovible evidenciaba importantes deficiencias derivadas tanto construtivas, como pola ausencia de actuacións de mantemento e conservación por parte da Xunta de Galiza.

O interior do inmovible presentaba óxidos e humidades, corredores encharcados, rochos e vivendas nas que entraba directamente a auga da choiva, cables á vista, e placas de cableado eléctrico nas que entra o auga, e mesmo servizos comúns que en ningún momento entraron a funcionar e sen que exista previsión de que o fagan.

As demandas realizadas directamente pola veciñanza, como as presentadas polo BNG atoparon sempre a mesma resposta “ todas as comunicación sobre posibles





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

incidencias puntuais no interior das vivendas ou en zonas común foron atendidas, realizando as obras necesarias” (p.e. respostas Xunta de Galiza 5/5/22 ou 6/2/23). Manifestación da Xunta de Galiza en aberta contradición coa realidade, pois os veciños e veciñas das vivendas de promoción pública da r/ Manuel Lago de Ourense seguían padecendo os mesmos problemas derivados tanto de eivas na construción do inmovible, como da falla de mantemento.

Por fin no 2023 a Xunta de Galiza, por medio do Instituto Galego de Vivenda e Solo, licita a contratación de obras para a reparación de mantemento da promoción de 52 vivendas de promoción pública na r/ Manuel Lago núm. 1-3 de Ourense.

As obras contratadas, actualmente en proceso de execución e limitadas “á reparación de mantemento”, non solucionan a orixe dos problemas que atinxen á edificación, pois non inclúen traballos para a eliminación de filtracións e humidades, nin tampouco a cobertura dos patios interiores polos que entra directamente a choiva. A configuración do tellado – ou a súa ausencia -provoca que a auga da choiva caía nas persoas que agardan polo ascensor, que entre polas portas da vivendas, ou cando é intensa filtre nos garaxes e nos rochos, danando o seu contido.

Xa que logo as obras que se están a executar, logo de moitos requirimentos e reclamacións por parte da veciñanza, non son máis que unha medida “cosmética” e de mantemento, pero que non van solucionar a causa principal dos problemas que condicionan a habitabilidade dun inmovible, de recente construción e que a pesares -ou como consecuencia – dos diversos modificados de proxecto, ten importantes carencias estruturais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Ten coñecemento a Xunta de Galiza da existencia de queixas e reclamacións da veciñanza da edificación sita na edificación da r/ Manuel Lago núms. 1-3 pola existencia de humidades e filtracións, así como a caída directa da auga da choiva sobre zonas comúns?

No seu caso, de que data son esas reclamacións?

Constatou a Xunta de Galiza se, como denuncian os veciños, a configuración do tellado permite as filtracións de auga nas vivendas, garaxes ou rochos, así como a total exposición á choiva das persoas que agardan polo ascensor?

Que obras licitou/executou nos últimos 5 anos para a solucionar os problemas denunciados?

Entende a Xunta de Galiza que as obras para a reparación de mantemento, cuxo contrato formalizouse o pasado 7 de xuño de 2023, van solucionar a orixe das filtracións e humidades?

Ten constancia a Xunta de Galiza de problemas de humidades e de funcionamento no cableado e sistema eléctrico?

No seu caso, dende cando e que fixo para solucionarlos?

Existe previsión da entrada en funcionamento dos tendedeiro sito en zona común e do sistema de aforro enerxético, inicialmente previsto?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 12:26:42

Noa Presas Bergantiños na data 25/09/2023 12:26:53

Alexandra Fernández Gómez na data 25/09/2023 12:27:05





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Paula Mouzo Mas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Galicia conta con máis de 60 lonxas que permiten abastecer a diario unha elevadísima despesa de produtos do mar, comercializando preto de 300 especies diferentes que van desde peixes a mariscos, crustáceos, algas ou equinodermos. Todo é froito do labor dos milleiros de profesionais do mar que traballan en Galicia.

Esa labor profesional non tería sentido sen o consumo dos produtos que comercializan, os produtos do mar, fundamentais para ter unha dieta equilibrada e unha alimentación saudable. Por tanto, mercar peixes e mariscos é unha decisión intelixente e un hábito que forma parte da identidade dos galegos.

Esa importante labor que realizan os milleiros de profesionais do mar de Galicia para levar ata as mesas de calquera consumidor os variados manxares que ofrecen e se transforman na costa galega ten que coñecela toda a sociedade, alén das nosas fronteiras.

E para iso a Consellería do Mar puxo en marcha varias campañas, a última, a denominada, Galicia sabe aMAR.

A campaña inicial foi alén de promover o consumo de produtos do mar e serviu como agradecemento ao sector marítimo-pesqueiro galego polo importante esforzo realizado





durante a alerta sanitaria pola Covid-19, na que aumentou a demanda de produtos do mar por parte dos fogares. A pesar da situación, boa parte dos profesionais do mar seguiron traballando arreo, incluso cando non lles era rendible, para ofrecer alimentos ao resto da sociedade nunha mostra máis de solidariedade e responsabilidade cara ao conxunto da cidadanía.

Unha vez superada a situación da pandemia segue a ser necesario promover o consumo de produtos do mar con campañas atractivas e que esperten o interese polo peixe e as súas diversas formas de consumo.

Por iso, a través de gastro camións e percorrendo toda Galicia, a campaña Galicia sabe AMAR achega os produtos do mar a tódolos recunchos, como un reclamo para que os cidadáns se habitúen a incluír o peixe nas súas comidas, con maior frecuencia da que se fai habitualmente.

Polo interese que suscita entre o sector e a importancia que ten para a sociedade, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que balance fai o Goberno Galego da iniciativa de dispoñer a difusión dos produtos do mar mediante catro gastronetas ao abeiro da campaña “Galicia sabe AMAR”?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 25/09/2023 12:43:07

José Manuel Balseiro Orol na data 25/09/2023 12:43:22

Ana Belén García Vidal na data 25/09/2023 12:43:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2023 12:51:48
Nº Rexistro: 60457
Data envío: 25/09/2023 12:51:48.070

Freire Vázquez, María Begoña na data 25/09/2023 12:43:50

Manuel Santos Costa na data 25/09/2023 12:44:03

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/09/2023 12:44:16

Paula Mouzo Mas na data 25/09/2023 12:44:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





A Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, Elena Suárez Sarmiento e Paula Mouzo Mas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O 19 de novembro de 2020 o vicepresidente executivo para o Pacto Verde Europeo, Frans Timmermans, presentaba, en Europa, a Estratexia da UE sobre as Enerxías Renovables Mariñas, clave para contribuír ao obxectivo de neutralidade climática de aquí a 2050.

Seguindo a estela do plan comunitario, en decembro de 2021 aprobouse a Folla de ruta para o desenvolvemento da Eólica Mariña e as Enerxías do Mar en España. O obxectivo que se marcou foi o de instalar entre 1 e 3 GW desta enerxía renovable para 2030. De acadar o obxectivo máis alto, xeraríase electricidade para fornecer as necesidades do equivalente a 3,5 millóns de fogares. O obxectivo para 2050 márcase arredor dos 17 GW.

O proceso de elaboración dos Plans de Ordenación da Eólica Mariña en España (POEM) sufriu diferentes cambios e recortes sobre a ordenación inicialmente proposta por parte da Administración, e a pesar de que desde o Goberno do Estado se presume dunha ampla colaboración entre todos os sectores implicados, a reacción do sector

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





pesqueiro de rexeitamento total a estas zonas, reflicte todo o contrario. Hai que ter en conta que a Comunidade acapara o 47% do espazo reservado en España, repartidos en 5 zonas (das 19 totais). Son 2.350 km².

Esta aprobación, por parte do Goberno do Estado dos POEM, no que atinxe á Demarcación Mariña Noratlántica, na que se sitúa Galicia, motivou que desde o Executivo galego se volvan a reclamar garantías dun desenvolvemento da eólica mariña compatible coa actividade pesqueira e a coa preservación dos hábitats e o ecosistema.

As alegacións que se presentaron dende a Consellería inciden na necesidade de corrixir as eivas dos plans do Goberno Central porque van a xerar inseguridade e incertezas, xa que non garanten suficientemente esa compatibilidade co desenvolvemento eólico e coa actividade marítimo pesqueira.

Para coñecer esa reclamación de primeira man e o posicionamento do Goberno Galego, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que alegacións presentou a Consellería do Mar aos Plans de Ordenación da Eólica Mariña en España (POEM)?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 25/09/2023 12:47:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/09/2023 12:52:19
Nº Rexistro: 60459
Data envío: 25/09/2023 12:52:19.398

José Manuel Balseiro Orol na data 25/09/2023 12:47:55

Ana Belén García Vidal na data 25/09/2023 12:48:11

Freire Vázquez, María Begoña na data 25/09/2023 12:48:24

Manuel Santos Costa na data 25/09/2023 12:48:37

María Elena Suárez Sarmiento na data 25/09/2023 12:48:49

Paula Mouzo Mas na data 25/09/2023 12:49:04

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Ramón Fernández Alfonso, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017 someteuse a trámite de consultas previas un proxecto de Red Eléctrica Española para a construción dunha subestación en Abegondo.

Naquela altura xustificábase a necesidade desta infraestrutura para garantir o subministro eléctrico á cidade da Coruña.

No entanto, esta tramitación interrompeuse e viuse paralizada no trámite de consultas previas, co que quedou sen definir a localización concreta que ocuparía a futura subestación, para a que se barallaban distintas opcións.

A posibilidade de instalar unha nova subestación no Concello de Abegondo causou xa naquela altura unha forte oposición veciñal, xa que calquera das posíbeis zonas de ocupación tería graves afectacións e grande impacto no territorio e na vida dos veciños, especialmente pola súa proximidade ás vivendas da parroquia de Folgoso.

Cando a partir de 2020 empezan a xurdir distintos proxectos para a instalación de novos parques eólicos, tanto na comarca das Mariñas (Feás e Seselle, no Monte do Gato entre os concellos de Coirós, Oza-Cesuras e Aranga) como na de Ferrol ou na provincia de Lugo, retómase o interese pola subestación, pois todos eles recollen no seu proxecto a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

conexión á rede nesa suposta futura infraestrutura situada en Abegondo. Moitos destes parques eólicos contan xa na actualidade con autorización previa e cun prazo de execución de 15 meses, como é o caso dos ubicados no Monte do Gato.

En marzo de 2022 o BNG rexistraba unha pregunta no Congreso dirixida ao Goberno no que se solicitaba información sobre o estado do proxecto da subestación de Abegondo. Na resposta remitida desde o Goberno no mes de abril dese mesmo ano, informábase de que a tramitación do citado proxecto estaba sendo efectuado pola Xunta de Galiza a petición da mesma.

En novembro de 2022 presentamos unha nova iniciativa, esta vez no Parlamento de Galiza, a través de cuxa resposta o 17 de febreiro deste ano se confirmaba que Red Eléctrica retirara o anterior proxecto para presentar agora un novo.

Acaba de ser publicado no BOP do 1 de setembro un anuncio do Ministerio de Política Territorial polo que se somete a información pública Anuncio da Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galicia polo que se somete ao trámite de Información Pública (IP) a solicitude de Outorgamento das Autorizacións Administrativas Previa (AAP) e de Construción (AAC) e de Declaración de Utilidade Pública (DUP), en concreto, do PROXECTO de PARQUE de 400 KV da nova subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo», no municipio de Abegondo, provincia da Coruña.

Segundo se indica na propia publicación, o órgano competente para autorizar a instalación de enerxía é a Dirección General de Política Energética y Minas do Ministerio para la Transición Ecológica y el Reto Demográfico, o órgano tramitador, aos efectos do trámite de Información Pública e Alegacións, Consultas e Notificacións é a Área Funcional de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galiza, e o Promotor-





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peticionario: RED ELÉCTRICA DE ESPAÑA, no que se refire ao proxecto de parque de 400KV.

A instalación descrita (Parque de 400 kV) formará parte da rede de transporte de enerxía eléctrica en alta tensión nos termos establecidos na citada Lei 24/2013 e ten por obxecto permitir a electrificación do transporte, en concreto, á alimentación desde a Rede de Transporte á subestación de tracción do eixo ferroviario Vigo-Ourense-Lugo-A Coruña.

O Parque de 400 kV que se anuncia agora formará parte da “nova” subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo», xunto co Parque de 220 kV, en cuxo procedemento é órgano substantivo competente para resolver a Autorización Administrativa Previa (AAP) e de Construción (AAC), así como a Declaración de Utilidade Pública (DUP) a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galiza, correspondéndolle a condición de unidade tramitadora á Xefatura territorial da Coruña da citada consellería.

Tamén se fai público que a conexión da nova subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo» coa rede de transporte se fará a través dun novo tramo de Línea Aérea de Transporte de enerxía eléctrica de Dobre Circuito a 400 kV («LAT DC 400 kV»), de entrada e saída na nova subestación eléctrica «SE 400/220 kV Abegondo», da liña Mesón do Vento-As Pontes de García Rodríguez.

Este nuevo tramo de Línea Aérea de Transporte de enerxía eléctrica de Dobre Circuito a 400 kV («LAT DC 400 kV») será obxecto doutro expediente distinto que tramitará tamén a Área de Industria e Enerxía da Delegación do Goberno en Galiza.

En ningún momento, en ningunha das contestacións ás preguntas realizadas polo BNG sobre a citada subestación eléctrica nos últimos anos se fixo referencia a unha dobre tramitación paralela, un parque de 400 kV que levaría o Ministerio e un parque de 200 kV





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que tramitaría a Xunta, ademais da liña de conexión que tería outro trámite de autorización diferenciado.

Consideramos que desde o primeiro momento este proxecto estivo sometido a un enorme oscurantismo, dificultando o acceso á información a colectivos, institucións e ás propias persoas directamente afectadas.

Ademais, a división na tramitación supón impedir unha avaliación de conxunto, xa que se analizará o parque de 400kV e o de 200kV separadamente e por dous órganos diferenciados. Trátase claramente dunha fragmentación fraudulenta do punto de vista das garantías ambientais que deben esixirse e da avaliación do impacto ambiental.

Asemade, na evacuación prevese cara a un novo tramo que enlazaría coa liña que une a subestación do Mesón do Vento coa das Pontes, lugar este último que segundo REE dispón neste momento de 0Mw de evacuación tras o peche da central térmica, polo que tampouco se entende cal é a planificación prevista.

Estase ampliando a subestación do Mesón do Vento, créase unha nova subestación en Abegondo a poucos quilómetros de distancia da anterior e enlázase a unha liña en dirección a un nó de evacuación que neste momento ten 0MW asignados.

Como é lóxico, tras coñecerse con esta publicación a intención de iniciar os trámites para a construción dunha subestación en Abegondo, todos os grupos políticos con representación no Concello de Abegondo se sumaron ás históricas reclamacións do BNG e manifestaron a súa oposición á instalación desta infraestrutura porque a mesma implicará un impacto enorme na zona, no patrimonio natural e cultural, así como na calidade de vida das persoas que habitan nos núcleos e aldeas próximos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polos motivos expostos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Por que se decidiu a tramitación separada dos dous parques e a liña de evacuación que conformarían a chamada Subestación de Abegondo?

- Non considera o goberno da Xunta que sería máis axeitado realizar unha tramitación conxunta para avaliar de forma completa os impactos ambientais, patrimoniais e sobre as persoas, especialmente sobre as vivendas próximas?

- Como explica o goberno galego que se teña dado xa autorización para a construción de novos parques eólicos que proxectan a evacuación a través dunha subestación que aínda non se autorizou e que até este momento nin tan sequera se sabía onde, concretamente, se ía ubicar?

- En que situación se encontra a tramitación do proxecto de subestación de 220 Mw que está a tramitar a Xunta nesta mesma ubicación?

- Como se prevé a evacuación a través da liña cara ás Pontes cando a este nó de evacuación se lle asigna neste momento unha capacidade de 0 Mw?

- Como influiría neste deseño que se abra o Concurso de Transición Xusta das Pontes?

- Dado que no anuncio se indica que a subestación se utilizaría para abastecer de enerxía as liñas de transporte de ferrocarril Vigo-Ourense-Lugo-A Coruña, destinaríase toda a enerxía evacuada desde a subestación de Abegondo para este fin? Canta enerxía se estima que sería destinada para iso? Que destino se daría á sobranse? A onde se dirixiría?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Atenderá o goberno galego as distintas alegacións de colectivos e entidades de Abegondo, así como da propia veciñanza, e denegará a autorización para a instalación dea Subestación Eléctrica de Abegondo?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 25/09/2023 12:53:26

Ramón Fernández Alfonzo na data 25/09/2023 12:53:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Paulo Ríos Santome e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No lugar de Torés, Concello de As Nogais na comarca dos Ancares na montaña lucense, a súa poboación infantil está a sufrir as consecuencias directas da falta de sensibilidade das administracións a respecto do transporte das nenas e nenos do lugar ao seu centro de ensino.

Durante máis de medio século mantívose unha liña de transporte escolar para as crianzas que ían ao colexio a Becerreá. Posteriormente estableceuse outra liña ata as Nogais polo que as familias podían escoller a cal dos colexios enviar ás súas fillas e fillos. Esta cuestión tiña todo o sentido xa que as 3 localidades Becerreá-Nogais e Torés conforman un triángulo, no que as 2 primeiras están na base a unha distancia aprox de 8km entre elas, mentres que Torés se encontra no seu vértice está equidistante a ambas localidades con 14 km de distancia a cada unha.

Hai xa 20 anos que as nenas e nenos ían maioritariamente a escola de Becerreá, hai agora mesmo 7 rapazas e rapaces, 5 dos cales acoden a Becerreá obrigatoriamente xa que cursan secundaria, mentres os 2 restantes podería escoller.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Hai 2 anos que reestruturaron o transporte, quitando a parada do centro de Torés, retirándoa uns centos de metros ata xusto o límite dos 2 concellos e deixándoa nunha curva extremadamente perigosa.

Consultados polos pais co servizo de mobilidade da Xunta en Lugo non lles resolveron absolutamente nada, xa que a solución que lles indicaron que solicitaran logo foilles denegada pero si se lles explicou que as arcas públicas non podía costear o gasto que supuñan estes 5 km diarios de transporte entre concellos, polo que tiñan que ser as familias as que se fixeran cargo deste gasto.

O resultado de todo isto foi que as familias e as crianzas levan dende o ano 2021 co transporte oficial que deixou a Xunta e modo que as criaturas terían que coller o bus no centro de Torés, facer os 14km ata As Nogais por unha estrada de montaña, estreita e flanqueada por precipicios en todo o seu percorrido, perigosa e máis no inverno, nas Nogais farían trasbordo para chegar pola N-VI a Becerreá, que como xa dixemos son uns 8km.

A outra alternativa que a única protectora para estas crianzas é que pais e nais se organicen como poidan para levar ás súas crianzas ata a parada de no último lugar de Becerreá lindante con Torés, isto fai que as súas fillas e fillos fagan somentes 14km por boa estrada, non teñan que transbordar e por suposto costean eles o custe de levalos.

Estas decisións que foron tomadas dende o espírito contrario á defensa do rural e ao coidado da poboación que nel habita comezando polas crianzas, son insensíbeis e deben modificarse de xeito inmediato, porque unha vez máis suliñan que o goberno da xunta considera o rural como un problema e non como unha oportunidade, por isto din que estes 2,5 km son un gasto público que non van a asumir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai o goberno da Xunta devolver ao centro de Torés a parada do bus escolar que leva ás crianzas directamente a Becerreá?

Coñecen na consellería o percorrido da estrada que une Torés coa As Nogais?

Que beneficio ten para a localidade das Nogais ou para as crianzas o transbordo nese lugar?

De verdade a Xunta de Galiza, con máis de 11.000 millóns de orzamento considera como inasumible o custo de 15 km semanais para levar en condicións de seguridade a estes rapaces?

Se foran súas fillas e fillos as que estiveran nesta circunstancia que farían?

Prefiren quizá que os buses vaian baleiros e por isto fomentan que sexan as nais e pais as que fagan ese traballo aínda a conta da perda de horas de traballo?

Poden xustificar este caso concreto e explicarnos a que se debe en realidade?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Cristina Fernández Davila
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 12:54:43

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2023 12:54:57

Paulo Ríos Santomé na data 25/09/2023 12:55:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Paulo Ríos Santome e Cristina Fernández Davila, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende hai xa anos no rural da provincia de Lugo e de norte a Sur a poboación infantil e as súas familias veñen sufrindo problemas constantes porque o transporte escolar non está deseñado para cubrir as necesidades das e dos escolares.

Déronse todo tipo de casos nos que fomos facendo iniciativas que nalgún caso axudaron a resolver os problemas pero noutros foron infructuosas ou ben foron xurdindo problemáticas a posteriori.

A tónica xeral é que se fan deseños que resultan ríxidos, inamovíbeis e que en moitas ocasións poñen en serio perigo ás crianzas e noutras simplemente déixanos desprotexidos.

Cando as familias se dirixen á Xunta de Galiza a resposta maioritariamente denota a máis absoluta insensibilidade, resultando ás veces pintoresca e incluso posiblemente motivada por intereses, dos que por suposto descoñecemos a causa.

Déronse casos tan variados que sería difícil unificalos, porque van dende facer esperar ás crianzas 45 min despois de rematar o comedor ata facelos camiñar cara atrás para recoller o bus para logo volvelos levar por diante da súa casa, isto está a suceder a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

esta altura, pasando por expoñelos camiñando á beira de estradas estreitas no pleno inverno, aínda sendo pequerrechas.

A ordenación das rutas e paradas de bus na Provincia de Lugo ben merece atención especial, máxime cando o transporte integrado non funciona como tal tendo unha frecuentación mínima ou residual e que non ten a mesma incidencia sobre unha persoa adulta o alonxamento dunha parada que para unha crianza.

No 99% dos casos as modificacións non terían custe algún e no 1% restante sería mínimo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Vai o goberno da Xunta revisar a ordenación das rutas de transporte escolar e as súas paradas para adaptalas ás necesidades das crianzas?

Consideran vostedes que as rutas e as súas paradas cumpren coas necesidades das crianzas?

Están en disposición de revisalas para mellorar a calidade e frecuentación?

Teñen coñecemento de que por esta situación moitas nais e pais fan o posible para levar ás súas fillas e fillos ao colexio eles mesmos?

Que causa ou que motiva a inflexibilidade ante as lexítimas queixas e reivindicacións das familias?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Son conscientes de que en moitas das rutas as crianzas están desprotexidas ou ben pola perigosidade da estrada, ou polas inclemencias climatolóxicas pola distancia das paradas, etc?

Que frecuentación ten o transporte escolar en cada ruta sexa esta integrada ou non tanto de nenas e nenos e de adultos?

Que incidencia consideran que teñen na fixación de poboación no rural tódalas incidencias que sofren as crianzas en relación co transporte escolar?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Cristina Fernández Davila

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 25/09/2023 13:28:09

Cristina Fernández Davila na data 25/09/2023 13:28:21





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 25/09/2023 13:28:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre o incumprimento do Plan lexislativo da Xunta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do 11 de xaneiro de 2021 coñeceu un “Informe sobre as previsións de elaboración de proxectos lexislativos da Xunta para 2021”, elaborado pola Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia.

Este informe non é accesíbel no portal de transparencia, mais o dossier informativo da citada xuntanza do Consello da Xunta di que “A Xunta impulsará a aprobación de 10 leis dun contido fundamentalmente regulador e novidoso en diferentes sectores”.

Transcorridos dous anos e nove meses, até seis leis incluídas no citado informe aínda están pendentes de aprobación, ben polo Consello da Xunta ou ben polo Parlamento. É o caso das normas referidas á arquitectura, artesanía, estatística, aprendizaxe ao longo da vida adulta, calidade alimentaria e de prevención de adiccións en menores.

O Consello da Xunta do 22 de setembro de 2022 tivo coñecemento doutro informe referido ao desenvolvemento do plan Lexislativo 2020-2024, documento que tampouco figura no portal de transparencia da Xunta. O dossier informativo sobre a xuntanza do Consello sinalaba: “A Xunta aprobará 8 novas leis antes de rematar o ano e prevé contar con outras 13 ao longo de 2023”.

Transcorrido un ano desde este anuncio, a maior parte das leis anunciadas aínda non foron aprobadas como proxectos polo Consello da Xunta. Nalgúns casos aínda non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comezou o proceso de tramitación. Unha parte están en trámites previos desde fai máis de 2 anos. E outras están en trámite parlamentario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Que balance fai a Xunta do desenvolvemento do Plan Lexislativo 2020-2024?

Por que razón una boa parte das leis anunciadas para 2021 aínda non están aprobadas?

Que prioridades ten a Xunta en materia lexislativa para o resto do mandato?

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Iria Carreira Pazos
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/09/2023 16:28:16

Iria Carreira Pazos na data 25/09/2023 16:28:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 25/09/2023 16:28:29



Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Gonzalo Caballero Miguez, Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A multinacional galega “Nueva Pescanova” o pasado 6 de setembro do presente ano informaba ao comité de empresa e delegados sindicais, a súa vontade de iniciar un ERE que xustifica por causas organizativas e económicas que afectará a área de Chapela.

A empresa anotaba que o seu obxectivo era adaptarse a un entorno global e asegurar a sustentabilidade da empresa a longo prazo, aínda que non recoñecía nese intre a cifra exacta de empregos afectados.

A decisión tomada pola empresa de iniciar un ERE realízase en plena negociación da empresa para vender a compañía á canadense Cooke.

Pola contra o comité de empresa facía un chamamento á retirada do ERE e a busca de solucións alternativas, avanzando nunha negociación fóra de toda situación hostil, unha negociación de boa fe, interna, sen facer dano á marca e sen poñer en xogo os retos que esta compañía ten nun futuro próximo.

O comité de empresa e o Grupo Parlamentario Socialista, entende que a Xunta de Galicia debe implicarse neste proceso dada a importancia deste empresa de referencia en Galicia e en defensa dos postos de traballo.



Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración realiza a Xunta de Galicia do ERE presentado pola empresa Nueva Pescanova que afecta a empregos do centro de traballo situada en Chapela?
2. Vai a implicarse o Goberno galego nesta situación que afecta a unha empresa de referencia en Galicia, tal como lle solicita o comité de empresa?
3. Mantivo o Goberno galego algún contacto coa empresa e co comité de empresa?
4. Que actuacións dentro das súas competencias pensa adoptar a Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2023 12:23:36

Gonzalo Caballero Míguez na data 26/09/2023 12:23:49

María Leticia Gallego Sanromán na data 26/09/2023 12:24:00





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 26/09/2023 12:32:21
Nº Rexistro: 60516
Data envío: 26/09/2023 12:32:21.687

Paloma Castro Rey na data 26/09/2023 12:24:08

Noelia Otero Lago na data 26/09/2023 12:24:18

Julio Torrado Quintela na data 26/09/2023 12:24:26

Marina Ortega Otero na data 26/09/2023 12:24:35

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220644

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Borja Vereas Fraiz, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Ana Belén García Vidal e Moisés Blanco Paradelo, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6º, de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Enogastronomía de Galicia desenvolverase no horizonte 2023-2025 co obxectivo de promocionar Galicia como destino enogastronómico de primeiro nivel poñendo en marcha actuacións transformadoras en diferentes áreas de Galicia.

Como o anterior Plan Territorial, o Enogastronómico de Galicia está estruturado arredor de Accións de Cohesión en Destino e Plans de Sostibilidade Turística impulsados polas entidades locais.

Cun orzamento de 34,5M de euros, é o segundo dos plans territoriais impulsados pola Xunta de Galicia ao abeiro dos Fondos Next Generation da UE. € e comprende 3 Actuacións de Cohesión en Destino (ACD) que contarán cun investimento de 14,9 millóns de euros e 11 Plans de Sustentabilidade Turística en Destino (PSTD) impulsados por entidades locais e que recibirán un total de 17 millóns de euros.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta:

- Que accións están incluídas no Plan Territorial de Sustentabilidade Turística de Enogastronomía de Galicia?

Santiago de Compostela, 26 de setembro 2023.





Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/09/2023 17:30:24

Cristina Sanz Arias na data 26/09/2023 17:30:58

José Antonio Armada Pérez na data 26/09/2023 17:31:10

Pardo López, Adrián na data 26/09/2023 17:31:25

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/09/2023 17:31:39

Ana Belén García Vidal na data 26/09/2023 17:32:21

Moisés Blanco Paradelo na data 26/09/2023 17:32:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento,

Borja Vera Fraiz, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Ana Belén García Vida e Moisés Blanco Paradelo deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6ª; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo.**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o 23 de marzo de 2023, o Plan director dos Camiños de Santiago que guiará as actuacións nas rutas Xacobeas ata o vindeiro Ano Santo. Este plan marcará as directrices para a conservación do Camiño de Santiago, dende melloras no trazado, sinalética, conservación e acollida, ata os aspectos relativos ao seu estudo como fenómeno de carácter único e singular

De xeito complementario ten a finalidade de establecer as medidas precisas para dar resposta aos retos que afronta a ruta xacobeas no horizonte dos próximos cinco anos, co obxectivo de darlle resposta a estes retos a través de distintas propostas de actuación que se levarán a cabo no Camiño. Galicia ten no Camiño de Santiago un elemento estratéxico para o seu posicionamento como destino turístico, xa que o Camiño non só fixa a imaxe máis recoñecible fóra de Galicia, senón que tamén funciona como dinamizador socioeconómico dos territorios polos que pasa e xerador dun amplo catálogo de produtos turísticos diferentes e únicos cos que estamos construíndo a nosa oferta.

Por iso, dende a Xunta, a premisa é seguir garantindo o seu coidado como fenómeno de peregrinación en todo o que atinxe ás súas infraestruturas do trazado e da acollida.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o orzamento previsto para o novo Plan director dos Camiños de Santiago? Cal é o incremento previsto respecto ao plan anterior?
2. Que obxectivos concretos, retos, liñas de actuación e accións teñen previsto desenvolver no novo Plan director?

Santiago de Compostela, 26 de setembro 2023.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 26/09/2023 17:26:32

Cristina Sanz Arias na data 26/09/2023 17:27:32

José Antonio Armada Pérez na data 26/09/2023 17:27:43

Pardo López, Adrián na data 26/09/2023 17:27:54

Rodríguez Pérez, Moisés na data 26/09/2023 17:28:06

Ana Belén García Vidal na data 26/09/2023 17:28:40

Moisés Blanco Paradelo na data 26/09/2023 17:28:51

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, relativa ás medidas a tomar para non permitir a deturpación do topónimo A Toxa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Chega setembro e de novo como nos últimos catro anos vaise celebrar na Illa da Toxa, no concello de O Grove o denominado “V Foro La Toja” entre o 28 e o 30 de setembro.

Ano tras anos asistimos ao insulto, a falta de respecto ao pobo galego e á nosa lingua por parte da oligarquía económica, financeira e política.

Un evento no que participa o máis granado da oligarquía: entre outros o presidente da Xunta de Galiza, ex-presidentes do Goberno español, Felipe VI e representantes do mundo da empresa ou das finanzas como o presidente de ABANCA ou o CEO de IBERDROLA.

Baixo a beatífica imaxe dun “foro de debate intelectual e académico para fomentar o intercambio de ideas e experiencias” o que agocha é a intención de deseñar e decidir o noso futuro, fóra das institucións democráticas.

Durante tres días reúnense representantes da elite política, económica e intelectual, banqueiros, xefes de goberno presentes e pasados, afinando as súas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

estratexias de dominación e explotación da maioría ao servizo do poder dominante que representan.

Poder responsábel do proceso acelerado da degradación das condicións de vida da maioría da poboación, empobrecemento e precariedade da clase traballadora e desmantelamento dos servizos públicos.

Queremos denunciar o apoio da Xunta de Galiza e do Goberno español a un Foro creado para promover e divulgar a ideoloxía neoliberal en materia de doutrina económica, social e política internacional; para amparar e branquear ao poder económico máis agresivo contra o pobo, e anular o país no que se celebra, Galiza, eliminando o galego, e mesmo vulnerando abertamente a Lei de Normalización Lingüística.

O que tería que facer o Presidente da Xunta é deixar de estar abrazado ao gran capital e reclamar nese Foro o fin do roubo xeralizado ao que están sometendo á poboación, do espolio enerxético aos que nos están sometendo @s galeg@s e rematar co deterioro dos servizos públicos, na vez de apoiar eses comportamentos empresariais compartindo mesa con eles.

Este foro ao denominarse “Foro La Toja” incumpre co seu nome a lexislación que reconece a oficialidade única dos topónimos galegos, a empezar pola Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, que establece no seu artigo 10.1. “Os topónimos de Galiza terán como única forma oficial a galega”, así como que “estas denominacións son as legais a todos os efectos”.

Representa un exercicio de ostentación e de desprezo pola toponimia propia de Galiza, e polo tanto d@s galeg@s, unha agresión á nosa máis grande sinal de identidade como é a lingua que non se pode consentir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non ten ningunha xustificación que responsábeis políticos que deberían ser os máximos garantes tanto do cumprimento da lexislación como da protección e promoción da nosa lingua participen e apoiem economicamente eventos que a deturpan, sen solicitar a rectificación precisa.

Esta deturpación súmase á que se realiza de xeito permanente, por exemplo, tanto no monólito que hai na entrada da Illa ou no nome do hotel no que se realizou o foro, que non respectan a toponimia oficial.

Temos que sumar que a Xunta, en resolución do 13 de agosto de 2021, declara como de "interese galego" a "Fundación La Toja", constituída en Barcelona, sen que teña feito nada para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, a pesares de que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Cales son as razóns do evidente apoio político e institucional por parte da Xunta de Galiza, ano tras ano, a un Foro que responde ás premisas ideolóxicas e lingüísticas tan marcadas en contra de Galiza?

Que accións ten realizado a Xunta de Galiza para impedir que por quinto ano un foro no que participa deturpe o uso legal do topónimo A Toxa?

Que accións ten realizado ou vai realizar a Xunta de Galiza para esixir o uso legal do topónimo A Toxa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Presta a Xunta de Galiza algún apoio económico a este foro? Si é positiva a resposta cal é a contía e en concepto de que?

Non considera que é obriga do Goberno galego velar, como mínimo, polo cumprimento da lexislación que protexe a lingua e a toponimia galega?

Coida que o Presidente da Xunta pode asistir a un evento onde non se respecta o topónimo de A Toxa e non esixir que se rectifique?

Que xestións ten realizado a Xunta de Galiza para adaptar o nome da Fundación á legalidade vixente en materia lingüística, toda vez que o protectorado da Fundación correspóndelle á Vicepresidencia Primeira e Consellaría de Presidencia, Xustiza e Turismo ?

Ten previsto o Presidente da Xunta reclamar nese Foro medidas para que non sexa de novo a clase traballadora a que pague a crise? ou pola contra volverá adular os comportamentos empresariais que afondan na mesma, concibíndoos como modelo económico a promover?

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Daniel Castro García

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 26/09/2023 17:50:20

Daniel Castro García na data 26/09/2023 17:50:25

Xosé Luis Bará Torres na data 26/09/2023 17:50:35



Á MESA DO PARLAMENTO

Martín Seco García e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 7ª**.

No mes de outubro deste 2023 comezará a abonarse en España o anticipo das axudas da Política Agraria Común (PAC), que este ano poderá alcanzar ata o 70 % do total co fin de dotar de maior liquidez aos agricultores e gandeiros. Segundo os datos do Ministerio de Agricultura vanse repartir 4.875 millóns de euros baixo o novo sistema que terá en conta os chamados ecorrexímes.

Esta é unha das grandes novidades, as prácticas sostíbles voluntarias polas que agricultores e gandeiros poden recibir un pago e os datos indican que a nivel estatal tivo unha boa acollida, xa que o 75 % dos agricultores e gandeiros españois solicitaron acollerse a estas prácticas, unha proporción que é maior se falamos de superficie, cun 87 % do total da declarada nesa solicitude única presentada que é superior ao planificado no plan estratéxico.

Nos datos públicos figura que no conxunto do Estado acolleuse a estas prácticas medio ambientais o 87 % da superficie declarada, cunha caída do 3,95 % das explotacións solicitantes que vén xustificado polo peche de granxas pero mantendo a superficie declarada, No caso de Galicia esta cifra descende ata o 62 %, o que supón que dunha superficie de 468.827 hectáreas existente na solicitude única, só 291.968 hectáreas estarán amparadas polos ecorrexímes.



Este dato sitúa á comunidade galega como a terceira que menos porcentaxe de superficie amparada polas axudas destinará a estas prácticas ecolóxicas, só por detrás das Illas Baleares e a Región de Murcia, estando moi lonxe de comunidades como Aragón ou Castela e León, onde a terra que se beneficiará desas prácticas supera o 90 %.

Hai que destacar tamén que outras comunidades da cornixa cantábrica, que teñen unhas características moi similares a Galicia, presentan uns datos moito mellores, un 88 % da superficie acollida á PAC en territorios como Asturias, Cantabria e o País Vasco.

A Consellería do Medio Rural di que avoga por unha implantación progresiva e «con sentidiño» dos requirimentos ambientais, xa que esta sustentabilidade ten unha tripla vertente, ambiental, social e económica e afirman que os *ecorregímenes* non son favorables nin están pensados para o modelo de pequenas explotacións profesionais de carácter familiar, que son as que predominan en Galicia, algo que choca frontalmente co sucedido no resto das comunidades autónomas da cornixa cantábrica.

A realidade é que as explotacións galegas deixarán de percibir debido ao déficit de información e aos problemas rexistrados na tramitación deste primeiro período de aplicación dos *ecorregímenes* da PAC uns 5 millóns de euros. Unhas contas realizadas por Unións Agrarias, que considera que case un 20 % da superficie agraria que se podería ter beneficiado destes fondos non o fará polas dificultades rexistradas ao non ter contado con servizos de asesoramento especializados á hora de realizar unha tramitación que, cos novos requirimentos, se ten volto significativamente máis complicada.

Os datos da organización agraria din que cunha boa xestión, Galicia debería ter roldado o 80 % da superficie e que o 85,4 % dos perceptores que realizaron a tramitación da PAC a través dos servizos que ofrece esta organización se



acolleron aos ecorreximes. Esta cifra dada por Unións Agrarias evidencia os problemas á hora de afrontar ese trámite cos que se atoparon outros agricultores e gandeiros que non contaron cun asesoramento técnico especializado axeitado, o que supón unha importante oportunidade perdida e que terá graves consecuencias económicas para o sector produtor.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas:

1. Cal é o motivo da baixa porcentaxe que ten Galicia na superficie solicitante de ecorrexímenes tendo en conta que o resto das comunidades da cornixa cantábrica non tiveron este descenso?
2. Cal é a cantidade perdida polos perceptores galegos nestas solicitudes, está no certo Unións Agrarias cando denuncia a perda de 5 millóns de euros?
3. Poden darnos os datos por entidades bancarias tramitadoras da porcentaxe que se acolleron aos ecorreximes?
4. Asesorouse e animouse aos perceptores a sumarse aos ecorrexímenes dende o Goberno galego e as entidades tramitadoras?

Parlamento de Galicia, 26 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Martín Seco García na data 26/09/2023 18:45:18





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 09:30:00
Nº Rexistro: 60536
Data envío: 26/09/2023 18:49:52.062

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 26/09/2023 18:45:30

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220657

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a nova destrución de postos de traballo da multinacional Teleperformance España na Coruña..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A destrución de emprego na cidade da Coruña non cesa. Como tampouco cesa a redución reincidente do número de traballadoras e traballadores nunha multinacional como Teleperformance España, cuxo cadro de persoal pasou en pouco tempo de máis de 900 persoas ás 515 que están a traballar actualmente no centro da Agrela.

En definitiva, A Coruña vén asistindo nos últimos anos a un proceso de deslocalización por parte de Teleperformance España. Malia dobrar esta empresa os seus beneficios desde o comezo da pandemia, non renuncia en minguar o cadro de persoal galego, substituíndoo por outro persoal aloxado en países con condicións laborais e sociais precarias.

O pasado 25 de agosto esta empresa comunicou que vai despedir a 310 traballadores e traballadoras que, en Galiza, deixará na rúa a 38 familias destinadas na Coruña, repartidas entre os seguintes postos: 35 teleoperador@s, 1 coordinador@ e 2 formadoras. En definitiva, un novo golpe á economía da cidade e comarca da Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha nova eliminación de postos de traballo que se suma á deslocalización a Teleperformance Colombia do servizo de atención a clientela de Unión Fenosa Distribución, cando Teleperformance España anunciou que mantería os postos de traballo mesmo diante do goberno da Xunta de Galiza, mais convertida nunha promesa que non durou máis de 11 meses, afectando á atención de calidade pola que é recoñecido este servizo centralizado na Coruña, así como á atención en galego que ficou moi debilitado.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

- Como valora o goberno galego a reincidencia da multinacional Teleperformance España acrecentando a destrución de emprego na Coruña?
- Mantivo o goberno algunha reunión co comité de empresa para valorar a negativa afectación que supón esta nova redución de traballadores e traballadoras?
- Que seguimento fixo o goberno desta empresa en relación á súa política laboral, tal e como se compromeu en pleno?
- Como valora o goberno da Xunta que unha empresa en crecemento económico continuado expulse os seus traballadores fóra do mercado laboral?
- Que medidas está a implementar o goberno da Xunta para evitar que a multinacional Teleperformance España destrúa 38 postos de traballo na Coruña?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/09/2023 11:22:54

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/09/2023 11:23:08

Daniel Pérez López na data 27/09/2023 11:23:19





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Diego Lourenzo Moura e Olalla Rodil Fernández, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión de control da CRTVG**, sobre a cobertura dada polos medios públicos galegos ao fito da aprobación do uso do galego no Congreso.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei de Creación da Radio Televisión de Galicia establecía no seu artigo 1.1 que a corporación ten dentro da súa misión de servizo público a promoción, difusión e impulso da lingua galega. Posteriormente, a Lei de medios 9/2011, establece no seu artigo 5.1 como obxecto de servizo público da CRTVG “promover o emprego da lingua galega”. Tamén no seu artigo 6 regula de forma específica que o galego será a lingua da Corporación.

A pesar de que a lingua galega, e a súa protección e apoio, é consubstancial á creación dos medios públicos galegos, a actual dirección está permitindo e alentando unha degradación na proxección e protección da lingua galega.

Hai apenas unhas semanas fomos espectadores dun novo capítulo de ataque á lingua na televisión pública, a raíz da normalización da cooficialidade do galego na Cámara do Congreso dos Deputados. A aprobación desta medida supón un fito para a nosa lingua e un avance na normalización do seu uso nas institucións do Estado. Para a inmensa maioría dos galegos e galegas esta decisión supón un orgullo,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

independentemente do que falen na súa vida cotiá. Se ademais temos en conta o papel medular que ten a nosa lingua para os medios públicos galegos, a súa normalización na cámara baixa debера ser tamén celebrada pola CRTVG, en tanto que avance para a súa difusión, uso e normalización. Porén a televisión pública fixo unha cobertura desta nova dándolle un sentido negativo, seguindo así as directrices que se marcan dende o PP en Madrid.

Na cobertura do telexornal a presentadora caracterizou a medida como unha decisión maligna polo feito de ser impulsada polo soberanismo. A montaxe da peza perseguía de forma evidente connotar negativamente a decisión. Hai ademais unha segunda intencionalidade que é a invisibilización da presenza dos deputados e deputadas galegas no debate, para evitar así evidenciar o feito positivo e de orgullo que supuxo ver e escoitar a nosa lingua nesa institución.

Cando a CRTVG ten que escoller entre servir ao obxecto de servizo público ou aos intereses particulares do grupo popular e do actual goberno da Xunta de Galiza, vemos como de forma reiterada a balanza cae do lado dos segundos.

A manipulación informativa en favor dos intereses do PP é escandalosa. Os traballadores e traballadoras levan anos denunciando esta situación que, lonxe de atopar un cauce para a súa resolución, cada vez dexenera máis.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na comisión de control da CRTVG:

- Que valoración fai da cobertura dada polos medios públicos galegos ao fito da aprobación do uso do galego na Cámara baixa?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que o uso do galego no Congreso é un feito positivo?
- Porque se decidiu atribuír unha connotación negativa a este fito?
- Cre que este fito está aliñado coa misión de protección e apoio da lingua consubstancial aos medios públicos?
- Non considera que o feito de que dous presidentes da Xunta voten en contra desta medida é noticiable?
- Con que criterio xornalístico se invisibiliza habitualmente a presenza das deputadas e dos grupos galegos no Congreso?

Santiago de Compostela, 27 de setembro de 2023

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Olalla Rodil Fernández

Diego Lourenzo Moura

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 27/09/2023 13:25:56

Olalla Rodil Fernández na data 27/09/2023 13:26:04





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diego Lourenzo Moura na data 27/09/2023 13:26:20



Á MESA DO PARLAMENTO

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A transformación dixital do sector turístico é unha oportunidade para o conxunto de Galicia, coa que se podería avanzar en ofrecer ás persoas viaxeiras hiperconectadas do século XXI experiencias óptimas durante todo o ciclo dunha viaxe, impulsar o desenvolvemento de propostas turísticas competitivas e innovadoras e identificar o destino polo desenvolvemento da cadea de valor turística desde a sustentabilidade social e ambiental da actividade (aliñamento coa Axenda 2030 e cos Obxectivos Desenvolvemento Sustentable (ODS) e cos grandes fitos da Organización Mundial do Turismo).

Dende o grupo parlamentario socialista propoñemos un modelo de crecemento turístico para os próximos anos baseado nos seguintes principios:

- Crecemento socioeconómico, para o que hai que traballar a favor da competitividade e rendibilidade do sector, apostando pola calidade e acelerando o proceso de transformación dixital.
- Preservación dos valores naturais e culturais, partindo de que a conservación do noso extenso patrimonio cultural e natural é un obxectivo prioritario.
- Beneficio social, para conseguir unha distribución dos beneficios do sector, e afrontar retos como o despoboamento do rural.



- Participación, estruturando mecanismos de goberno participativo entre a Xunta de Galicia e as demais administracións competentes a todos os niveis.
- A adaptación permanente, dado que non só se trata de buscar a calidade e a mellora, senón tamén de posibilitar que o sector teña capacidade de resposta ao novo entorno de constantes cambios

O turismo que queremos para Galicia dende o partido socialista ten capacidade para convivir coa súa contorna dun xeito respectuoso e simbiótico, onde a sustentabilidade non só é unha aposta política e empresarial, senón que debe constituír o principal atractivo para as e os viaxeiros. No turismo ao que avanzamos, a sustentabilidade non só será un elemento de atracción para o cliente, senón tamén un condición necesaria á hora de escoller un destino.

Debemos traballar conxuntamente co tecido empresarial a importancia de medir os procesos de innovación realizados nos seus establecementos e actividades turísticas.

Coa recuperación postpandemia, o noso país inicia un novo ciclo histórico que abre as portas para abordar cuestións complexas pero esenciais como a regulación da oferta de pisos e vivendas de uso turístico.

A Xunta de Galicia debe promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de facilitar a interacción e integración de quen nos visita e así aumentar a calidade da súa experiencia no destino e mellorar a calidade de vida dos que neles residen.

A Administración autonómica ten que traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía.



A maiores, o Goberno galego debe crear produtos e experiencias turísticas integrais, competitivas e para todos os perfís, que combinen diferentes tipos de turismo, desde o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou cultural. E tamén, debería impulsar decididamente o turismo rural, en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención as actividades natureza e aventura.

Estas últimas medidas serán necesarias para non masificar de turistas algúns destinos porque se os e as turistas teñen máis opcións o turismo se redistribúe.

Temos que facer unha reflexión máis profunda sobre as vivendas de uso turístico e sobre todo dialogar e contar cos concellos, con todos e cada un deles, para iso tería que crearse unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas onde estea presente a Administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia promover a sustentabilidade social, económica, ambiental e territorial dos destinos turísticos, co fin de mellorar a calidade de vida dos que neles residen?
2. Vai o Goberno galego a traballar para que todas as externalidades que o turismo xere sobre as cidades repercutan nun ben común e nunha mellora da calidade de vida de toda a cidadanía?
3. Vaise crear dende a Administración autonómica unha mesa de diálogo para tratar o tema do impacto das vivendas de uso turístico na vilas e cidades galegas onde estea presente a Administración autonómica, a Fegamp e o sector turístico?



4. Ten pensado a Xunta de Galicia crear produtos e experiencias turísticas integrais, competitivas e para todos os perfís, que combinen diferentes tipos de turismo, desde o turismo familiar ata o de saúde ou benestar, incluído o turismo de congresos e feiras, o enogastronómico ou cultural?
5. Vai a Xunta de Galicia impulsar decididamente o turismo rural, en todas as súas expresións, dende o agroturismo ata o ecoturismo, prestando especial atención as actividades natureza e aventura?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 27/09/2023 13:51:00

Martín Seco García na data 27/09/2023 13:51:09



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

A cobertura da continxencia por xubilación que afectaba aos profesionais da Avogacía e de Procura realizábase desde o ano 1948 a través da Mutualidade da Avogacía e de Procuraduría.

De feito, ata o ano 1995 a incorporación á Mutualidade era obrigatoria para poder desenvolver a actividade profesional, estándolles vedada a incorporación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos da Seguridade Social, o que supuña un agravio respecto doutros profesionais posto que moitas das enfermidades e desventuras que poden acontecer na vida, quedaban sen cobertura ou obrigaban aos mesmos a contratar servizos diferentes para non atoparse nunha situación de indefensión.

A partir do ano 1995, abriuse a posibilidade de incorporarse ao RETA e a partir dese momento, a Mutualidade da Avogacía constituíuse ou no réxime alternativo ou no complementario da protección outorgada polo sistema público; un sistema que se baseaba á hora de determinar as prestacións aos seus beneficiarios no réxime de capitalización colectiva de solidariedade interxeracional.

No en tanto, o cesamento da incorporación obrigatoria á Mutualidade, para moitos colexiados sinalan que esta non foi unha opción real de cambio xa que, en caso de optar polo RETA, non se permitía o rescate das achegas realizadas á Mutualidade, nin sequera para destinalas ao RETA nin tampouco se



computaba o tempo cotizado aos efectos do devengo da futura prestación de xubilación.

A situación de moitos mutualistas agrávase desde o ano 2005, no que se cambia o método de capitalización colectiva polo da capitalización individual e cun tratamento fiscal no momento do seu abono semellante ao dun plan de pensións e non como un sistema de previsión.

Imponse unha serena reflexión entre as persoas responsables das Mutualidades e os propios Colexios Profesionais co Ministerio responsable nesa materia para que se poidan valorar os cambios necesarios ao obxecto de posibilitar pasarelas e vías polas que cada profesional poida elixir libremente e sen lastres, o réxime de cobertura que desexe.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que actuacións entende o Goberno galego que é preciso realizar para dar unha solución ao problema co que se atopan á xubilación os profesionais da avogacía e procuraduría, que teñen contratado ou que o tiveron coas Mutualidades profesionais o sistema de protección social alternativo ao RETA?
2. Entende o Goberno galego que é urxente impulsar dende o goberno a aprobación da Lei Orgánica do Dereito de Defensa?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60580
Data envío: 27/09/2023 16:15:14.420

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 15:56:10

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2023 15:56:18

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220671

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O pasado 23 de setembro de 2023 finalizou o contrato entre a empresa FCC e a Mancomunidad Serra do Barbanza para a xestión da planta de compostaxe de Servia en Lousame.

Días despois ninguén ten claro si se vai producir a continuidade do servizo.

A mancomunidad mostrou a súa intención de propoñer á empresa unha prórroga de dous anos ampliable a un máis, pero aos traballadores/as non lles convence esa solución xa que levan anos denunciando a situación na que se atopa esta planta e a necesidade de elaborar novos pregos e sacar a concurso a concesión.

Por outra banda, a maiores das condicións das persoas traballadoras, a planta atópase con outro grave problema que é a falla de capacidade do vertedoiro no que actualmente se depositan os residuos non reciclables.

En relación a isto, a empresa mantén que solicitou ao goberno da Xunta de Galicia a autorización para ampliar esta capacidade, pero aínda non obtivo resposta polo que ata o de agora non dispón dunha alternativa provisional e verase obrigada a trasladar os refugалlos a Sogama o que suporá un gran custo para os concellos da mancomunidad.



A maiores disto a planta de Lousame require de modificacións urxentes para cumprir coa nova normativa europea que implica o remate do modelo húmido-seco en beneficio do sistema de xestión de 5 fraccións.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista levamos insistindo dende o inicio desta lexislatura na necesidade de que o goberno da Xunta colabore no sostemento desta planta e máis agora unha vez rematada esta concesión.

E un dato obxectivo que Sogama non ten a día de hoxe capacidade para a xestión de a materia orgánica de todos os concellos adscritos incluso descontando aqueles que opten por unha compostaxe de proximidade e polo tanto entendemos que o goberno da Xunta ten que aproveitar os fondos estatais destinados á aplicación da nova lei e os fondos propios previstos, para ademais de construír as infraestruturas que sexan preciso, formular unha complementariedade co sistema de xestión residuos de Barbanza.

Defendemos que é o momento de que o goberno da Xunta deixe de actuar coma se so existira Sogama e colabore coa planta de Lousame na súa xestión e na súa actualización e inclusión no sistema galego de xestión de residuos, o que sería máis sostible para todos os galegos e galegas, tanto económica como ambientalmente.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que posición vai ter o Goberno galego respecto á continuidade da Planta de Residuos de Lousame unha vez rematada a concesión?
2. Entende o goberno da Xunta que conta Sogama con recursos técnicos suficientes para tratar o residuo orgánico de todos os concellos adscritos ao seu sistema de xestión?



3. Pensa colaborar este goberno coa planta de Lousame para garantir a súa continuidade?

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 15:59:29

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2023 15:59:40

Patricia Otero Rodríguez na data 27/09/2023 15:59:52

Eduardo Ojea Arias na data 27/09/2023 16:00:04



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos.**

No mes de setembro de 2023 o goberno da Xunta publicou os datos de execución orzamentaria do segundo trimestre do sinalado ano.

Das diferentes partidas orzamentarias cuxa execución non chega ao 50 % algúns datos resultan moi preocupantes, entre estes se atopan os índices que presentan as contas da Dirección Xeneral de Calidade Ambiental, Sostenibilidade e Cambio Climático no programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos con unicamente un 11,2 % executado, que tería que ser destinado a implementar medidas de apoio aos Concellos para a mellora na xestión de residuos, o cumprimento da normativa e o fomento da economía circular, así como a mellorar o funcionamento da xestión de residuos en Galicia e en concreto da entidade semipública Sogama.

O desleixo da Xunta de Galicia neste eido vese claramente na baixa execución que presenta esta partida orzamentaria nos últimos anos, cuxas accións principalmente responden a fondos finalistas que proveñen do Estado ou Fondos Europeos.

Durante todos estes anos non se acadaron os obxectivos establecidos en materia de xestión de residuos colocando a Galicia na cola das diferentes comunidades autónomas pero tras as últimas modificacións legais producidas no ano 2022 para traspoñer a Directiva Europea este cumprimento pasa de



unha obriga futura a un deber inmediato de cumprimento baixo risco de sanción polo que é incomprensible a baixa execución orzamentaria rematado o terceiro trimestre do ano.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como xustifica o Goberno galego a baixa execución orzamentaria, unicamente un 11,2%, rematado o segundo trimestre do ano 2023 no programa 541D relativo a Control Ambiental e Xestión de Residuos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda?
2. Como explica a baixa execución, unicamente un 11,2 %, da partida relativa a Control Ambiental e Xestión de Residuos nun ano no que temos que dar cumprimento aos prazos de reciclaxe esixidos pola normativa estatal e europea?

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 16:30:00
Nº Rexistro: 60591
Data envío: 27/09/2023 16:17:33.107

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 16:11:31

Patricia Otero Rodríguez na data 27/09/2023 16:11:40

Eduardo Ojea Arias na data 27/09/2023 16:11:52

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220677

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O próximo 4 de decembro de 2023, o Consejo General del Poder Judicial cumprirá cinco anos e máis de 1.800 días sen renovar, bloqueado como consecuencia da negativa do PP para alcanzar un acordo.

A pesar de que a renovación é un mandato constitucional, xa que a Constitución Española establece un período de vixencia de 5 anos improrrogables, o PP sempre bloquea a mesma cando se atopa na oposición:

- Fíxoo en 1995-1996 durante OITO MESES.
- Fíxoo en 2006-2008 durante DOUS ANOS.
- E faino agora, con CASE CINCO ANOS de bloqueo.

Este bloqueo que estamos a sufrir afecta gravemente ao funcionamento Administración de Xustiza, impactando directamente na cidadanía xa que está a provocar que haxa vacantes sen renovar, demoras nos procesos xudiciais e unha maior carga de traballo para os xulgados.

O Tribunal Supremo áchase minguado en máis dun 30 % dos seus efectivos e isto fai que algunhas das súas salas atópanse “ao bordo do colapso”.

Dende o ano 2018, o PSOE tentou alcanzar un acordo co PP en numerosas ocasións. Ao longo destes case 5 anos, o PP, primeiro con Pablo Casado e



agora, con Alberto Núñez Feijóo, puxeron innumerables escusas co único obxectivo de non renovar o CGPJ.

Os resultados acadados nas urnas o pasado mes de xullo polas diferentes forzas políticas representan a vontade da cidadanía española que ten que ser reflectida nesta nova renovación.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos que sexan responsables e respalden o cumprimento da Constitución instando dende o Parlamento de Galicia ao Goberno galego a que rexeite o incumprimento do artigo 122 da Constitución e a conseguinte situación de bloqueo que está a sufrir o CGPJ, e que manifeste aos grupos políticos con representación nas cortes a obriga de cumprimento inmediato da Carta Magna.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego da situación de bloqueo da renovación do Consejo General del Poder Judicial que están facer os representantes do PP no Congreso dos Deputados?

Santiago de Compostela, 26 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220679

@PSdeG





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 16:42:07
Nº Rexistro: 60597
Data envío: 27/09/2023 16:42:07.013

Paloma Castro Rey na data 27/09/2023 16:34:23

Pablo Arangüena Fernández na data 27/09/2023 16:34:31

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220680

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 4ª**.

Os concellos da Costa da Morte, Camariñas, Carnota, Cee, Corcubión, Muxía, Vimianzo e Zas están situados no xeodestino da Costa da Morte, concellos coñecidos pola súa paisaxe inconfundible mesturada co misterio e as lendas que conforman o seu sinal de identidade.

Esta singularidade unida á extensa oferta cultural dos ditos concellos fan que o turismo sexa un dos motores económicos da zona que unido á importancia do sector pesqueiro constitúen as actividades con maior peso do mencionado territorio.

A Costa da Morte é unha das zonas que máis poboación perde ano tras ano, 5563 habitantes menos nestes 7 concellos dende 2009, que é tanto como se nestes 12 anos desapareceran máis que a totalidade das e dos habitantes actuais de Camariñas (o terceiro concello máis poboado). Se dende a Administración autonómica non se implementan medidas eficaces que revertan esta sangría demográfica é posible que nun prazo non demasiado longo esta zona quede practicamente despoboad.

As e os socialistas recordámoslle á Xunta de Galicia unha e outra vez que a medida máis eficaz para evitar o despoboamento nos territorios é aplicar políticas de fomento de emprego de calidade que teña en conta a oferta existente e as potencialidades na zona, polo que mellorar a empregabilidade das persoas da Costa da Morte para poder inserirse laboralmente, contribuíndo



a ofertar servizos de calidade que impulsen os principais sectores económicos debería ser unha prioridade do Goberno galego.

Tendo en conta que Galicia recibiu do Plan para modernizar a FP do goberno central 114 millóns de euros, só no 2022, parece bastante razoable que estes recursos sexan investidos para mellorar a empregabilidade das persoas mozas que dea resposta ás demandas das empresas do sector que queren ofertar un turismo de calidade, pero necesitan profesionais formados, e no sector pesqueiro que tamén precisa de persoas novas e cualificadas para seguir sendo un sector punteiro na nosa comunidade.

Ante esta situación, as alcaidesas e os alcaides dos ditos concellos levan tempo reivindicando da Xunta de Galicia a creación de graos formativos que permitan formar a persoas mozas nestas especialidades demandadas na zona, por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten pensado o Goberno galego aumentar a oferta de ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte nas especialidades demandadas na zona de acordo ao seus sectores estratéxicos?

2ª) Cal é motivo para que o Goberno galego rexeitou a ampliación dos ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte?

3ª) Cal é a demanda de persoas interesadas en ciclos formativos na bisbarra da Costa da Morte?

4ª) Cal é o importe destinado pola Xunta de Galicia na bisbarra da Costa da Morte para Formación Profesional?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2023





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 18:11:28
Nº Rexistro: 60602
Data envío: 27/09/2023 18:11:28.684

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2023 18:06:43

Noelia Otero Lago na data 27/09/2023 18:07:05

Noa Susana Díaz Varela na data 27/09/2023 18:07:15

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**
220683

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Gonzalo Caballero Míguez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 3ª**.

No discurso de investidura da IX Lexislatura da Xunta de Galicia, o expresidente Núñez Feijóo anunciou a fusión de concellos como a medida estrela para rematar co minifundismo da planta municipal galega ao tempo de rematar co seu raquitismo orzamentario.

Durante esa lexislatura materializáronse dúas fusións, unha en 2013 dos concellos de Oza dos Ríos e de Cesuras dando lugar ao novo concello Oza-Cesuras, e no ano 2016 a fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade dando lugar ao novo concello Cerdedo-Cotobade.

A Xunta de Galicia, nos decretos polos que se aprobaron as fusións voluntarias dos ditos concellos dando orixe a un novo concello, establecía na propia exposición de motivos que consideraba que concurrían razóns de conveniencia e de oportunidade que aconsellaban a fusión iniciada polos concellos, xa que, segundo consideraban os concellos interesados, o novo municipio, xurdido da fusión, estaría en disposición de garantir unha prestación de servizos máis eficaz e eficiente sen mingua da calidade da democracia local, de igual xeito, fundamentábase en consideracións de orde xeográfica e económica e na estimación por ambos os dous municipios de que da alteración derivarán



importantes vantaxes en canto á prestación de servizos, así como á adquisición de novos e máis cuantiosos ingresos por parte doutras administracións públicas que dos que poidan adquirir por separado.

Pasados 9 e 6 anos respectivamente dende a materialización das dúas fusións, a deputada e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego sobre o resultado acadado por estas dúas fusións?

2ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo sobre a posibilidade de impulsar máis fusións dentro da nosa comunidade?

3ª) Cantos foron os recursos destinados aos concellos fusionados dende a constitución de cada un dos novos concellos?

4ª) Ten feito o Goberno galego algún estudo sobre o impacto que tivo cada unha das fusións sobre o nivel de vida da cidadanía dos novos concellos, así como a súa contribución á fixación de poboación?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2023





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/09/2023 18:11:55
Nº Rexistro: 60603
Data envío: 27/09/2023 18:11:55.106

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2023 18:08:06

Gonzalo Caballero Míguez na data 27/09/2023 18:08:20

CSV: BOPGDSPG-gr1HUI0EJ-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
220686

@PSdeG



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A saúde é un ben básico de toda a cidadanía e a súa protección é un dereito constitucional recoñecido no noso país, cuxos principios fundamentais son a universalidade, equidade, gratuidade, financiamento e provisión pública.

O Hospital Virxe da Xunqueira hai 25 anos que iniciou a súa andadura, cando o Concello de Cee puxo a disposición da Consellería de Sanidade os terreos para a súa construción, pasando a ser Cee o punto de referencia da comarca en materia sanitaria.

O 20 de setembro de 2016 o Grupo Socialista de Cee presentou unha moción facéndose eco das demandas dos profesionais sanitarios e das persoas usuarias do hospital, moción que foi aprobada por unanimidade do Concello-Pleno e trasladada á Consellería de Sanidade, que atendeu unha parte das ditas peticións.

Nos últimos meses produciuse unha mingua importante nos servizos prestados no dito hospital, servizos que tiñan un funcionamento axeitado, que pese ás promesas dende a Consellería de Sanidade de dar solución aos problemas existentes, a realidade é que cada día son máis graves e hai novas necesidades, polo que o grupo de goberno do concello de Cee volveu levar unha moción ao Pleno do concello, que foi aprobada cos votos a favor do PSOE, PP, BNG e C's e a abstención de IxCee, na que se demandaban:



“1.- DERMATOLOXÍA: Dende o mes de Agosto non hai dermatólogo/a no hospital, tendo que desprazarse tódolos pacientes ao hospital de referencia.

2.- OTORRINOLARINGOLOXÍA: Pasouse de ter un servizo a tempo completo a que só se atenda dous días a semana.

3.- MEDICINA PREVENTIVA: Un servizo que está tendendo a desaparecer xa que só acude de forma esporádica e non programada unha profesional desprazada dende a Coruña, co que os controis de contaminación de filtros, augas, vacinacións e consultas de tuberculose fanse dunha forma non sistemática, co conseguinte aumento de riscos para usuarios e traballadores”.

E xa fóra do ámbito asistencial e dentro da salubridade e do coidado estético é rechamante o aspecto exterior do hospital. Novamente foron numerosas as promesas dende a Consellería de Sanidade da execución da limpeza do hospital, chegando a realizar un estudo do seu coste. A realidade é que o tempo pasa e o hospital segue sen limpar.

É por todo isto que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cee presenta a seguinte MOCIÓN para seu debate e aprobación no Pleno.

Polo que se SOLICITA ao Pleno da Corporación de Cee que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Instar, de xeito urxente, á Consellería de Sanidade, dependente da Comunidade Autónoma de Galicia para que proceda a realizar as xestións necesarias adoptando os acordos pertinentes para dar solución á situación sanitaria exposta na parte dispositiva da presente moción e que se concretan en:

-Ampliación do servizo de reanimación a tempo completo

-Incorporación dunha nova quenda de hemodiálise



- Implantación do servizo de cardioloxía*
- Ampliación do servizo de dixestivo*
- Reapertura do servizo de dermatoloxía*
- Atención do servizo de otorrinolaringoloxía de luns a venres*
- Presenza dun profesional de medicina preventiva de forma programada tódalas semanas.*
- Limpeza da fachada do hospital e busca dunha solución permanente.*

2º.- *Para o caso da súa aprobación dar traslado do acordo que se adopte co texto íntegro da presente moción á Consellería de Sanidade.*

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai atender o Goberno galego as solicitudes aprobadas polo Concello-Pleno de Cee para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e ampliar os servizos prestados no hospital Virxe da Xunqueira?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2023 18:08:41

Julio Torrado Quintela na data 27/09/2023 18:08:57

Marina Ortega Otero na data 27/09/2023 18:09:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 5ª**.

A saúde é un ben básico de toda a cidadanía e a súa protección é un dereito constitucional recoñecido no noso país, cuxos principios fundamentais son a universalidade, equidade, gratuidade, financiamento e provisión pública.

O Hospital Virxe da Xunqueira hai 25 anos que iniciou a súa andadura, cando o Concello de Cee puxo a disposición da Consellería de Sanidade os terreos para a súa construción, pasando a ser Cee o punto de referencia da comarca en materia sanitaria.

O 20 de setembro de 2016 o Grupo Socialista de Cee presentou unha moción facéndose eco das demandas dos profesionais sanitarios e das persoas usuarias do hospital, moción que foi aprobada por unanimidade do Concello Pleno e trasladada á Consellería de Sanidade, que atendeu unha parte das ditas peticións.

Nos últimos meses produciuse unha mingua importante nos servizos prestados no dito hospital, servizos que tiñan un funcionamento axeitado, que pese ás promesas dende a Consellería de Sanidade de dar solución aos problemas existentes, a realidade é que cada día son máis graves e hai novas necesidades, polo que o grupo de goberno do concello de Cee volveu levar unha moción ao Pleno do concello, que foi aprobada cos votos a favor do PSOE, PP, BNG e C's e a abstención de IxCee, na que se demandaban:



“1.- DERMATOLOXÍA: Dende o mes de Agosto non hai dermatólogo/a no hospital, tendo que desprazarse tódolos pacientes ao hospital de referencia.

2.- OTORRINOLARINGOLOXÍA: Pasouse de ter un servizo a tempo completo a que só se atenda dous días a semana.

3.- MEDICINA PREVENTIVA: Un servizo que está tendendo a desaparecer xa que só acude de forma esporádica e non programada unha profesional desprazada dende a Coruña, co que os controis de contaminación de filtros, augas, vacinacións e consultas de tuberculose fanse dunha forma non sistemática, co conseguinte aumento de riscos para usuarios e traballadores”.

E xa fóra do ámbito asistencial e dentro da salubridade e do coidado estético é rechamante o aspecto exterior do hospital. Novamente foron numerosas as promesas dende a Consellería de Sanidade da execución da limpeza do hospital, chegando a realizar un estudo do seu coste. A realidade é que o tempo pasa e o hospital segue sen limpar.

É por todo isto que o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cee presenta a seguinte MOCIÓN para seu debate e aprobación no Pleno.

Polo que se SOLICITA ao Pleno da Corporación de Cee que se adopte o seguinte acordo:

1º.- Instar, de xeito urxente, á Consellería de Sanidade, dependente da Comunidade Autónoma de Galicia para que proceda a realizar as xestións necesarias adoptando os acordos pertinentes para dar solución á situación sanitaria exposta na parte dispositiva da presente moción e que se concretan en:

- Ampliación do servizo de reanimación a tempo completo*
- Incorporación dunha nova quenda de hemodiálise*



- Implantación do servizo de cardioloxía*
- Ampliación do servizo de dixestivo*
- Reapertura do servizo de dermatoloxía*
- Atención do servizo de otorrinolaringoloxía de luns a venres*
- Presenza dun profesional de medicina preventiva de forma programada tódalas semanas.*
- Limpeza da fachada do hospital e busca dunha solución permanente.*

2º.- *Para o caso da súa aprobación dar traslado do acordo que se adopte co texto íntegro da presente moción á Consellería de Sanidade.*

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai atender o Goberno galego as solicitudes aprobadas polo Concello-Pleno de Cee para corrixir as deficiencias existentes e mellorar e ampliar os servizos prestados no hospital Virxe da Xunqueira?

Pazo do Parlamento, 25 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 27/09/2023 18:08:41

Julio Torrado Quintela na data 27/09/2023 18:08:57

Marina Ortega Otero na data 27/09/2023 18:09:07



Á MESA DO PARLAMENTO

Marina Ortega Otero, Pablo Arangüena Fernández e Julio Torrado Quintela, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Galicia é unha das comunidades autónomas coa maior porcentaxe de persoas maiores do país. Na actualidade, o déficit de prazas de atención residencial fai que, a lista de espera para entrar nunha praza pública sexa de máis de dous anos para as persoas maiores e/ou con dependencia, e unha vez logran esa praza, en moitos casos se concretan en centros que están a máis de 100 quilómetros de distancia do seu lugar de orixe.

Para máis inri, a xestión do Goberno galego en canto ao modelo de atención residencial está a inverter a calidade de vida das persoas maiores que viven nas residencias. As denuncias da Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais apuntando a irresponsabilidade da Consellería de Política Social como causante do entorpecemento da xestión das inspeccións así como das filtracións das visitas da inspección a centros, xunto coas denuncias dos familiares de residentes, das traballadoras do sector e tamén do Movemento Galego pola Saúde Mental, en relación aos ingresos de pacientes menores de 65 anos con enfermidades mentais, fai que o sector involucone.

Un dos centros que leva tempo con problemáticas é o CAPD de A Coruña. En concreto en canto ao persoal e aos ingresos de persoas usuarias con trastornos de saúde mental que presentan problemas de conducta. Cuestión esta última, denunciada a través dos comunicados da Asociación Galega de Inspectores e Inspectoras de Servizos Sociais da Xunta e polo Movemento



Galego pola Saúde Mental que vela polos dereitos das persoas con problemas de saúde mental.

En concreto, o persoal do CAPD de A Coruña é insuficiente, xa que segundo indica o persoal do CAPD, as ratios de persoal non están adaptadas á tipoloxía de usuarios e usuarias do centro. De feito indican que, incluso cando se convoca unha folga “o número de efectivos nomeados de servizos mínimos era superior aos efectivos presentes en moitas ocasións”. Solicitan un incremento de efectivos para poder adaptarse á carga laboral requirida e así poder aportar ás persoas usuarias unha atención de calidade.

O número de IT é significativo e derivado da elevada carga laboral inasumible polos efectivos actuais, de feito indican que son derivadas no só por problemas físicos, senón tamén polo desgaste emocional e psíquico que supón o traballo nesas condicións.

Ademais indican que, “nos últimos tempos, debido ás continuas agresións físicas e o estrés que supón chegar ao traballo sen saber se hoxe te van tirar, rabuñar ou darte un mal golpe que te leve ao hospital” en relación aos casos de alteración grave de conducta. Continúan en relación a esta problemática asegurando que “nos últimos tempos temos dous casos de trastorno de comportamento gravísimo que supoñen a agresión continua tanto ao persoal como ao resto de residentes que atópanse desatendidos no sentido de non poder traballar con eles aspectos como emocións, AVD, mantemento de habilidades, xogos, etc, debido á atención continua que requiren estes usuarios e usuarias”.

No mesmo comunicado, engaden outro agravio para o benestar das persoas usuarias, xa que dende a transformación en 2011 do CAEE Santiago Apóstol a CAPD A Coruña, a oferta deste servizo (talleres como cestería e barro,



alfombra, ximnasia e psicomotricidade) viuse minorada coa amortización de varios postos de Mestre Taller.

Por todo o exposto, a deputada e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñecen dende a Consellería de Política Social as demandas e problemáticas do centro CAPD A Coruña?
2. Que tipo de solucións ofrecen para as persoas con problemas de saúde mental que precisan de ingreso en centros?

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 28/09/2023 10:21:07

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2023 10:21:20

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2023 10:21:33



Á MESA DO PARLAMENTO

Gonzalo Caballero Miguez, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A calidade da sanidade pública galega é fundamental para o benestar da cidadanía. Na atención primaria galega existen diversas debilidades, como reflexa a existencia de listas de espera, e son moitos os puntos de atención continuada (PAC) que requiren de máis persoal en distintos concellos de Galicia.

Xustamente ante os problemas que existen na atención primaria, especialmente no verán, a cidadanía rediríxese aos PAC para acadar atención médica.

Neste verán, o PAC da rúa Pizarro na cidade de Vigo, que é o único dispositivo de urxencias extrahospitalaria para milleiros de cidadáns e cidadás, viuse desbordado ante a falla de persoal -chegaron a faltar dous médicos por quenda- e o aumento da poboación que adoita ter nos meses estivais.

O persoal deste PAC trasladou esta problemática, e é por isto que a dirección da área sanitaria de Vigo recibiu unha misiva por parte de facultativos do PAC denunciando a infradotación do servizo e reclamando unha axeitada planificación e dotación para o futuro, especificamente para evitar que o vindeiro verán se repita o que pasou neste.



Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É consciente a Xunta de Galicia da saturación que viviu o PAC de Pizarro durante a tempada estival, con ata 220 horas descubertas do persoal médico necesario?
2. Coñece a Xunta de Galicia os prexuízos que supón esta situación para os e as doentes e para os e as traballadores/as que ten que asumir unha grande carga de traballo debido á mala xestión dos cadros de persoal?
3. Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia para evitar que esta problemática se repita no futuro?

Santiago de Compostela, 27 de setembro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 28/09/2023 10:25:23

Julio Torrado Quintela na data 28/09/2023 10:25:34

Marina Ortega Otero na data 28/09/2023 10:25:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as actuacións e proxectos que se están a desenvolver no marco de Redemar.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa máis dun ano, en xuño de 2022, que a Xunta de Galiza creou a Rede entre o sector pesqueiro e os organismos científicos da Comunidade Autónoma de Galiza “coa finalidade de fomentar o intercambio e a transferencia de coñecementos entre os organismos científicos, o sector pesqueiro e a Administración pesqueira de Galiza”.

Segundo a propia ex conselleira de Mar, en resposta a unha interpelación deste Grupo do pasado 4 de outubro de 2022, para a Rede “hai fondos suficientes. Para o ano 22 e 23 temos a disposición 2,5 millóns de euros para identificar esas accións que nos digan os científicos que hai que poñer en marcha para solventar os posíbeis problemas que se detecten nos diferentes bancos marisqueiros”.

E segundo se publicou na páxina web da Consellería de Mar, o pasado mes de abril a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro inaugurou a primeira das reunións “previstas nos vindeiros meses dos grupos de traballo da Rede”. Uns encontros que “teñen como obxectivo analizar as problemáticas específicas de cada unha das rías e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

zonas costeiras de Galiza en relación coa situación dos recursos marisqueiros e ver posíbeis liñas de investigación”.

As reunións comezaron en Vigo e “nas próximas semanas farase o propio nas rías de Muros-Noia-Costa da Morte, Pontevedra, Arousa, Ferrol e A Mariña-Ortega”. Así, a finais de maio, tivo lugar un novo encontro para analizar os problemas principais da ría de Pontevedra e, segundo a directora xeral, “para asentar as bases dos proxectos singulares que se proporán ao Fondo Europeo Marítimo e da Pesca”.

Ademais, ao longo dos últimos meses tamén se foron publicitando distintos proxectos aprobados no marco da Rede e en relación co estudo dos bancos naturais en distintas rías.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Cal é exactamente o orzamento destinado a Redemar?

. Que accións se identificaron para “solventar os posíbeis problemas que se detecten nos diferentes bancos marisqueiros”? Cales das identificadas se puxeron ou se van poñer en marcha no curto prazo?

. Cantos encontros se levaron a cabo para analizar os problemas das rías galegas? En que rías?

. Que conclusións se derivaron dos encontros levados a cabo? Que actuacións se propuxeron? Das propostas, cales se puxeron en marcha? Que horizonte temporal ten o seu desenvolvemento?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- . Existen xa “proxectos singulares” para propoñer ao FEMP? Cales?
- . Cales son os proxectos concretos que se están a desenvolver no marco da Rede? En que consiste cada un deles?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Carmela González Iglesias
Daniel Castro García
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 10:17:09

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 10:17:23

Daniel Castro García na data 28/09/2023 10:17:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as demandas ao goberno español que permitan o acceso ao sistema de exencións fiscais á frota do palangre de superficie galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A exención do 50% do IRPF aos tripulantes de buques que pesquen túnidos ou especies afíns fóra das augas comunitarias, establecida na disposición adicional cuadraxésima primeira da Lei 35/2006, do IRPF, non se está a aplicar á frota de palangre de superficie galega.

É unha exención que foi establecida co obxecto de frear o traspaso de tripulantes a frotas distintas das do Estado español cunha menor presión fiscal e diante do agravio comparativo existente entre os tripulantes que, traballando no mesmo caladoiro, partindo do mesmo porto e tendo un salario bruto semellante, acaban cobrando cantidades moi diferentes após a aplicación de impostos por faenar baixo bandeira doutros Estados cunha fiscalidade máis ventaxosa.

A aplicación desa exención non se está a producir porque a Axencia Tributaria e o propio Goberno español afirman que está condicionada á súa compatibilidade co ordenamento comunitario, circunstancia que implica que a mesma debe aprobarse pola UE, considerando tamén pola Axencia Tributaria que este feito non se produciu.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Malia todo isto, segundo informacións recentes, parece que si está sendo efectiva para os tripulantes de frota doutras zonas do Estado, nomeadamente para as de Euskadi.

Consideramos que estas desgravacións están dirixidas a apoiar e a igualar economicamente ás persoas traballadoras e non directamente ás empresas, polo que non entrarían en colisión coas normas en materia de competencia da UE e, polo tanto, entendemos que non é necesaria a declaración formal de compatibilidade coa lexislación europea. E, no caso de que si o fose, o propio Goberno español podería tela solicitado para que as axudas puideran ser operativas na actualidade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. É coñecedor o Goberno galego da denegación do acceso ao sistema de exencións fiscais da frota de palangre de superficie galega?

. De ser así, que medidas tomou, ou vai tomar, para que se lle aplique a disposición adicional cuadraxésima primeira da Lei do IRPF?

. Ten coñecemento de que as exencións fiscais recollidas na devandita disposición adicional se estean a aplicar a frota doutras zonas do Estado?

. De ser así, reclamou, ou vai reclamar, que se garanta a igualdade de trato entre as distintas frota do Estado?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 10:42:57

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 10:43:00

Daniel Castro García na data 28/09/2023 10:43:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, sobre as actuacións a levar a cabo pola Xunta de Galiza diante dos incumprimentos sistemáticos da empresa adxudicataria do servizo de salvamento marítimo de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos, este Grupo Parlamentar denunciou no propio Parlamento Galego en numerosas ocasións os reiterados incumprimentos da empresa Babcock International, agora chamada Avincis, adxudicataria dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros do Servizo de Gardacostas de Galiza, dependentes da Consellería do Mar.

Malia o recoñecemento deses incumprimentos por parte do Grupo Parlamentario Popular e malia incluso ao seu voto favorábel a algunha das nosas iniciativas ao respecto, continúanse a facer públicas novas denuncias por parte do propio persoal da empresa, nomeadamente do da base de Celeiro.

A mediados do mes de xuño e tamén neste mesmo mes de setembro soubemos que o helicóptero de Celeiro permaneceu inoperativo por un tempo moi superior ao permitido polas propias cláusulas do contrato de adxudicación, que, no seu artigo 2.6, *Tempo de resposta, inoperatividades e helicóptero de substitución*, deixa meridianamente claro o seguinte:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2.6.5 Dadas las características de este servicio, es primordial garantizar su continuidad. Así con el objeto de mantener el estado de máxima operatividad del servicio, en caso de que un helicóptero quedara fuera de servicio por cualquiera causa, la empresa adjudicataria pondrá a disposición de la consellería otro helicóptero de características y prestaciones igual o superiores en el menor tiempo posible (plazo máximo de relevo de 48 horas desde la interrupción del servicio) sin cargo alguno para la consellería.

O persoal de Avincis vén de facer público que no mes de xuño a aeronave de Celeiro permaneceu inoperativa 5 días e, en setembro, dende o pasado día 13 aínda, a día de hoxe, continúa, despois de quince días, nas mesmas circunstancias.

Como xa temos manifestado moitas veces ao longo da actual lexislatura, é máis que evidente que:

- A empresa segue a incumprir gravemente o contrato unha e outra vez dende o mesmo ano, 2017, da súa adxudicación.
- A empresa segue a actuar con total impunidade, sen atender as cláusulas que lle son de obrigado cumprimento e sen corrixir no máis mínimo o seu xeito de proceder.
- A Xunta de Galiza segue permitindo o incumprimento das condicións establecidas no prego.
- A Xunta de Galiza segue sen esixir o cumprimento escrupuloso do contrato e responsabilidades polo modus operandi da empresa.
- Os galegos e galegas vimos de pagar 51 millóns de euros a Avincis nos últimos cinco anos por un servizo que non prestou, nin presta, nas debidas condicións e





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que en moitos casos, como os recentemente feito públicos, directamente non presta.

Con todos estes antecedentes, e diante da inminente renovación da adxudicación do servizo por parte da Xunta de Galiza á mesma empresa, faise absolutamente inexcusábel e máis necesario ca nunca o cumprimento do contrato e de toda a normativa vixente por ambas as dúas partes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego do funcionamento da empresa adxudicataria dos servizos de operación e mantemento de dous helicópteros e os seus medios auxiliares para o desenvolvemento das misións propias do Servizo de Gardacostas de Galiza?

. Que actuacións ten levado a cabo a Xunta de Galiza dende o ano 2020 para comprobar se a empresa agora chamada Avincis cumpre rigorosamente todas e cada unha das cláusulas do contrato dos servizos de operación e mantemento dos helicópteros de Salvamento Marítimo de Galiza?

. Ten coñecemento dos feitos denunciados no mes de xuño e neste mes de setembro polo persoal da base de Viveiro? De ser así, que actuacións ten levado a cabo ao respecto?

. Está a Xunta de Galiza en condicións de asegurar que está a cumprir as condicións do contrato de adxudicación en canto ás prerrogativas que este lle outorga sobre control, inspeccións e penalizacións á empresa adxudicataria?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Diante da gravidade dos feitos que se veñen producindo, vai a tomar as medidas que correspondan para poñer fin á situación de impunidade na que actúa a empresa?

. Dada a inminente adxudicación do novo contrato á mesma empresa, vai intensificar os controis e o seguimento do contrato para garantir o seu cumprimento e o correcto funcionamento do servizo? De ser así, que actuacións de control vai levar a cabo e de que maneira?

. Vai iniciar as actuacións precisas para tomar a xestión pública do Servizo de Gardacostas de Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 10:55:09

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 10:55:14





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 28/09/2023 10:55:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonso, Noa Presas Bergantiños e Daniel Pérez López, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as conexións de nova potencia eólica aos nós de transición xusta da Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A defensa e a demanda da capacidade íntegra resultante dos peches das Centrais Térmicas dos nós cualificados como de Transición Xusta galegos de Meirama (550 MW) e As Pontes (1400 MW), tense manifestado de xeito unánime neste Parlamento, como o evidencia, por exemplo, o acordo da Comisión 6ª do 22 de decembro de 2022.

Porén, non é menos certo que, quer dende o goberno do Estado quer dende a Xunta, estanse a desenvolver actuacións que resultan contraditorias coa posición meritada con anterioridade, nomeadamente na tramitación, dentro das competencias de cada ámbito de goberno, dos proxectos eólicos que están a ocupar capacidade dos nós de Transición Xusta galegos, sen pasar por concurso algún como se demanda, de xeito unánime, neste Parlamento.

O goberno do Estado está a facelo incumprindo a súa obriga, adquirida por el mesmo de xeito voluntario, e negando a posibilidade do Concurso de Transición Xusta nos nós de acceso e conexión galegos, proceso con garantías de implantación de proxectos industriais e de desenvolvemento socioeconómico alternativos, logo de telos cualificado, tamén por el mesmo e de xeito voluntario, como a “fortaleza” e a “oportunidade” para as comarcas afectadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E o goberno galego está a ser o colaborador necesario ao reconverter proxectos eólicos informados, nun inicio, de xeito desfavorable por estar fóra das Áreas de Desenvolvemento Eólico, en “iniciativas empresariais prioritarias” mediante modificacións lexislativas feitas a medida.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

. Cantos proxectos de parques eólicos ten informado de xeito favorable, ou aprobada/autorizada a súa tramitación, a Xunta de Galiza en aplicación do artigo 42.2 da lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais na Galiza? Cal é a súa relación nominal, sinalando o no-me, capacidade ou potencia, e empresa promotora?

. Cantos dos anteriores se xustifican na aplicación do artigo 42.2d) da lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais na Galiza? Cal é a súa relación nominal, sinalando o nome, capacidade ou potencia, empresa promotora, e características (enerxía en MWh, prezo euros/MWh, prazo temporal en anos, e empresa compradora) do acordo di-recto de compravenda de enerxía a longo prazo e a prezo competitivo cunha empresa con centro de traballo con actividade industrial na Galiza?

. Cantos e cales dos anteriores teñen como punto de acceso e conexión o nó de Transición Xusta As Pontes 400 kV? E o de Meirama 220 kV?

. Considerou a Xunta no momento de informar ou autorizar/aprobar os anteditos parques eólicos a característica do nó de Transición Xusta dos puntos de acceso e conexión? E de ser o caso, como foi que o tivo en conta?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**

Noa Presas Bergantiños

Daniel Pérez López

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonso na data 28/09/2023 12:02:44

Noa Presas Bergantiños na data 28/09/2023 12:02:56

Daniel Pérez López na data 28/09/2023 12:03:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a deficiencia de atención pediátrica no concello de Valga.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O sistema público de saúde é un ben esencial que todas e todos debemos coidar. Non obstante, os recortes orzamentarios e de persoal que a Xunta de Galiza implementou nos últimos 14 anos deixaron ao descuberto moitas das situacións de precariedade na que os profesionais teñen que desenvolver o seu traballo, e que redundan nun empeoramento claro da atención sanitaria ás nosas veciñas e veciños.

Familias usuarias de pediatría denuncian que o SERGAS non está cubrindo na súa totalidade a baixa do servizo de pediatría do Centro de Saúde de Baño (Valga) desde comezos de verán, co que o servizo de atención de pediatría pasou de ser realizado por un especialista a tempo completo (agora mesmo de baixa) a un a tempo parcial (dúas mañás á semana). Consecuencia desta falta de planificación por parte da Xunta de Galiza e a ausencia de alternativas, as familias ven reducido o número de horas na atención pediátrica en Valga.

Non se debe aceptar como algo normal que non se cubran as baixas no servizo de pediatría, xa que se trata dun servizo fundamental para a boa saúde infancia. Ademais, calquera recorte en materia de servizos nos concellos rurais e menos poboados traballa na dirección do declive demográfico, da falta de expectativas e da concentración da poboación nos grandes centros urbanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante deste recorte da asistencia pediátrica, a corporación municipal de Valga aprobou de xeito unánime, o pasado 26 de setembro, unha moción presentada polo BNG na que se demanda á Xunta

- o restablecemento a tempo completo da consulta de pediatría no Centro de Saúde de Baño, cubrindo a baixa a tempo completo.

- que fortaleza o servizo público de saúde, coa contratación de máis persoal sanitario na atención primaria.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Considera a Xunta que a cobertura de atención pediátrica da poboación infantil do concello de Valga é axeitada?

Que medidas ten previsto aprobar a Xunta para resolver a deficiencia de atención pediátrica no concello de Valga?

Cre o goberno galego que o recorte de servizos básicos contribúe a reter e atraer poboación ao rural e aos concellos menos poboados?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Iria Carreira Pazos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Montserrat Prado Cores
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 28/09/2023 13:53:10

Iria Carreira Pazos na data 28/09/2023 13:53:13

María Montserrat Prado Cores na data 28/09/2023 13:53:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª**, relativa á solicitude da retirada dos POEM aprobados polo Goberno do estado, en coherencia co informe do Tribunal de Contas europeo sobre enerxía renovábel mariña na UE.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 5 de xullo, o Tribunal de Contas Europeo aprobaba en Luxemburgo o Informe Especial sobre Enerxía Renovábel Mariña na UE, no que examina se a Comisión Europea e os Estados membros promoveron o desenvolvemento sostíbel da enerxía renovábel mariña.

As súas Conclusións e Recomendacións din, resumidamente, que

. “As accións, tanto da CE como dos Estados membros, serviron de apoio a esta enerxía, mais aínda supón un reto garantir a súa sostibilidade social e medioambiental”.

. “A ordenación do espazo marítimo facilitou a asignación do espazo marítimo, mais non resolveu os conflitos derivados da súa explotación”.

. “As repercusións socioeconómicas do desenvolvemento das renovábeis mariñas non se estudaron con suficiente profundidade, e aínda teñen que recoñecerse numerosos aspectos medioambientais”.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Informe fiscaliza, entre outros, o caso do Estado español e, en canto á pesca, advirte de que o despregue da eólica mariña implicará unha redución progresiva do acceso a zonas de pesca. E, no tocante ao emprego, recolle que “existe o risco de que se perdan postos de traballo no sector pesqueiro”, nun marco no que “hai poucos estudos sobre as implicacións socioeconómicas do desenvolvemento” desas tecnoloxías.

En moitos aspectos, o Informe corrobora en grande medida o que vén afirmando o sector pesqueiro galego ao longo dos últimos anos, nomeadamente dende a aprobación dos POEM. E tamén coincide con distintos puntos abordados no informe realizado polo Observatorio do Litoral da Universidade da Coruña que serviu de apoio á impugnación do Real Decreto 150/2023, de aprobación dos POEM, posta en marcha recentemente pola Plataforma en Defensa da Pesca e dos Ecosistemas Mariños e xa admitida a trámite polo Tribunal Superior.

En ambos os dous casos evidénciase que os principios de cautela e precaución respecto da preservación dos ecosistemas mariños non se tiveron en conta ou que, por exemplo, non se analizaron os impactos ambientais, sociais e de sostibilidade que esixe a legalidade vixente.

Neste mesmo sentido, este Grupo Parlamentar solicitara tamén o apoio dos Grupos da Cámara galega a unha Proposición non de Lei debatida no Pleno do pasado 11 de abril. Nela, instabamos a que se demandase do Goberno español “a retirada dos POEM aprobados polo Consello de Ministros do 28 de febreiro”.

Precisamente, argumentabamos daquela que a aprobación dos POEM “levouse a cabo sen a información das consecuencias que a instalación de parques eólicos mariños pode ter sobre a biodiversidade e os ecosistemas mariños e sen ter en conta a afectación que supoñerán para o sector pesqueiro galego ...”. Lamentabelmente, o voto en contra





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dos Grupos Parlamentares Popular e Socialista, impediron que a nosa proposta fose aprobada.

Hoxe, o Informe do Tribunal de Contas Europeo, avala unha revisión daquel posicionamento e dá aínda maior valor á petición unánime do sector pesqueiro galego sobre a retirada dos POEM.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª :

. Que valoración fai o Goberno galego do Informe Especial do Tribunal de Contas Europeo sobre Enerxía Renovábel Mariña na UE?

. Considera que, á vista do mesmo, as demandas do sector pesqueiro galego nos últimos anos adquiren aínda maior valor e deben ser atendidas?

. Cre que agora, e en cumprimento do mencionado Informe, o Goberno español debe tomar en consideración a reivindicación do sector pesqueiro galego e retirar os POEM?

. Vai o Goberno galego a ter en conta esa petición do sector e demandar ao Goberno do Estado que retire os POEM?

. Cre que tanto o Goberno do Estado como o da propia Xunta deben reformular a súa política enerxética e a implantación de enerxías renovábeis mariñas priorizando a preservación dos ecosistemas, o emprego e a defensa da actividade e do sector pesqueiro?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 28/09/2023 15:41:29

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 15:41:33

Daniel Castro García na data 28/09/2023 15:41:41



Á MESA DO PARLAMENTO

Pablo Arangüena Fernández e Paloma Castro Rey, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral na Comisión 2ª**.

O 11 de maio de 2023 o Congreso dos Deputados aprobou a ratificación do acordo de Londres do 4 de decembro de 1991 sobre a conservación das poboacións de morcegos en Europa (EUROBATS), co voto favorable de todas as formacións políticas menos VOX, que se abstivo. Outros 37 países europeos ratificaron ese acordo ao longo dos últimos 30 anos, sendo por tanto o noso país un dos últimos que quedaban por facelo, ademais de Rusia, Bielorrusia, Turquía e Grecia.

A importancia ecolóxica dos morcegos (quirópteros) é enorme como enormes son os servizos ecosistémicos que prestan estes mamíferos, ata o punto de que hai estudos que consideran que os morcegos insectívoros implican un aforro en insecticidas de 165 euros por hectárea cultivada, dado que poden inxerir o seu peso en insectos cada noite e funcionan como controladores naturais de moitas pragas.

Das máis de vinte especies de quirópteros identificadas en Galicia nove están no Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia, consideradas en situación vulnerable, pero ningunha delas ten plan de conservación como establece a lei, ademais de que o catálogo leva moito tempo sen actualizarse. Ademais, hai que ter en conta que as dúas fontes principais de identificación e catalogación de morcegos en Galicia para a elaboración do catálogo foron o "Inventario dos morcegos de Galicia" publicado en 1988 e o "Atlas de Vertebrados de Galicia" de 1995, nos que se citan dezaseis especies máis ou menos presentes no noso país, o que dá idea da deficiente –por desactualizada– consideración do nivel de risco que padecen as distintas especies, sobre todo considerando que no catálogo español case o 40 % das especies de mamíferos ameazadas son quirópteros. E das 8 obrigas concretas que recolle o acordo EUROBATS no seu artigo III, en Galicia incúmrense a gran maioría.

Por outra banda, un recente estudo científico liderado pola Estación Biolóxica de Doñana, centro de investigación do CSIC, coa participación das universidades de Lund (Suecia) e Sevilla advirte dun impacto "devastador" dos parques eólicos sobre os morcegos en Cádiz e, posiblemente, noutras áreas de España, despois de analizar os de mortalidade de morcegos recollidos entre 2005 y 2016 en parques eólicos da provincia andaluza, concluíndo que cada



aeroxerador mata 41 morcegos cada ano, un impacto moi elevado tendo en conta, que a taxa de reprodución destes animais e moi baixa.

Por todo o antedito, interesa coñecer a contestación ás seguintes preguntas:

1. É consciente o Goberno de Galicia da enorme importancia das funcións ecolóxicas que cómpren os morcegos e da súa delicada situación en Galicia?
2. Ten o Goberno de Galicia algún informe actualizado sobre a situación das poboacións das distintas especies de morcegos en Galicia?
3. Ten o Goberno de Galicia información sobre o impacto dos parques eólicos sobre os morcegos en Galicia?
4. Existe en Galicia unha axeitada delimitación das zonas que deben ser protexidas para conservar as poboacións de morcegos?

Parlamento de Galicia, 27 de outubro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 28/09/2023 16:13:29

Paloma Castro Rey na data 28/09/2023 16:13:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmela González Iglesias, Daniel Pérez López e Ramón Fernández Alfonso, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a perda de postos de traballo en “Nueva Pescanova”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nueva Pescanova, herdeira da crebada Pescanova e que na actualidade é propiedade de Abanca, iniciou a principios de setembro un Expediente de Regulación de Emprego (ERE) que afectaría os servizos centrais situados nos Pescanova España, Novapesca Trading, Nueva Pescanova —as tres sociedades con sede en Chapela— e o centro de Pescanova España en Madrid . A empresa anunciou que o ERE, que se xustifica por causas económicas e organizativas, ía a afectar a case un centenar de persoas sen concretar a cifra nin as condicións de saída que ofrece ao persoal.

O pasado 26 de setembro constituíuse a mesa de negociación do ERE no que a empresa lle entregou a memoria explicativa ás persoas representantes do cadro de persoal e anunciou que son 82 os contratos de persoal técnico a extinguirse persoal técnico, e non afectaría ao persoal das liñas de produción.

O BNG xa mostrou a súa preocupación pola incerta situación de Nueva Pescanova este Parlamento o pasado mes de marzo ante o anuncio da intención de Abanca de desfacerse de parte da súa participación na empresa e baixar a súa participación por debaixo do 50%. Para isto iniciou un proceso de venda que pon en risco a permanencia da sede central na Galiza da que é a primeira pesqueira do Estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O anuncio dun acordo de exclusividade para negociar a compra do 80% das accións co holding canadense Cooke, afianza o temor da perda do capital de Nueva Pescanova no noso País.

As contas do primeiro semestre do ano da entidade que deron como resultado unhas perdas de de 53,4 millóns de euros, incrementan a preocupación polo futuro dunha das empresas mías importantes da Galiza.

Estes resultados económicos, así como o ERE que e está a negociar na actualidade, pode ser o inicio da perda de postos de traballo co único obxectivo de reducir custos, sanear contas e mellorar o posicionamento para unha posterior venda.

Por todo isto, é necesario adoptar as medidas e contactos necesarios para impedir a perda de postos de traballo, asegurar a continuidade da actividade empresarial e industrial da factoría e a permanencia da sede e do capital da empresa na Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª:

- Que valoración fai o Goberno Galego do anunciado ERE en Nueva Pescanova?
- Mantivo algún contacto o Goberno Galego coa dirección da empresa de cara a asegurar o mantemento da actividade empresarial, evitar despedimentos e garantir o futuro da factoría especialmente no caso das plantas situadas en Galiza?
- Que accións levou e está a levar acabo a Xunta de Galiza para que durante o proceso de venda de Nueva Pescanova se garantan os postos de traballo e a permanencia da sede e do capital desta empresa na Galiza?

Santiago de Compostela, 28 de setembro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Ramón Fernández Alfonzo

Deputada e deputados do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 28/09/2023 16:36:17

Daniel Pérez López na data 28/09/2023 16:36:22

Ramón Fernández Alfonzo na data 28/09/2023 16:36:31





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

